

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezaioito, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, incorporouse á sesión cando se trataba o punto segundo da orde do día e estivo ausente na votación do punto 5º

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2018.-**

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de xuño de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 29 de xuño de 2018 é aprobada por unanimidade.

### **2º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS N.º 1/2018.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

A Sra. interventora expón o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Bo día a todas e a todos.

Ben, non estamos diante dun feito excepcional; dende o noso punto de vista este é o *modus operandi* desta institución: asumir compromisos para os que non existe crédito orzamentario e despois aprobalo por esta vía. Neste caso estamos a falar de algo máis de douscentos oitenta e dous mil euros.

Pensamos, salvo erro ou rectificación, dende o noso punto de vista, que é hai algunha das facturas que non cumpre a base 35ª das bases de execución do Orzamento; xa que non consta a conformidade expresa do xefe do servizo. Falamos en concreto da factura do 22/12/2017 que é unha certificación liquidación da obra: mellora de mananciais construción de depósito regulador principal e afirmado de camiño das instalacións de abastecemento en Lamas, Cualedro, dun importe de 59.589€. Foi rexistrada o 22/12/2017, como digo, e aprobada a certificación fóra de prazo, o 12/3.

Tamén a factura do 30/11/2017 de valoración dos traballos realizados na obra pavimentación nos núcleos de Trabazos-Forzavales, de Construciones Almacenes Manuel Viso e hijo, que tamén é un importe duns cincuenta e catro mil e pico euros que foi aprobada tamén nesa data e a certificación fóra de prazo, o 23/4.

Tamén a factura de estudo da realidade socioeconómica da provincia de Ourense de decembro de 2017, de Idial Comunicación, 1.764€ rexistrada o 3/1/2018 e conformada fóra de prazo, o 12/4. Por certo, aproveitamos para pedirlle se nos pode dar traslado deste estudo en concreto.

Tamén nos chama a atención a factura de Autocares Meijide, S.L. de celebración do encontro de empresarios: Ourense delegación asiática por un importe de 1.700€ conformada polo responsable de servizo fóra de prazo o 12/4/2018.

Tamén, anecdoticamente comentar que xa pomos anuncios ata en *Libertad Digital*, 833€; ese xornal que se sitúa á dereita da dereita e que vostede, ao mellor nun exercicio visionario xa se foi posicionando; porque aínda que nos vendeu que ía votar a Soraya, ao

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

final gañou o sector ultra do seu partido, entón ao mellor tamén nun *ejercicio* de previsión xa se vai situando no novo escenario.

E tamén e aínda que xa o vicepresidente segundo nos deu algunha explicación na comisión de Facenda, hai unha factura por importe de 21.572€ para un *curso de especialización en técnicas de bienestar: hidrotermal, balneario* a Lito Seoane Peluqueros que se desenvolve nos centros da Fundación San Rosendo que tamén merecía algunha explicación e que tamén nos chamaba a atención.

Nós, dedúcese de todo o explicado que vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do Socialista:** moi bos días, tamén saúdos a todo o mundo. Para non reiterarme xa no dito na intervención precedente doutro compañeiro dun grupo político, dicir que nós imos votar en contra e, pese a ser esta unha das posibilidades contempladas na normativa para recoñecer aquelas facturas que non son abonadas conforme ao orzamento do ano natural. Nós, por esas dúbidas nesas facturas, imos votar tamén en contra.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos están a seguir, ben directamente ou a través da web desta Deputación.

Pois ben, simplemente por clarexar o tema, porque parece que interesa deixar dúbidas do que legalmente está previsto e, polo tanto, o que realmente facemos. Ben, como claramente se di na proposta da Presidencia, mediante un informe do 10 de xuño de 2018 da Intervención desta Deputación Provincial púxose de manifesto unha relación de facturas por importe, como se dixo aquí, dun pouco máis de 282.000€ conformadas –e fago fincapé nisto- conformadas polos responsables dos servizos correspondentes e que corresponden a obrigacións pendentes contraídas por esta Deputación Provincial que, debido a que foron tramitadas de modo extemporáneo -señor Rodríguez Suárez, non hai máis nada ca iso, tramitadas de modo extemporáneo- non puideron imputarse no exercicio que lles correspondía. No propio informe, ao que me refiro da intervención, sinálase á posibilidade de proceder á aprobación de ditas factura e á súa aplicación no orzamento vixente, mediante acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos que constitúe unha atribución do Pleno; por iso o traemos aquí.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

En consecuencia, o que propomos a este Pleno é a súa aprobación e concrétese simplemente en autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente do 2018 da relación de facturas que vostedes teñen á súa disposición. Trátase, por concretar un pouco máis de 132 facturas polo importe ao que me referín conformadas, repito, polos responsables dos distintos departamentos e que se corresponden con obrigas contraídas por esta Deputación. Debe quedar moi claro, para non confundir aos cidadáns e non confundirnos a nós mesmos (que ás veces parece que tamén nos queremos confundir nós mesmos), estas facturas están pendentes de pago debido a que foron tramitadas fóra de tempo e non puideron imputarse ao exercicio que lle correspondía, neste caso do ano 2017; é dicir, tramitáronse fóra do prazo establecido pola lei que marca ata o 31 de xaneiro do ano seguinte, nin máis nin menos señor Rodríguez Suárez. Na meirande parte dos casos falamos de facturas rexistradas fóra de prazo, se ben, como dixen, conformadas; pero tamén que obrigaron, algunhas delas, que obrigaron a solicitar a emisión dunha segunda factura dilatando os prazos ata quedar fóra do límite máximo. Tamén, nin máis nin menos habilidade.

Non *olvidemos* pois que estamos ante un procedemento perfectamente recollido na lexislación, como moi ben documenta a señora interventora no seu informe. Como vostedes teñen toda a documentación relativa a este punto, poderán comprobar que o Real decreto 500 do ano 90, do 20 de abril, establece no seu artigo 60.2 a posibilidade de recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores que por calquera causa, que por calquera causa, non foron imputadas no exercicio natural que lles correspondería. O Real Decreto xa citado, atribúe precisamente ao Pleno, por iso o traemos aquí, o recoñecemento das obrigas mediante a asignación puntual e específica ao orzamento vixente; é dicir ao do presente exercicio 2018, desas obrigas pendentes do exercicio, repito, unicamente do ano 2017.

Polo tanto, queda suficientemente claro que, previo recoñecemento deste Pleno, poderá imputarse esta relación de facturas pendentes de pago ao orzamento en vigor tal e como consta na proposta da Presidencia e, repito unha vez máis, no informe da señora interventora. E, para non cansalos máis, non é certo señor Rodríguez Suárez que non existira crédito; creo que lle quedou suficientemente explicado. E as explicacións do contido das facturas, dalgunhas delas, volve vostede a reincidir, xa deu completa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

explicación o presidente da comisión de Transparencia na comisión informativa correspondente; pero dá a impresión que o que interesa non é saber de que vai a factura, o que interesa é facer barullo. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2018, das seguintes facturas:

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
45312/22111	Distribuciones Salrubber, S.L.	Factura 60-7671020 do 31/10/2017, cub 385/65R22.5 160K KMAX 3PSF goodyear nfu d equilibrado camión.	1.094,52 €	Rexistrada fora de prazo (11/05/2018)
45312/22111	Distribuciones Salrubber, S.L.	Factura 60-767288 do 15/11/2017, pinchazo pneumático turismo	12,10 €	Rexistrada fora de prazo (11/05/2018)
45312/20400	Trafalgar Finance, S.L.	Factura FTR-894/17 do 30/11/2017, servizo de renting de vehículos do parque móbil	1.424,06 €	Rexistrada fora de prazo o 28/02/2018
201745312/20400	Trafalgar Finance, S.L.	Factura FTR-967/17 do 31/12/2017, servizo de renting de vehículos do parque móbil	1.424,06 €	Rexistrada fora de prazo o 28/02/2018
45311/61903	Verín de hormigones, S.L.	Factura FV1701294 do 31/12/2017, formigón 150/25	196,63 €	Rexistrada fora de prazo o 02/02/2018. Ten unha reserva do 2017 (RC 12017000002659) pero non se adxudicou
45311/61903	Verín de hormigones, S.L.	Factura FV1701293 do 31/01/2017, HM20/25.	1.335,84 €	Rexistrada fora de prazo o 02/02/2018. Ten unha reserva do 2017 (RC 12017000002659)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
				pero non se adxudicou.
45311/61903	Verín de hormigones, S.L.	Factura FV1701217 do 30/11/2017, formigón 20/25	658,24 €	Rexistrada fora de prazo o 02/02/2018. Ten unha reserva do 2017 (RC 12017000050034) pero non se adxudicou.
45012/76201	Excave 2000, S.L.	Factura A-171 do 29/12/2017, certificación liquidación da obra 95/16/2017, Mellora captación en Monteveloso.	8.403,35 €	Rexistrada o 19/01/2018. Aprobada a certificación fora de prazo o 22/02/2018
92016/21400	Cuidasa, S.A.	Factura FV-2, do 30/09/2017, correa T150/510-20	29,04 €	Rexistrada o 15/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 04/07/2018.
201745311/61903	Ferralla Mariñamansa, S..L.	Factura 1/2017/920 do 15/11/2017, 30 tubos AR SBB	3.446,69 €	Rexistrada o 15/11/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 01/02/2018. Ten decreto de autorización do gasto e adxudicación do 27/10/2017.
201745311/22199	Ferralla Mariñamansa, S..L.	Factura 1/2017/1088 do 29/12/2017, ferro elaborado en barras	395,82 €	Rexistrada o 29/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 01/02/2018
45311/22199	Repsol, lubricantes y especialidades, S.A.	Factura 0023905019 do 31/12/2017, suministro de ligante C65B2 TRG para a Insua dos poetas	3.476,09 €	Rexistrada o 03/01/2018. Conformada polo órgano responsable do servizo fora de prazo o 01/02/2018. Ten decreto de autorización do gasto e adxudicación asinado o 20/09/2017.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
45311/22199	Juan Benito Gómez Gómez	Factura 168 do 26/12/2017, viaxes de cachotes por traballos realizados de colocación en muro de contención.	4.525,40 €	Rexistrada o 26/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 06/04/2018. Ten decreto de recoñecemento da obriga asinado o 12/04/2018.
45012/76201	Explotacións medioambientais, S.L.U.	Factura 2017_FACTURA-111 do 22/12/2017, certificación liquidación da obra "Mellora de manantiais, construción de depósito regulador principal e afirmado en camiño ás instalacións de abastecemento en Lamas (Cualedro)	59.589,27 €	Rexistrada o 22/12/2017. Aprobada a certificación fora de prazo o 12/03/2018
92011/21300	Cafeteras Auromar, S.L.	Factura VF70000-763 do 22/12/2017, reparación de avería en caldeira nº 1 (Ourense)	124,63 €	Rexistrada o 22/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 06/07/2018
2017 45311/22198	Ibérica de sales, S.A.	Factura 2017-1-17007059 do 12/12/2017, sal gema F-6 (granel)	10.047,48 €	Rexistrada o 12/12/2017. Conformada polo órgano responsable do servizo fora de prazo 06/02/2018. Ten decreto de autorización do gasto e adxudicación asinado o 01/12/2017.
92011/21300	Cafeteras Auromar, S.L.	Factura VF70000-748 do 18/12/2017, fan coils techo oficina intervención e oficina fotografía da Deputación	438,07 €	Rexistrada o 22/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 06/07/2018
92011/21300	Cafeteras Auromar, S.L.	Factura VF70000-738 do 12/12/2017, purgar radiadores, bombas secundarias en marcha	578,38 €	Rexistrada o 22/12/2017. Conformada polo responsable do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
		na Deputación		servizo fora de prazo o 06/07/2018
16611/65001	Construcciones y almacenes Manuel Viso e hijos, S.L.	Factura FE7-120 do 30/11/2017, valoración dos traballos realizados na obra "pavimentación nos núcleos de Trabazos, Rozavales (45/POS/2017)	54.999,87 €	Rexistrada o 30/11/2017. Aprobada certificación fora de prazo o 23/04/2018
16611/65002	Consultoría Inrupre, S.L.	Factura 211-2017 do 30/11/2017, honorarios obra do concello de Manzaneda.	2.000,00 €	Rexistrada o 30/11/2017. Asinado o decreto de recoñecemento da obriga fora de prazo o 23/04/2018
45311/61903	Verín de hormigones, S.L.	Factura FV1700025 do 31/01/2017, H-175/25	249,87 €	Rexistrada o 06/03/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 06/07/2018
91211/22602	Europa Press delegaciones, S.A.	Factura 1601/00012 do 27/01/2016, servizos subministrados durante o mes de decembro de 2015	833,22 €	Rexistrada fora de prazo o 18/06/2018
16201/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137025131222 do 21/12/2017, subministro de luz no punto limpo de Pereiro de Aguiar.	104,36 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024566080 do 14/12/2017, subministro de luz na nave de Vías e obras do Carballiño	16,32 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024551664 do 14/12/2017, subministro de luz na vivenda de Vías e obras do Carballiño	22,47 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024800811 do 17/12/2017, subministro de luz na nave de Vías e obras da Pobra de Trives	50,61 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
16201/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137021095899 do 27/10/2017, subministro subministro de luz en c/san Fernando (O Barco de Valdeorras).	11,70 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura RE17137000127772 do 17/10/2017, subministro de luz na vivenda de Vías e obras de Xinzo da Limia.	119,60 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
41914/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024566092 do 14/12/2017, subministro de luz na granxa de Monterrei.	13,65 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
41916/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137023988603 do 06/12/2017, subministro de luz na granxa de Armariz	177,81 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137007276703 do 16/04/2017, subministro de luz na vivenda de Vías e obras do Carballiño	37,18 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
41914/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137006969979 do 09/04/2017, subministro de luz na granxa de Monterrei	24,18 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
16112/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024159209 do 10/12/2017, subministro de luz no consorcio depuración (convenios)	16,07 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
16201/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137021225273 do 29/10/2017, subministro de luz na nave RSU da Peroxa	25,64 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137005154014 do 13/03/2017, subministro de luz na nave de Vías e obras do Carballiño	15,52 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
16112/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024004491 do 06/12/2017, subministro de luz no consorcio depuración (convenios)	98,77 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
16112/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137004931088 do 09/03/2017, subministro de luz no consorcio depuración (convenios)	24,78 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
33412/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137025183501 de 21/12/2017, subministro de luz na escola de danza	121,82 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137024180235 de 10/12/2017, subministro de luz na nave de Vías e obras de Verín.	14,23 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
16201/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137007277987 do 16/04/2017, subministro de luz no punto limpo da Pobra de Trives	297,65 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
16112/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137007006950 de 11/04/2017 de subministro de luz no consorcio (convenios)	559,37 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
16201/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137006067437 de 26/03/2017 de subministro de luz na nave RSU da Peroxa	45,94 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137005129158 de 13/03/2017, de subministro de luz na vivenda de Vías e obras do Carballiño.	33,05 €	Rexistrada fora de prazo o 09/05/2018
45313/22111	Taller mecánico Craf, S.A.	Factura EMIT-0224266 de 31/07/2017, reparacións varias.	27,83 €	Rexistrada fora de prazo o 06/04/2018
45313/22111	Inturasa Pérez Rumbao, S.A.	Factura GO1702316 de 04/11/2017, diagnose edc/motor + dm inxectores	1.457,12 €	Rexistrada fora de prazo o 15/03/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
91211/22400	FIATC, mútua de seguros y reaseguros, A.P.F.	Factura APS-000013590 de 21/12/2017, prima R. maquinaria desde 20-12-2017 hasta 07/01/2018.	777,62 €	Registrada fora de prazo o 22/03/2018
91211/22601	Sdad Amigos banda de música de Celanova	Factura Nº06/2017 de 11/12/2017, banda de música infantil	960,00 €	Registrada fora de prazo o 20/03/2018
45313/22111	Inturasa Pérez Rumbao, S.A.	Factura GO1702458 de 23/11/2017, revisión periódica de tacógrafo, precinto e varios.	125,53 €	Registrada fora de prazo o 15/03/2018
45313/22111	Inturasa Pérez Rumbao, S.A.	Factura GO1701836 de 01/09/2017, comprobar freos, d/m de centros traseiros e outros.	246,02 €	Registrada fora de prazo o 15/03/2018
45313/22111	Autoinyección Alba, S.L.	Factura 4 de 11/01/2017, tobera, muelle, platos intermedios	503,64 €	Registrada fora de prazo o 02/03/2018
91211/22602	Libertad digital, S.A.	Factura FV.R-172230 de 30/11/2017, cuñas e entrevistas	833,34 €	Registrada fora de prazo o 26/02/2018. Ten decreto de autorización do gasto asinado o 02/01/2017.
45313/22111	Autoeléctrico comunicaciones, S.L.	Factura OT-1700305 de 18/09/2017, xogo de 3 adaptadores/válvula, manguera azul 1/4.	139,76 €	Registrada fora de prazo o 22/02/2018
92011/22201	A cen logística, S.L.	Factura N 2017/001700 de 31/10/2017,envíos postais	483,39 €	Registrada fora de prazo o 21/02/2018
45012/22601	Benito López Alonso	Factura 135 de 28/07/2017, pastor solar, placa solar, poste de fibra, alambre e tolva de pienso para tenreiros para o concello de Cualedro	2.991,30 €	Registrada fora de prazo o 12/02/2018
45313/22111	Taller mecánico Craf, S.A.	Factura EMIT-224056 de 31/05/2017, reparacións varias	179,14 €	Registrada fora de prazo o 09/02/2018
45313/22111	Taller mecánico Craf, S.A.	Factura EMIT-224265 do 31/07/2017, redución 6-4	4,91 €	Registrada fora de prazo o 09/02/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
45313/22111	Cuña color, S.L.	Factura A/677 do 13/10/2017, muntigrip, plástico con cinto e outros	304,12 €	Rexistrada fora de prazo o 08/02/2018
45313/22111	Cuña color, S.L.	Factura A/655 do 29/09/2017, esmalte sintético	342,04 €	Rexistrada fora de prazo o 08/02/2018
16235/22111	Ecopacholo, S.L. Ecopach Servicios Logísticos	Factura T2017/000021 do 31/12/2017, parchar cuberta 985/70R19.5	21,78 €	Rexistrada fora de prazo o 01/02/2018
16235/22111	Ecopacholo, S.L. Ecopach Servicios Logísticos	Factura T2017/000008 do 31/12/2017, cuberta michelín e cuberta 285/70X19,5	1.210,00 €	Rexistrada fora de prazo o 01/02/2018
41916/22101	S.A. de gestión de servicios y conservación	Factura 1703106892 do 29/12/2017, auga Armariz	17,50 €	Rexistrada fora de prazo o 01/02/2018
32411/21400	Luis Aragonés y cía., S.L.	Factura T51700158, do 07/03/2017, reparación avaría no testigo de freos	152,46 €	Rexistrada o 26/01/2018. Confirmada polo responsable do servizo fora de prazo o 15/02/2018.
91213/22001	Wolters Kluwer España, S.A.	Factura 18-10060788 do 03/11/2017, contidos varios da páxina web da Deputación. Servizo a concellos	13.314,84 €	Rexistrada o 24/01/2018. Confirmada polo responsable do servizo fora de prazo o 19/02/2018
91213/22001	Wolters Kluwer España, S.A.	Factura 17-10066275 do 05/12/2017, contidos varios da páxina web da Deputación. Servizo a Deputación	16.820,21 €	Rexistrada o 24/01/2018. Confirmada polo responsable do servizo fora de prazo o 19/02/2018
16235/22111	Neumáticos El Barco, S.L.	Factura BC/478 do 30/12/2017, cub 265/70/17.5 renovadas	822,80 €	Rexistrada o 22/01/2018. Confirmada polo responsable do servizo fora de prazo o 10/04/2018
92001/22706	Irial comunicación, S.L.	Factura 48 do 31/12/2017, estudio da realidade socioeconómica da provincia de Ourense, decembro 2017	1.764,58 €	Rexistrada o 03/01/2018. Confirmada polo responsable do servizo fora de prazo o 12/04/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
91211/22602	Interdix Galicia, S.L.	Factura A/2017459 do 28/12/2017, banners publicidade	181,81 €	Rexistrada o 02/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/03/2018
91211/22601	Autocares Mejjide, S.L.	Factura 490/17 de 30/12/2017, celebración do encontro de empresarios:Ourense delegación asiática (EMBA).	1.700,00 €	Rexistrada o 19/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 12/04/2018
91211/22602	Libertad digital, S.A.	Factura FV.R-172506 de 31/12/2017, cuñas publicitarias	833,34 €	Rexistrada o 19/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 19/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3814 do 29/12/2017, cambiar piloto traseiro dereito, bombillas e outros	107,28 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3808 do 29/12/2017, desprazamento ao punto limpo de San Cibrao para reparar avaría eléctrica.	67,76 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3805 de 29/12/2017, revisar luces para a ITV.	158,24 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3759 do 27/12/2017, revisar fallo elevador, reparar pulsadores e outros.	318,13 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3751 do 27/12/2017, conectar man cast para borrar servizos.	432,43 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3725 de 22/12/2017, colocar bulón da grúa que estaba fora de sitio.	193,60 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3713 do 12/12/2017, revisar luces en xeral e cambiar pilotos.	397,62 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3704 de 20/12/2017, desmontar gardabarros dianteiros e traseiros, e outros	624,89 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018.
16235/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3683 do 20/12/2017, comprobar e analizar fuga de aire	3.519,42 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018. Ten reserva de crédito (RC C 12017000071096) de data 26/10/2017 e decreto de autorización do gasto desa mesma data.
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3676 do 12/12/2017, desprazamento a Xinzo da Limia para revisar avaría	591,45 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/21400	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FT117 3634 do 14/12/2017, revisar fallo na botoneira do lado dereito	58,67 €	Rexistrada o 18/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
45312/22103	Area de servizo de Trives, S.L.	Factura 033145/Y/17/000115 do 31/12/2017, gasóleo	2.157,64 €	Rexistrada o 05/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
				o 20/02/2018
45012/22601	Agustín Cabido Coello	Factura 8 do 15/12/2017, traballos de carpintería no centro social de Almoite.	2.000,00 €	Rexistrada o 15/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 20/02/2018.
92011/22103	Codisoil, S.A.	Factura 01-712527 do 16/12/2017, calefacción para a igrexa Sta. María Nai	365,00 €	Rexistrada o 12/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 18/04/2018
92011/22103	Codisoil, S.A.	Factura 01-712972 do 23/12/2017, calefacción para a igrexa Sta. María Nai	334,50 €	Rexistrada o 12/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 18/04/2018
92011/22103	Codisoil, S.A.	Factura 01-713333do 31/12/2017, calefacción para a igrexa Sta. María Nai	275,88 €	Rexistrada o 12/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 18/04/2018
33419/22609	Marta Fernández González	Factura 22/17 do 30/12/2017, espectáculo para bebé no Teatro principal	1.167,75 €	Rexistrada o 11/01/2018. Asíñase un primeiro decreto de recoñecemento da obriga o 16/01/2018 que resulta erróneo. Elabórase un segundo decreto, correcto, que se asina fora de prazo, o 23/02/2018
33419/22601	Euroinversiones aguas de SOUSAS, S.L. Unipersonal	Factura F17/0005910 de 31/12/2017, caixas de botellas de auga 0,5 PET	80,95 €	Rexistrada o 10/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 27/02/2018
33420/22609	Dog on wheels, S.L.	Factura 2017/A/3068 do 27/11/2017, actuación de MAREN LADSON nos premios da OURENSANÍA	605,00 €	Rexistrada o 04/01/2018, Conformada polo responsable do servizo fora de prazo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
				o 12/03/2018
33419/22609	Kachet loxística, S.A.	Factura 17-01139 o 31/12/2017, Evento SPIRIT OF NEW ORLEANS o 23/12/2017	2.115,44 €	Rexistrada o 03/01/2018. Conformada polo responsable do servizo o 30/01/2018 pero non se recoñece a obriga.
33419/20900	Sdad. General de autores y editores	Factura 0028699873 do 29/11/2017, recadación de dereitos de autor da representación de IDIOTA, de Jordi Casanovas o 30/09/2017	556,60 €	Rexistrada o 03/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 07/02/2018
33419/20900	Sdad. General de autores y editores	Factura 0028699877 do 29//11/20107, recadación de dereitos de autor da representación de ZENIT, LA REALIDAD A SU MEDIDA de Els Joglars o 21/10/2017	591,58 €	Rexistrada o 03/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 07/02/2018
33419/20900	Sdad. General de autores y editores	Factura 0028699874 do 29/11/2017, recadación de dereitos de autor da representación de YLLANA 25 o 08/10/20107	681,17 €	Rexistrada o 03/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 07/02/2018
33419/20900	Sdad. General de autores y editores	Factura 0028699878 do 29/11/2017, recadación de dereitos de autor da representación A CABEZA DO DRAGON, o 29/10/2017.	127,92 €	Rexistrada o 03/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 07/02/2018
33419/22730	Rentokil Initial España, S.A.	Factura 940-200447537 do 31/12/2017, UH signature blanca 22 1	393,80 €	Rexistrada o 02/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 27/02/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
33420/22612	Diego Iglesias Barrilero	Factura 03/2017 do 28/12/2017, limpeza e mellora das condicións de conservación do Broche de Baamorto. (exposición suevos)	695,40 €	Rexistrada o 02/01/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 08/02/2018.
91211/22601	Asociación xuvenil Amencer	Factura 12/2017 do 25/12/2017, prestación de servizos tempo de lecer a persoas maiores de 25 anos. Operación quilo.	100,00 €	Rexistrada o 28/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018.
33420/22612	Pilar Puerto Manouvriez	Factura 3/2017 do 11/12/2017, gastos desprazamento para supervisa-la desembalaxe e a montaxe da exposición IN TEMPORE SUEBORUM.	209,00 €	Rexistrada o 29/12/2017. Non se puido conformar porque non era correcta (faltaba o segundo apelido do terceiro). Xenérase unha segunda factura correcta o 17/01/2018, que se conforma fora de prazo o 20/02/2018.
91211/22706	Oscar Sánchez Feijóo	Factura 12/2017 de 29/12/2017, xestión e desenvolvemento das plataformas institucionais da Deputación durante o mes de decembro de 2017	1.590,00 €	Rexistrada o 29/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 19/02/2018
33419/20800	Vacaline, S.L.	Factura 17-265 do 28/12/2017, aluguer do backline para concerto de gospel no Teatro principal o 23/12/2017	1.141,51 €	Rexistrada o 29/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 07/02/2018
33419/20700	Viajes Puga, S.L.	Factura EMIT-4 do 27/12/2017, estancias no hotel Irixo , con motivo do concerto de gospel	678,00 €	Rexistrada o 30/01/2018 pero o decreto de recoñecemento da obriga asínase fora de prazo o 01/02/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
31311/22730	Rigel sistemas de seguridad, S.L.	Factura MPC117-314 do 22/12/2017, revisión trimestral do mantemento do sistema de detección e alarma de incendios.	507,20 €	Rexistrada o 22/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 12/02/2018
31311/22730	Rigel sistemas de seguridad, S.L.	Factura MPC117-313 do 22/12/2017, revisión trimestral do mantemento do sistema de detección e alarma de incendios.	435,60 €	Rexistrada o 22/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 12/02/2018
34211/22103	Grupo Antolín soluciones, S.L.	Factura 003001665 do 21/12/2017, pellets a granel 6 mm en plus A1	2.113,98 €	Rexistrada o 21/12/2017. Conformada o 23/01/2018 pero o decreto de recoñecemento da obriga asínase fora de prazo o 09/02/2018. Ten decreto de aprobación do expediente de subministración para o 2017, asinado o 20/09/2016
91211/22602	Aceroplus Ourense, S.L.	Factura A-1701969 do 20/12/2017, serigrafías fronte en cartón pluma-vinilo-mate-interior	1.046,89 €	Rexistrada o 20/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 22/02/2018
92001/22001	Fundación Democracia y gobierno local	Factura 2746 do 11/12/2017, QAP subscripción 2017, revistas 43, 44 e 45 máis o anuario do goberno local 2017	6.500,00 €	Rexistrada o 12/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 05/06/2018
92011/21300	FerreteríaEl Posío, S.L.	Factura V1CF-4932 do 07/12/2017, protector cantoneira	79,18 €	Rexistrada o 07/12/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 04/06/2018
41916/22103	Petrolimia, S.L.	Factura 16 41209 do 18/10/2016, agrodiesel	975,00 €	Rexistrada o 01/12/2017. Conformada polo responsable do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
				servizo o 20/12/2017
91213/21300	Rodríguez Lopez Auto, S.L.U.	Factura 17 / 1.644 do 27/11/2017, foco microled para coche de presidencia	241,71 €	Rexistrada o 30/11/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 04/06/2018
45012/22601	Sondeos Chanqueiro, S.L.	Factura EMIT-0112 do 24/10/2017, captación de auga en Pexeiros no concello de Os Blancos	1.960,20 €	Rexistrada o 28/11/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 16/02/2018.
91211/22601	Diego Alonso Alonso	Factura 1596 do 11/11/2017, almorzo completo e bicas no Casal de Armán	309,65 €	Conformada polo responsable do servizo o 28/12/2017 pero non se puido tramitar por falta de crédito na partida.
45312/21300	Basculantes y carrocerías Baycar, S.L.	Factura 170497 do 31/10/2017, cambiar tubo hidráulico grúa	81,11 €	Rexistrada o 17/11/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 20/02/2018
91211/22601	Viajes Piña, S.A.	Factura EMIT-205 do 15/11/2017, billetes de viaxes o día 11/11/2017	272,30 €	Conformada polo responsable do servizo o 28/12/2017 pero non se puido tramitar por falta de crédito na partida.
45312/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura FE17137019502891 do 05/10/2017, subministro de luz na vivenda de Vías e obras de Xinzo de Limia	18,79 €	Rexistrada o 09/11/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 31/05/2018
33411/62500	Pablo Martínez Míguez	Factura A17158 do 27/10/2017, repostos para a Real banda de gaitas	496,10 €	Rexistrada o 30/10/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo (20/02/2018)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
92011/21200	Antonio Iglesias García	Factura 0024/17 do 30/08/201, instalación de rego na fachada da capilla, salón de actos e entrada das antigas cuadras do Pazo de Vilamarín.	1.509,74 €	Rexistrada o 26/10/2017. Conformada polo responsable do servizo o 30/10/2017 pero non se recoñece a obriga.
45012/22601	Urbaser, S.A.	Factura 27541FACT170339 do 31/07/2017, servizo de baldeo mixto no concello de Xinzo da Limia no mes de xullo 2017.	8.064,85 €	Rexistrada o 02/10/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 27/02/2018. O decreto de autorización do gasto e adjudicación foi asinado o 03/07/2017.
91213/21400	Plataforma cial. de retail, SAU	Factura EMIT-24 do 12/04/2017, pezas recambios no coche de presidencia	129,13 €	Rexistrada o 19/09/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 04/06/2018
91213/21400	Plataforma cial. de retail, SAU	Factura EMIT-23 do 30/03/2017, reparacións no coche de presidencia	242,59 €	Rexistrada o 19/09/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 04/06/2018
45312/22103	Estaciones de servizo Pérez Rumbao, S.A.	Factura 170001545do 31/08/2017, combustible	110,83 €	Rexistrada o 06/09/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 04/06/2018
91211/22601	Cehosgainversiones y servicios, S.L.	Factura P 174808 do 24/08/2017, aloxamento os día 20, 21, 22 e 23 de Georgeta Dragoui	216,00 €	Rexistrada o 29/08/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 19/02/2018
45311/20700	Sanior Galicia	Factura 90 do 01/08/2017, sanitario portátil ecolóxico para a Insua dos poetas.	544,50 €	Rexistrada o 01/08/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 28/06/2018

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Aplicación orzament.</b>	<b>Acredor</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos</b>
92011/21200	Cafeteras Auromar, S.L.	Factura VF70000-422 do 24/07/2017, subministro e colocación de bandexas no salón de plenos	657,79 €	Rexistrada o 24/07/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo 04/06/2018
91211/22601	Estrategia y organización, S.A.	Factura CA-17-55 do 28/06/2017, servizo para presentación da candidatura á segunda convocatoria do programa de cooperación territorial europea	2.722,50 €	Rexistrada o 28/06/2018. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo 24/05/2018.
92011/21200	Antonio Iglesias García	Factura 017/17 do 20/06/2017, reparación de rego de xardín na entrada principal	2.644,31 €	Rexistrada o 23/06/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 06/07/2018.
92011/21200	Antonio Iglesias García	Factura 016/17 do 20/06/2017, facer zaxas xardín para instalacións de flusores, aspersores e mangueira de goteo no Pazo de Vilamarín	2.884,19 €	Rexistrada o 23/06/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo o 06/07/2018.
91211/22601	Viajes Piña, S.A.	Factura OA/000078/17 do 12/06/2017, billetes de avión do presidente da Deputación Santiago-Madrid-Bruselas.	307,94 €	Rexistrada o 13/06/2017. Conformada polo responsable do servizo fora de prazo 13/06/2018
16111/22100	Gas natural, S.U.R. SDG. S.A.	Factura 01160410135637 do 10/04/2016, subministro de luz do almacén de augas de A Rúa	80,31 €	Rexistrada o 08/02/2017. Conformada polo responsable do servizo o 02/01/2018
45313/22111	Densa neumáticos y lubricantes, S.L.	Factura A-2016/A/164230 do 30/09/2016, Cepsa euromax E7 15W-40 20L	225,35 €	Rexistrada o 17/10/2016. Conformada polo responsable do servizo o 28/06/2018
34211/21200	Gallega de acristalamentos, S.L.	Factura 10024 do 22/12/2017, metacrilato de 5 mm	121,00 €	Rexistrada o 02/01/2018. Conformada o 23/01/2018 pero non se recoñece a obriga.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Aplicación orzament.	Acredor	Concepto	Importe €	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45312/22111	Comercial de vehículos industriais TAR, S.L.	Factura FA117-1397 do 26/12/2017, cierre vehículo	27,85 €	Rexistrada o 02/01/2018. Conformada polo responsable do servizo o 19/01/2018. O decreto de recoñecemento da obriga foi asinado o 23/01/2018 pero non se puido face-la tramitación ordinaria por falla do sistema do programa que, estando a factura conformada, non modificou o estado de recibida.
34211/21200	Paradelo, S.A.	Factura 200.312198 do 30/11/2017, cesto multiusos basket colores, base enchufe, taco, varilla y otros	61,29 €	Rexistrada o 18/12/2017. Conformada polo responsable do servizo o 27/12/2017. Non se puido tramitar en prazo porque, por erro ao rexistra-la como factura de caixa fixa, non se detectou en prazo ordinario.
31331/20700	Lito seoane peluqueros, S.L.	Factura EMIT-1 do 29/05/2018, curso de especialización en técnicas de bienestar: hidrotermal, balneoterapia	21.572,05 €	Rexistrada o 29/05/2018. Conformada polo responsable do servizo o 15/06/2018. Esta factura preséntase ao recoñecemento extraxudicial 2018 porque o decreto de autorización do gasto foi asinado o 22 de xuño de 2017 e ten documento de reserva de crédito desa mesma data (RC 12017000035053) pero sin adxudicación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Aplicación orzament.	Acredor	Concepto	Importe €	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
			282.824,99 €	

### **3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 3/2018 DOS ORZAMENTOS DO INORDE.-**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Simplemente para anunciar que o noso voto vai a ser en contra, como vén sendo habitual neste tipo de expedientes de modificación de crédito e como foi, tamén no seu momento, cando debatemos os orzamentos, en concreto os orzamentos do INORDE. Nada máis. moitas grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** grazas presidente. Moi bo día distinguidas señoras e señores deputados e toda a xente que nos contempla, medios de comunicación.

Só para dicirlle ao señor Rodríguez Suárez... Eu faríalle unha pregunta, vamos, xa o explicou administrativamente a señora interventora, politicamente podería explicalo eu máis profundo; pero quería saber, só quería saber, se vostede coñece cal é o beneficio para a provincia e de que se trata -que se suplementan créditos- o proxecto *Limia Limia Cavado*, o proxecto *CrinMa* e o proxecto *Keep On*, que é a base da modificación de crédito do orzamento para estes proxectos. ¿Sabe do que se trata, para votar en contra? Porque senón terei que dicir que vostede está votando en contra de Ourense. Nada máis e moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourenzana (2), o Pleno adopta seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

<b>SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>		
<b>Partida</b>	<b>Expresión</b>	<b>Importe €</b>
42211/627.25	Proxecto CTC Limia Lima Cavado	16.250,00.-
42211/627.26	Proxecto PGI01996 CRinMA	5.437,50.-
42211/226.16	Actividades de turismo	15.936,43.-
<b>Suma suplementos de crédito</b>		<b>37.623,93.-</b>

<b>Concesión de créditos extraordinarios</b>		
<b>Partida</b>	<b>Expresión</b>	<b>Importe €</b>
42211/226.19	Actividades turísticas xeodestino n.º 12	43.500,00.-
42211/226.20	Actividades turísticas xeodestino n.º 10	24.000,00.-
42211/130.04	Retribucións básicas persoal fixo Proxecto KEEP ON.	1.097,98.-
42211/130.05	Retribucións complementarias persoal fixo Proxecto KEEP ON.	1.448,28.-
42211/160.02	Seguridade social Proxecto KEEP ON.	794,24.-
42211/221.99	Gastos diversos Proxecto KEEP ON.	501,08.-
42211/223.01	Viaxes e aloxamentos Proxecto KEEP ON.	165,00.-
42211/226.06	Gastos organización Proxecto KEEP ON.	870,00.-
42211/227.07	Gastos profesionais independentes Proxecto KEEP ON.	5.805,00.-
<b>Suma créditos extraordinarios</b>		<b>78.181,58.-</b>
<b>RESUMO</b>		
Suma suplementos de crédito		37.623,93 €
Suma concesión de créditos extraordinarios		78.181,58 €
<b>TOTAL</b>		<b>115.805,51 €</b>
<b>RECURSOS UTILIZADOS</b>		
<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>		<b>115.805,51 €</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177,2 do mesmo texto legal, o expediente seralle exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

#### **4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN N.º 3/2018 DAS BASES DE EXECUCIÓN E DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

O Sr. presidente anuncia que a Presidencia presentou unha emenda de data 24 de xullo de 2018, relativa a unha solicitude do alcalde do Concello de Maceda para modificar o obxecto da subvención nominativa.

A continuación a Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Como acaba de explicar a interventora, hai unha parte do expediente que trata dunha cuestión que é simplemente de procedemento; mais a outra parte do expediente consiste en algo co que estamos totalmente en contra e que ten que ver con esta práctica que se repite cada vez máis na que se solicita unha subvención, obtense esa subvención e posteriormente se cambia o obxecto da mesma unha vez concedida, o que altera, dende o noso punto de vista, e desvirtúa a razón pola que esta subvención se concedeu. Agás casos de erro material, entendemos que esta non pode converterse nunha práctica habitual. Vamos a votar tamén en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Moi brevemente para indicar, con respecto a esta modificación orzamentaria, que entendemos que hai que correr cos tempos e o das facturas de menos de 5.000€ que teñan tramitación electrónica, pois non deixa de ser iso, de correr cos tempos. Pero preocúpanos tamén para pequenas facturas e pequenos autónomos, os posibles problemas que poidan ter; por iso pedimos que estea especialmente neste proceso de adaptación que vaino ter que haber, que se estea especialmente coidadosos con iso.

Despois, polo demais, con respecto ao sentido do voto imos votar que non; entendendo que é normal que haxa modificacións orzamentarias e entendendo que se aproban os orzamentos en setembro do ano anterior, pois é normal, os orzamentos non deixan de ser unha previsión, que despois a realidade vai cambiando. Polo tanto, nós en contra da modificación *per se*, das modificacións *per se* non temos nada; agora ben, esta en concreto e as que levamos –esta é a terceira e as anteriores– non deixan de facer boa a crítica de nós lle fixemos á primeira modificación orzamentaria que era atrapallada, era sen

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

xeito e así se está vendo. É dicir, moitas das modificacións que vemos agora son modificacións da modificación, cambios de destinatario, cambios de obxecto... é isto non fai máis que reflectir a crítica que nós fixemos no seu momento; polo tanto, votaremos en contra. Moito máis sinxelo sería este trámite se se fixera, como lle temos pedido aquí máis veces, un plan único para todos os concellos, seguramente non habería tantas modificacións de erros de modificacións orzamentarias. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Moi brevemente, pero como ben avanzou a señora interventora e quedou suficientemente claro tamén na comisión especial de contas de Facenda e Economía, o que se trata no primeiro apartado desta proposta é a modificación das bases de execución que, simple e *llanamente*, vén a dicir que están obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos con independencia do seu importe. Os medios electrónicos dos que se dispón son os que son e, polo tanto, temos que avanzar nese camiño, como se dixo aquí, e aí estamos.

En segundo lugar, o apartado segundo do expediente...estamos sempre coa mesma *cantinel*a, vostedes teñen que dicir algo e, polo tanto din. As modificacións que se propoñen, e así se di na proposta da presidencia, son cualitativas por cambio de beneficiarios ou finalidade de subvencións xa aprobadas, xa aprobadas esas subvencións e, por suposto, sen afectar para nada ao importe das mesmas. E os que temos responsabilidades de goberno, aínda que sexan humildes, sabemos que isto é unha práctica habitual nos nosos concellos; pero parece ser que o que é habitual onde gobernemos, aquí deixa de selo e que me entenda quen me ten que entender.

Miren, por citalo brevemente, a cousa é tan grave como o seguinte. O Concello de Rubiá pídenos o cambio de finalidade dunha subvención de 48.000€. O de Ramirás pídenos tamén o cambio de beneficiario porque parece ser que houbo un erro á hora de presentar a proposta -estamos a falar de 12.000€- que pasa do Concello á Asociación de veciños San Paio de Pitos. O Concello da Veiga tamén nos pide un cambio de finalidade dunha subvención nominativa de 40.000€. O Concello de Xinzo de Limia, 6.000€, unha corrección de beneficiario que pasa tamén ao Bispoado dado que é a recuperación do reloxo da Torre de Ganade.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Logo, como xa se dixo aquí, hai unha serie de emendas que, en resumo, o que acabo de dicir e as emendas son cordos municipais e que se dirixen á nós. Cooperación total dende aquí e máximo respecto, máximo respecto á autonomía municipal que se nos enche a boca cando queremos e cando interesa por facer ruído; pois entón parece que renegamos desa autonomía municipal. Respectemos o goberno de cada concello e xa digo, ás propostas que nos fan aquí está a Deputación para colaborar e cooperar, *risiñas* a parte. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** (fragmento non audible) piden ao mellor algunha axuda que vai contemplada dunha modificación de créditos, tamén pode ser que despois perciba ingresos por outro lado e, lexitimamente, decida cambiar de obxecto e tal...; agora ben, iso enténdoo, o que non entendo é o contrario: *dáme algo para aquí para ir cubrindo que despois xa miramos se meto onde me pareza*. Espero que non nos pase como no caso da Gudiña e teñamos que ver, nalgún caso destes, unha terceira modificación do destino dunha pista polideportiva. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourenzana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar **inicialmente** a modificación das Bases de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2018, engadindo o que de seguido se transcribe:

**BASE 29 - Bis: TRAMITACION DA FACTURACION ELECTRONICA**

1.1.- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que teñan entregados entregado bens ou prestado servizos nesta Deputación nos termos que dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, *de impulso de la factura electrónica y creación del Registro contable de facturas en el Sector Publico*, e con independencia do importe de ditas facturas.

1.2.- As facturas electrónicas presentaranse a través da plataforma electrónica “*FACE-Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas*” da *Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, del Ministerio de Hacienda*, previsto na Lei 25/2013, de 27 de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

decembro, de *impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público* e na *Orden Ministerial HAP/1074/2014, de 24 de xuño por la que se regulan las condiciones técnicas y funcionales que debe reunir el Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas*, á que esta Deputación adheriuse por Decreto de Presidencia de data 18-11-2014.

1.3.- As facturas electrónicas, ademais de cumprir os requisitos esixidos na normativa sinalada, deberán indicar os códigos DIR3 de oficina contable, órgano xestor e unidade de tramitación responsable no ficheiro da factura. A relación de códigos das unidades administrativas habilitadas na Deputación de Ourense son:

**Deputación Provincial de Ourense**

**ÓRGANO XESTOR**

L02000032 – Deputación Provincial de Ourense

LA0007377 – Consorcio de Augas de Valdeorras

LA0009364 – Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento.

**UNIDADES TRAMITADORAS**

GE0003160 – Augas e medio ambiente

GE0003161 – Centros culturais

GE0003162 – Benestar

GE0003163 – Presidencia

GE0003164 - Facenda

GE0003159 – Administración Xeral

GE0003165 - Infraestruturas

GE0003167 – Organismo Autónomo Inorde

GE0014428 – Consorcio de Augas de Valdeorras

GE0014429 – Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento.

**OFICINA CONTABLE**

GE0003179 – Intervención

GE0003826 – Inorde

GE0014426 - Consorcio de Augas de Valdeorras

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

GE0014427 - Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento.

1.4.- Será competencia do presidente, mediante resolución, a creación, modificación e supresión das Unidades de Xestión Económica Orzamentaria do DIR3 e os órganos xestores, unidades tramitadoras e oficinas contables de FACE.

2º.- Aprobar as modificacións cualitativas por cambio de beneficiarios ou de finalidade de subvencións xa aprobadas, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Rubiá para a obra “Beirarrúas na rúa das Poulas” por importe de 48.000,00 euros. En base á comunicación telefónica do erro por parte do Concello de data 18 de xuño de 2018 propónse o **cambio de finalidade** de dita subvención “ **Obras de infraestruturas básicas no concello de Rubiá**” debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando da seguinte maneira.

- **450.12/ 762.02** “ A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial ”:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Rubiá	<b>Obras de infraestruturas básicas no concello de Rubiá</b>	48.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvencións convenios. Cooperación Provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Ramirás para a mellora do acondicionamento do local social da Asociación de veciños San Paio dos Pitos por importe de 12.000,00 €. En base á solicitude verbal do Alcalde do Concello de Ramirás de data 28 de xuño de 2018 , propónse o **cambio de beneficiario** de dita subvención a favor de “**Asociación de veciños San Paio dos Pitos**” debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 , quedando da seguinte maneira,

- **334.20/789.03** “ Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas”

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
---------------------	-------------------	----------------

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Asociación de veciños San Paio dos Pitos</b>	<b>Mellora do acondicionamento do local social da Asociación de veciños San Paio dos Pitos</b>	12.000,00 €
---	--	----------------

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de A Veiga para a obra “ Depósito de auga e arranxos en Baños” por importe de 40.000,00 euros. En base á solicitude do Concello de data 11 de xullo de 2018 propónse o **cambio de finalidade** de dita subvención “ **Recuperación de espazos degradados en Meixide e Edreira** ” .

- 450.12/ 762.01 “ A Concellos subvencións . Cooperación provincial ”:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de A Veiga	<b>Recuperación de espazos degradados en Meixide e Edreira</b>	40.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Xinzo de Limia por importe de 6.000,00 euros para “Reparación reloxo Torre de Ganade”. Propónse a **corrección do beneficiario** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando así da seguinte maneira:

- **336.11/ 789.03** “ Outras transferencias. Bispado de Ourense. Patrimonio histórico Artístico”:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
<b>Bispado de Ourense</b>	Reparación reloxo Torre de Ganade	6.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.16 “A Concellos. Transferencias correntes”, prevíase unha subvención ao Concello de Lobios para “Proba deportiva Peneda Gerés Trail Adventure” por importe de 20.000,00 euros.

Propónse a variación cualitativa de dita subvención nos seguintes termos,

- 450.12/462.16 “A Concellos. Transferencias correntes”

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
<b>Concello de Muiños</b>	Actividades deportivas na comarca do Xurés	4.000,00 €
<b>Concello de Bande</b>	Actividades deportivas na comarca do Xurés	4.000,00 €
<b>Concello de Lobeira</b>	Actividades deportivas na comarca do Xurés	4.000,00 €
<b>Concello de Entrimo</b>	Actividades deportivas na comarca do Xurés	4.000,00 €
<b>Concello de Lobios</b>	Actividades deportivas na comarca do Xurés	4.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 “A Concellos, Subvencións en especie. Cooperación provincial”, previáse unha subvención ao Concello de Maceda para “humanización rúa do Castelo” por importe de 48.000,00 €. En base ao oficio do alcalde do Concello de Maceda de data 18 de xullo de 2018 , proponse a modificación do importe anterior e a inclusión doutro investimento, pero este último como subvención nominativa, quedando da seguinte maneira,

- **334.20/789.03** “ Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas”

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Importe</b>
Concello de Maceda	Humanización rúa do Castelo	450.12/762.02 A concellos subvencións en especie. Cooperación provincial	28.000,00 €
Concello de Maceda	Área infantil no parque Francisco Carballo	450.12/762.03 A concellos, Maceda. Área infantil no parque Francisco Carballo. Cooperación provincial	20.000,00 €

3º.- Aprobar a concesión dun crédito extraordinario con cargo a aplicación orzamentaria 334.20/**226.15** “ Actividades Culturais Festival Internacional de Cine. Actividades culturais e recreativas” e que se financia coa baixa na aplicación orzamentaria 334.20/489.12 *non comprometida*, segundo e estipulado no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, co seguinte contido:

<b>BAIXAS POR ANULACION</b>		<b>CREDITOS EXTRAORDINARIOS</b>	
Aplicación	Importe	Aplicación	Importe
334.20/489.12 “Outras transf. Festival Internacional cine. Actividades culturais e recreativas”	50.000,00 €	334.20/226.15 “ Actividades Culturais Festival Internacional de Cine. Actividades culturais e recreativas”	50.000,00 €

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente probado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. Por todo o anteriormente exposto, propónse aprobar a presente modificación pola Corporación en Pleno.

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.-**

A Sra. interventora expón o contido da referida conta xeral correspondente ao exercicio 2017.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** simplemente para indicar que imos votar en contra, non por que teñamos nada, desde o punto de vista contable, das anotacións que se recollen na Conta Xeral que non fai máis que recoller os ingresos e os gastos ao longo do ano; pero si en coherencia, se votamos en contra do orzamento porque supón unha decisión política do que se gasta e do que non e, obviamente,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

esta conta recolle esas decisións políticas, en coherencia con iso votaremos que non tamén.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** brevemente, simplemente por aclarar e quen nos está escoitando teña claro o trámite que estamos a seguir. A conta xeral, como ben se apuntou aquí, inclúe a da propia Deputación, a do INORDE, a do Consorcio Provincial de Loita contra Incendios e a do Consorcio de Augas de Valdeorras. Pois ben, esta conta xeral destes catro organismos –a Deputación e os tres organismos restantes- foi ditaminada favorablemente no seu momento pola comisión especial de Contas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia, 15 días hábiles e 8 máis, e quero facer constancia que durante ese prazo non se presentou ningunha alegación, nin alegación á mesma -nin por particulares, nin por organismos, ni por ningún colectivo-; polo tanto, quede claro que iso é así.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2017 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

**Primeiro.- Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: .23.388.233,74 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 26.462.156,08€
- Balance de situación: 2.622.386.259,69 €
- Resultado económico patrimonial: -29.086.090,74 €

**Segundo: Conta Xeral do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 130.900,26 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 202.415,44 €

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

- Balance de situación: 17.387.605,86 €
- Resultado económico patrimonial: 19.954,33 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 895.696,28 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.373.062,56 €
- Balance de situación: 9.548.863,85€
- Resultado económico patrimonial:- 622.247,45 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: -205.763,58 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -535.267,97 €
- Balance de situación: 828.257,31 €
- Resultado económico patrimonial: -261.676,09 €

2º.- Proceder á rendición da conta xeral correspondente ao exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**6º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL Á ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS.-**

O Sr. vicesecretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Nós queríamos preguntar, ou se nos podían xa confirmar ou xa aclarar porque aparece publicado nos medios, apareceu unhas semanas atrás, que a Deputación adquiría o compromiso de achegar 20.000€ para o ano 2019 a esta Asociación, sen descartar outro tipo de colaboracións. Gustaríanos, entón, que nos aclarara se este é un compromiso xa adquirido firme, porque xa na comisión informativa aclaráronnos que, en cumprimento deses estatutos, había unha cota anual, que non sei se eran 200 ou 300 euros; pero a parte diso, gustaríanos que nos aclarara se este compromiso que apareceu anunciado hai unhas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

semanas é un compromiso firme e teñen vostedes a intención de achegarlle estes 20.000€ dos que se falaba. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, buenos días. Una de las cosas más absurdas y surrealistas que hizo esta Diputación es que, cuando se decidió asociar a la Asociación de Termalismo Europea (cuesta en torno a 3.000€ al año, el coste), se gastó 17.000€ en pedir un informe a ver si procedía adherirse a esa Asociación. Se gastó cinco veces más pidiendo un informe que lo que costaba. Entonces, nosotros la pregunta que hacemos aquí es, por favor, a la persona que vaya a intervenir del Partido Popular, si también se ha encargado una auditoría para saber si se tienen que adherir a esta Asociación de la Ruta del Vino de Valdeorras y a qué precio se ha hecho.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** bos días señores deputados. Ao señor Jácome igual lle contesto eu. Vamos a ver, Valdeorras existe, Valdeorras existe, o que hai é que crer en Ourense e crer en Valdeorras. Iso que di de a ver por que se lle dan 20.000€ a Valdeorras, no, ah, ¿se é interesante? Ao mellor para os valdeorreses non é interesante a maioría de subvencións que se lle dan aquí ao Concello de Ourense e calámonos; porque, en teoría, o Concello de Ourense non sei que ten que ver na Deputación, son concellos de menos de 20.000 habitantes.

Dende o Grupo Socialista, dende logo, vamos a votar que si e espero que tamén participe nas outras rutas do viño que hai, que tamén hai no Ribeiro, en Monterrei e non sei se na Ribeira Sacra. Nada máis.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** grazas presidente. Bos días, compañeiras, compañeiros. Bos días a toda a xente que nos segue hoxe aquí e a toda aquela que nos segue polos medios audiovisuais.

Si, voulle ir contestando. Primeiro explicar, moi brevemente a adhesión; xa pon no propio ditame o prezo. Non é cuestión de facer auditoría, senón é cuestión de ler simplemente. Aquí xa pon que a señora presidenta expón o contido da adhesión, terá un custe anual de 300€. Moi fácil, 300 euros, tal e como dicía Miguel, alcalde de Petín, que sempre ten a boa intención de iniciar todos os discursos con esa frase de *Valdeorras existe*, creo que podemos facer unha pancarta conxunta para que teñamos esas reivindicacións sempre. E, evidentemente, Valdeorras existe, e existe e a Deputación cre nela posto que así o manifesta con feitos tales como son os 50.000€ que lle damos ás catro denominacións de orixe (non só ás de Valdeorras,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

senón ás de toda a provincia), pero tamén con ASFAVAL, con AEVA colaboramos, cos concellos colaboramos e, polo tanto, non só temos un *slogan* que está ben dicilo, con máis ou menos entusiasmo, senón que o aprobamos, demostrámolo e certificámolo con feitos.

En canto á, evidentemente, á pregunta do señor Jácome da auditoría. Eu entendo a boa relación que ten con todos os auditores, sexan dalgún centro deportivo ou non, e imaxino que nos quererá *colar* o mesmo auditor para a Ruta do Viño. Non nos fai falta. En Valdeorras está todo perfectamente auditado e, evidentemente, o presidente da Ruta do Viño tan pronto nos pediu a colaboración, como non podería ser doutra maneira, esta Deputación colabora con quen llo pide e máis cun factor e cun sector estratéxico como é o do viño; no que cremos profundamente dende esta Casa. Nada máis, moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Simplemente, ao mellor non se me entendeu ben, nós preguntabamos por este anuncio porque, claro, como pasa habitualmente cos anuncios nos medios, unha cousa é anunciálo e outra é despois executalo realmente. Aclarando esa dúbida que parece que tiña o alcalde de Petín, nós estamos totalmente de acordo en que lle dean estes 20.000€, en que vaian para Valdeorras; o único que intentábamos era que ese compromiso acabara de ser un compromiso firme e quedara expresamente explicitado aquí hoxe. Dende logo, nós tamén vamos a votar a favor desta iniciativa. Nada máis. moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, debe ser que me estoy incorporando y no sé si me entendieron, o si se están incorporando ustedes. Vamos a ver, nosotros no entendemos esto. Creo que Miguel no me entendió, nosotros no criticamos para nada que se haga una inversión en Valdeorras porque creemos, obviamente, que hay que hacer un reparto equitativo en todos los concellos y para nada criticamos en gasto en Valdeorras. Está claro que no me entendió. Lo que nosotros dijimos es que cuando se hizo aquí una adhesión a las ciudades termales, o a los centros termales de toda Europa, que cuesta 3.000€ al año, se gastaron 17.000€ en una auditoría para saber si eso procedía. Es la cosa más surrealista que é visto en mi vida y, aunque es una cuantía en cierto modo pequeña para los despilfarros de la Diputación, demuestra cómo se gasta el dinero, un auténtico surrealismo. No hay más que ver, por ejemplo, los 300.000€ que se gastaron en unas jornadas con Estados Unidos, que no sirvieron para nada porque las exportaciones subieron menos que en Lugo, Pontevedra y Coruña y, sin embargo, hace poco, la Confederación de Empresarios de Orense

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

hizo unas mismas jornadas por 7.000€. 300.000 contra 7.000 ¿no? Pero claro, este señor, este fantasma lo que quiere es eso, pagarle a contactos para que luego venga Obama y decir: *hablé con Obama sobre el termalismo orensano* y sale haciendo esas ridiculeces. Ayer también salía, como sale aquí en *La Voz de Galicia* (*La Voz de Galicia* le baila el cola cao porque le está pagando 150.000€ al año; bueno, se llevan en torno a 200.000€ al año de subvenciones, entre la Diputación y el Concello de Orense) y aquí dice, por ejemplo, *Abana convertirá su sede en la finca Diputación en un centro de innovación* y dice Escotet, que es el que realmente nos robó, se puede decir, Abanca a los gallegos porque la llevó por cuatro duros, dice: *tenemos un compromiso para que Ourense siga en la senda del progreso*. ¿Qué senda del progreso, si Orense cada vez pierde población y sigue a la cola de España. ¿Qué senda del progreso? Vive totalmente sentado en la mentira, el heredero, sigue sentado en la mentira.

Respecto a eso, consideramos que es intolerable; o sea, se reía aquí el alcalde de A Veiga del tema este, pero tú no sé si lo recuerdas que os gastasteis 17.000€ en una auditoria - amigos aquí de José Manuel Baltar- para saber si procedía adherirse al tema del termalismo. Es decir, ¿por qué en algo que cuesta 3.000€, te gastas 17.000? es realmente un absurdo. Y lo que pregunto aquí es esto, para adherirse a esto que cuesta 300€ al año, lo que yo pregunto es ¿habéis gastado en un informe una cantidad similar? Es lo que te estoy preguntando. Y nada más porque es una aberración.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** señor Jácome, creo que *mezcla churras con merinas*. Quero dicir, o de Valdeorras é unha cantidade para a que non hai que facer ningún estudo; o Concello de Petín paga 300€ e a Deputación paréceme que vai pagar outros 300€. Non hai que facer ningún balance de situación. Quero dicir que está ben que diga o do termalismo e do doutro, pero que o tema da Ruta do Viño de Valdeorras é un tema a parte. Agora, señor Juan, non se veña tampouco moi arriba, quero dicir que tardaron moito en entrar; tampouco hai que virse moi arriba. Volvo a insistir, Valdeorras existe. Grazas.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** moitas grazas. Teño que virme arriba que sabes que estou no teito de Galicia, entón teño que virme arriba. En calquera caso, por partes, señor Ramiro, si, os compromisos facémolos e cumprímolos; polo tanto, xa lle anuncio que si para o ano 2019 farase, a proposta do presidente, esa proposta realidade, como todos os compromisos anteriores que refería, con todos os sectores estratéxicos da Comarca de Valdeorras que sempre intentaron pedir colaboración, intentamos na medida do posible,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

sempre e en todo momento, colabora con eles. Demostrámolo, como dicía antes, con feitos, por non detallar máis dos que antes refería.

En canto a auditoría ou non auditoría polos 300 euros, ¡mira que lle damos voltas!, isto é moi sinxelo. Hai 300 euros para formar parte dunha adhesión Asociación Ruta do Viño, perfectamente veñen detallados os obxectivos, como calquera asociación que vostede señor Jácome seguramente viu algunha. O que me preocupa é o tema dos auditores con vostede. Entendo que ten amizade con aquel do Bamio e que nos queiran mandalo para Valdeorras porque estará máis ou menos ocupado. Pero nós para facer isto só decidimos se votamos a favor ou non dos 300€; o resto, é buscar *parafernalias* e excusas. Entendo que acaba de chegar de viaxe e aínda estea un pouco despistado, esas viaxes largas que critica pero que fai o cal me parece ben.

En canto ao meu amigo Miguel, alcalde de Petín, evidentemente nós adherímonos... xa lle anuncio tamén, onte estiven falando co presidente, vamos ter novos proxectos para a Comarca, en canto non só co presidente da Ruta do Viño; senón con AEVA, cos Concellos para facer máis Comarca, para facer máis Valdeorras nos que estean todos presentes. Tamén lle anuncio que a totalidade dos Concellos da Comarca formarán parte da Ruta do Viño, incluso algún como o meu que non ten, por desgraza, viño. Temos de todo, menos viño que volo deixamos para a xente do Val. En calquera caso, evidentemente, como sempre, a Deputación a colabora cun sector estratéxico. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Asociación Ruta do Viño de Valdeorras, como membro de pleno dereito.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos estatutos da Asociación, os cales se asumen de xeito expreso.

3º.- Designar como representantes desta Deputación nos órganos da Asociación Ruta do viño de Valdeorras ás seguintes persoas:

- Na Asemblea Xeral: don Juan Anta Rodríguez

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

- Na Xunta Directiva: don Rosendo Luís Fernández Fernández

**7º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE ACUÁTICO NA CIDADE DE OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentaron emendas de substitución o Grupo Popular e o Grupo Socialista e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, gracias. Antes de empezar con la moción en sí, simplemente responderle ahí al alcalde de A Veiga. Dice, de la anterior, mire que lle damos voltas, son 300€ o que é asociarse ao tema este da ruta do Barco e punto. Coño, pero tamén eran 3.000€ asociarse ao termalismo e gastastes 17.000. preguntádelle a un asesor se procedía. Un razoamento absurdo. Despois, dicir que é crítico as viaxes ao estranxeiro, pero eu fágoos. Eu non os fago cos cartos público, nin con misións empresariais públicas; ou sexa, non ten nada que ver. Eu levo viaxando ao estranxeiro dende que me botaron dos Maristas con 15 anos, que ía as feiras de música ¿entendes? Dende os 15 anos levo indo a feiras de música a Frankfurt, con cartos privados, non públicos.

Vamos xa co tema este da moción do parque acuático. Esta fue una propuesta estrella de Democracia Orensana, en el año 2015, en las elecciones municipales. Recuerdo cuando hicimos esta propuesta gente incluso que estaba en nuestro partido, en Democracia Orensana, cuando hicimos esta propuesta lo primero que nos dijo fue: *tú, tú estás loco; tú estás loco ¿no?* Y realmente yo siempre creí en esta propuesta. Al final, quien realmente avaló nuestra propuesta fue realmente el libre mercado. Una persona, un burócrata, un empresario puede diseñar lo que quiera; pero al final el que dictamina si algo es bueno o no es el mercado, es decir, es la gente, es la democracia, es la mayor democracia que existe.

Entonces, fue un éxito absoluto en la elecciones municipales del 2015, la acogida de la gente, de los pequeños y mayores. No iba realmente en el punto 1 y 2, el 3 y 4 del programa electoral, iba en el número 15; sin embargo fue la propuesta estrella que no la hizo Democracia Orensana, la hizo el público, la hizo la aceptación del público en aquellas elecciones del año 2015. Es lo que me gusta, ya digo, del libre mercado cuando decide es la gente, no son los burócratas quienes diseñan el tema.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Respecto a este tema, cuando se formó gobierno, se habló con el Partido Popular y el alcalde de Orense dijo que no le interesaba para nada esta propuesta y que no la iba a llevar a cabo de ningún modo. Cuál fue nuestra sorpresa que, en las elecciones autonómicas, aparece el señor Núñez Feijóo al lado de José Manuel Baltar, que habían criticado la propuesta del parque acuático, y se pone a decir que la incorpora en su programa electoral del Partido Popular y hace esta propuesta.

El motivo por el que es una idea genial, la de hacer un parque acuático en Orense como propuso Democracia Orensana, obedece a muchos motivos. Uno, que Orense es una ciudad tremendamente discriminada y necesita un factor diferenciador, necesita que se haga una inversión en Orense de discriminación positiva porque requiere una gran inversión. Número dos, Orense no tiene mar, con lo cual es el punto ideal para paliar esa discriminación y tres, que es una característica fundamental, Orense tiene la mayor temperatura de la mitad norte peninsular con lo cual nadie puede competir con nosotros.

Creemos que esto realmente hará que los que tienen que quedarse en el verano en Orense, como yo que paso casi todo el verano y como decenas de miles de Orensanos, pues eso haría un cambio total en la ciudad por varios motivos. Número uno, haría que muchísima gente fuera menos a las playas, obviamente la gente seguirá yendo a las playas porque no se puede, una cosa no quita a la otra; pero haría que mucha gente se quedara en Orense con lo cual eso significaría que muchísimo dinero no escaparía de Orense y además vendrían inversiones de fuera, con lo cual se ganaría por doble partida. Muchísima gente en verano visitaría Orense, le daría además mayor fuerza, además, a la provincia.

El tema de porqué tiene que ser en Orense y no en Pereiro de Aguiar es por la temperatura. En Pereiro de Aguiar hace tres o cuatro grados más. Yo entreno en la pista de atletismo y lo veo todos los días, la temperatura está en torno a cuatro grados más y por eso nosotros no aceptamos la enmiendas que pone aquí el Partido Popular. Primero, el Partido Popular miente totalmente con este tema porque dice lo siguiente el Partido Popular, sigue instalado en la mentira; del mismo modo que antes Escotet con Baltar decía que Orense sigue en la senda del progreso, realmente tomarnos el pelo, aquí dice: *instar á Xunta de Galicia ao remate e representación do proxecto de construción*; o sea, *ao remate*, ¿como se xa estivera empezado! ¿onde está? Si no hicieron nada en dos años, hace una promesa electoral para reírse de los orensanos y no hay nada. Entonces dice vamos al remate del

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

proyecto, pero si no lo empezaron, ¿dónde está? Decidme el expediente que lo vamos a mirar a la Xunta de Galicia, a ver, ¿dónde está? Decidme el número de expediente ¡Qué proyectos! Sois unos auténticos mentirosos.

Luego el Partido Socialista vuelve con el mismo rollo de Pereiro de Aguiar. No sé por qué hacerlo en Pereiro de Aguiar porque realmente, primero, las comunicaciones con Orense... Sería un error hacerlo en Pereiro de Aguiar por varios motivos, número uno por las comunicaciones; es decir, nosotros creemos que ahora mismo el enclave debería estar en Oira o posiblemente en Untes. Yo lo digo por la pista de atletismo. Mucha gente tiene problemas, ahora con los GPS no, pero antes recuerdo la cantidad de problemas que había para venir a entrenar a Monterrei, a competir, porque muchísima gente al llegar a Orense ciudad, luego aún tenía que llegar a Pereiro. Es más distancia, es más desplazamiento; y sobre todo, el mayor problema de Pereiro, un sitio al que yo voy dos, tres veces a la semana porque me encanta el Complejo Deportivo de Monterrei, no es para parque acuático porque en Orense la temperatura es cinco grados superior y es el sitio ideal.

A parte de eso, Untes parece que sería el enclave perfecto porque podríamos incluso tener allí un parque acuático termal que sería también único tenerlo en invierno; bien donde está ahora el centro de interpretación de espacios naturales, o bien hacerlo ya en Untes. También está la posibilidad el tema de Oira, el problema del tema de Oira es que aún es más grande que el Complejo de Monterrei, pero se quedaría pequeño. Entonces, en el Complejo de Monterrei, aun cogiendo terrenos anexos que dice el PSOE, seguiría quedando pequeño porque incluso ya se queda pequeño Oira expropiando el campo de fútbol y lo que es el tema del complejo y pistas de Pádel que están al lado.

Lo que nosotros pedimos es que este parque acuático se va a hacer en Orense sí o sí. Esto de aquí es una moción que no vale para nada, simplemente para que ustedes pongan sus visiones sobre la mesa; pero en dos años que quedan Feijóo no va a hacer absolutamente nada y, al final, tendrá que ser Democracia Orensana, cuando tomemos la alcaldía en el año 2019, quienes realmente plasmemos el sueño que piden los orensanos que es un parque acuático en la ciudad de Orense.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Ben, non entendemos moi ben a presentación aquí desta iniciativa, a non ser que, *bueno*, Democracia Ourensana estea xa de cheo na campaña electoral. Ao mellor se seguimos por este camiño nos seguintes Plenos veremos unha moción relativa, por exemplo, ás escaleiras mecánicas da Cruz Alta. Digo que nos resulta curioso que se presente aquí esta iniciativa e que, por exemplo, non o fagan no Concello onde, seguramente, poderían condicionar con máis facilidade o resultado da mesma.

Dito isto, temos que dicir tamén que a nós non nos parece mal que se faga o parque; aínda que non somos tan optimistas como vostedes ao respecto do que iso poida significar para a provincia de Ourense. É certo que no país veciño, en Portugal, hai varios parques acuáticos; dende o máis preto a nós, ata o sur, temos varios exemplos: Amarante, Vila Real, Fafe, Aveiro, Guimaraes, Vila Nova de Cerveira, Gerês... En Galicia só contamos cun parque acuático, o de Cerceda, que como, é publicamente coñecido, fíxose en compensación por colocar alí a incineradora e, por certo, que é un parque ubicado nun concello cunhas características climáticas que son pouco compatibles con este tipo de infraestruturas.

En todo caso, estudando o caso de Cerceda hai algún dato que si quixeríamos pór enriba da mesa e que si sería interesante coñecer. En primeiro lugar, dicir que o parque de Cerceda é de xestión municipal. A infraestrutura é do propio Concello e sácase a concesión. Ten un custo anual, en persoal directo, duns 83.000€ para o Concello. En gasto corrente *ronda* os 400.000, incluíndo 215.000€ do servizo de socorrismo e gastan en amortizacións anualmente uns 130.000€. Dá emprego ou ten contratada a unhas 20 persoas. Como digo, a achega do Concello é total porque é propiedade municipal e funciona dende a primeira semana de xuño, ata a primeira semana de setembro. Foi construído no ano 2001 cun custo aproximado de 6 millóns de euros, no ano 2010 fíxose un novo investimento dun 600.000 e anualmente hai que facer investimentos duns 150.000€. A media de ingresos, dende a súa apertura, son 530.000€ anuais; aínda que nos últimos anos subiu a media ata os 680.000€ a iso a pesar de, como digo, da negativa climatoloxía que existe en Cerceda.

O debate sobre o parque acuático estase a converter nun dos debates recorrente nos últimos anos, xa o dixo tamén o portavoz de Democracia Ourensana. A construción do parque acuático na cidade de Ourense é unha posibilidade que atopa no centro do debate,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

precisamente, dende as municipais do 2015; como xa explicou el tamén, fora unha das propostas estrela de Democracia Ourensana das pasadas municipais ás que se incorporou, fervorosamente, o Partido Popular pouco antes das galegas, coa presentación, como tamén xa indicou, a toda pompa e todo boato dun proxecto para reconverter as instalacións de Monterrei nese desexado parque acuático. Desta proposta do Partido Popular, como digo, feita con toda a solemnidade do momento e coa comparecencia conxunta do señor Feijóo e do señor Baltar, pasaron case tres anos e Monterrei segue a estar na mesma situación que estaba; nin rastro do parque acuático. Seguramente vostede, señor presidente, poderá iluminarnos algo a este respecto. O que, para Democracia Ourensana, é un problema pola súa ubicación non debería ser tal se se puxera en marcha, de vez, o transporte público metropolitano, o que permitiría unha conexión áxil e económica con estas instalacións.

Dende o noso punto de vista, en todo caso e xa vou rematando, non lle corresponde a este Pleno decidir a cerca da ubicación dunha infraestrutura destas características; entre outras cousas porque iso non depende de nós, mellor dito. Hai un compromiso do actual goberno de facelo en Monterrei –por certo, en terreos da Xunta– e parécenos que o que nos corresponde, como deputados e deputadas, en todo caso é esixir que se cumpran os compromisos; o que, inevitablemente, nos leva a que se presenten os correspondentes informes técnicos que teremos a posibilidade de avaliar chegado o momento e iso correspóndese coa autoemenda que presenta o Partido Popular e que se fai a si mesmo.

En definitiva, o Goberno galego ten a oportunidade de facer a cuadratura do círculo: facer o parque prometido e darlle a xestión do mesmo a Eulen que xa se encarga da xestión actual; con iso todo quedaría na casa. Nós, xa lle adianto, que tanto as emendas como a propia iniciativa vamos a optar pola abstención. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista:** grazas señor presidente. Bos días a todas e a todos, señoras deputadas, señores deputados.

Simplemente, dende o Grupo Socialista vamos facer, nesta primeira intervención, referencia á emenda que presentamos a esta moción. Consta de dous puntos moi claros, onde no primeiro, matizando en profundidade, é a de instar á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso electoral de dotar de recursos e orzamentar a construción dun parque acuático no Complexo Deportivo de Monterrei, no concello de Pereiro de Aguiar.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

En segundo, instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que a superficie do Complexo Deportivo de Monterrei sexa insuficiente, adquira os terreos sen urbanizar situados ao norte deste Complexo, ubicados ao carón da estrada OU-537, para o desenvolvemento do parque acuático e dun gran aparcadoiro que preste este servizo na zona. De momento nada máis e grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Nada novo, señor Pérez Jácome, por moito que vostede fale de proposta estrela. Direille algo, mire, din vostedes na súa moción -por certo, larguíssima exposición de motivos- que a construción dun gran parque acuático na cidade -refírense á cidade, non á provincia- vén sendo dende sempre a súa proposta estrela; iso dino vostedes na súa exposición de motivos. Pois ben, permítame que lle diga o seguinte (vexo que vostede vén agora de viaxe, tranquilo, a ver se somos capaces de aclaralo tranquilamente), mire, a construción dun parque acuático para nada foi unha idea feliz de vostedes. O Plan Estratéxico (este é un dato certo e vostede pode comprobalo ben), o Plan Estratéxico do Termalismo do Concello de Ourense, elaborado xa sendo alcalde Manuel Cabezas, presentouse pouco tempo despois, xa en maio de 2007, sendo xa alcalde Poli para entendernos todos. Vostedes, nesas datas, aínda non andaban por alí, como dirían no meu pobo. Este proxecto aprobouse en setembro xa coa nova Corporación, no mandato 2007-2011, sendo Paco Rodríguez do Grupo Socialista alcalde. Vostedes, vostedes tampouco andaban por alí. Estoulle dando datos, compróbeos señor Pérez Jácome que é a única maneira de rebater; comprobe estes datos.

O Plan Ourense Piscina Termal -outro dato máis- presentado o 4 de febreiro do 2014 no Teatro Principal xa incluía o parque náutico; moito antes, pois, de que Democracia Ourensana convertera tal actuación na súa proposta estrela, porque non se cansa de dicir que foron vostedes os da *original idea*. Xa vexo que non lle gusta moito, pero que lle vanos a facer é que vostede incorporouse á política bastante máis tarde ca nós. Polo tanto, polo tanto, señor Pérez Jácome, a idea de construír un parque acuático para nada é de vostedes, para nada; se acaso, unha proposta estrela de vostedes pero copiada dos gobernos populares.

Pero sigo dando datos, vostede tome nota e logo contrásteos. No programa de goberno do PP e do señor Feijóo para as eleccións autonómicas de 2016 figura especificamente, e leo textualmente, *a potenciación da zona acuática da cidade deportiva*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

*de Monterrei, Pereiro de Aguiar, co fin de que sexa un gran parque acuático da provincia.* Nós temos visión de provincia, quede claro; a de vostedes dá a impresión de que é esaxeradamente localista e tan só parecen ter interese onde hai cobertura dun determinado canal de televisión. Polo tanto, para nós, para nós, o parque acuático é unha infraestrutura provincial, de provincia termal; non só de cidade. E se así fora esa iniciativa, señor Pérez Jácome, como xa ben avanzou o señor Rodríguez Suárez do grupo do BNG, deberían presentala noutros foros e non aquí precisamente.

En consecuencia, en consecuencia, totalmente a favor da construción dun parque acuático. Sempre o estivemos (pois náutico, acéptolle a corrección), sempre o estivemos de aí que presentemos unha emenda de substitución á súa moción que concreta moito máis á actuación e que está en consonancia co noso programa electoral ás eleccións autonómicas de 2016. Intentamos ser coherentes, erros de linguaxe a parte, tratarei de corrixirlos a vostede que os comete con frecuencia.

*O Pleno da Deputación de Ourense acorda, di a nosa emenda:*

*Instar á Xunta de Galicia ao remate e presentación do proxecto de construción do Parque Acuático previsto no Complexo Deportivo-Recreativo de Monterrei, concello do Pereiro de Aguiar.*

*Dar conta deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e á Secretaría Xeral para o Deporte.*

Con respecto á emenda de substitución que tamén nos presenta o grupo Socialista, adiántolle que votaremos en contra e farémolo por dúas razóns que cito brevemente. A Xunta non ten compromisos electorais, en todo caso temos o Partido Popular. É un compromiso electoral do Partido Popular e so señor Feijóo nas eleccións do 2016, non da Xunta de Galicia. A compra ou non de terreos á que se refiren vostedes no seu apartado segundo, pois non creo que sexa o momento que nós decidamos que terreos hai que comprar nin en que zona do Complexo de Monterrei. Redactado o proxecto e vistas as características do mesmo, será o momento de que opinemos ao respecto. Deixemos traballar aos técnicos primeiro.

Polo tanto, a nosa moción de substitución é a que acabo de lerlles e adianto que votaremos en contra da moción de Democracia Ourensana e da emenda de substitución que presenta o Grupo Socialista. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí. Empezamos por el BNG, primero dice que no entiende por qué presentamos aquí esta moción. O sea, es nuestra propuesta estrella, es de Orense, tiene que ver con Orense, es fundamental para los orensanos y dice no entiende cómo la presentamos aquí. Non, se che parece é mellor explicar a que presentades vós hoxe que é sobre o topónimo de Ourense. Esa é moito máis útil para os ourensáns, unha sobre o topónimo de Ourense. Obviamente la presentamos aquí antes porque en Orense esta moción irá en septiembre, entonces le tocó a la Diputación aquí antes, nada más.

Respecto del Concello, el Concello de Orense, me decía antes –siempre está con este rollo- el alcalde aquí de Petín y también los del Bloque, de que hay que centrarse en Ayuntamientos pequeños. Perdona, primero, las Diputaciones no deberían existir, pero por desgracia existen; entonces el motivo, el argumento que utilizan es para cohesionar y ayudar a concellos de menos de 20.000 habitantes. Pero eso es un poco el pretexto y el origen, pero luego la realidad es que se le da dinero con toda la población de la provincia, incluye a la ciudad de Orense; con lo cual la Diputación de Orense tiene que hacer inversiones en la ciudad de Orense. Entonces olvidaros ya de ese rollo de que le dinero de la Diputación está solo para los concellos de menos de 20.000 habitantes; es para toda la provincia de Orense. De hecho, se invierte en la ciudad de Orense, sino sería ilegal; es decir, las inversiones que la Diputación de Orense hace en la ciudad serían ilegales y no son ilegales las inversiones en la ciudad de Orense. Entonces no sé a qué viene ese rollo.

Bien, yo le quiero aclarar, en el Hospital Universitario de Ourense (agora vamos falar en galego para todos) convocouse un concurso de licitación en marzo, concretamente saú o no Diario Oficial de Galicia do 7 de marzo; un procedemento aberto suxeito a condicións e limitacións de prezo. Primeira medida, limitacións de prezo. Un total de 12 empresas presentáronse e presentaron as súas ofertas e esta fase debería estar xa rematada e conseguintemente aberto o aparcamento; pero ralentizouse por mor dun recurso presentado por unha das empresas - un mes despois, o 7 de abril presentou o recurso-, algo lícito porque estamos nun Estado de dereito, ao mellor se estamos en Venezuela non ocorrería iso; pero estamos en España, estamos en Galicia. Unha vez resolto, e dinme que estes días, o recurso a xerencia do CHUO espera poder abrir o seu aparcadoiro antes de que remate setembro. Dixéronmo, pero eu tamén creo, para min, que cando *con la justicia hemos topado, puede ser en septiembre, como puede ser en octubre. No lo sé, pero el problema es que hay que resolver un problema judicial.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Este aparcadoiro público terá uns prezos moi reducidos, sempre regulados, que se poden reducir aínda máis segundo as ofertas das distintas empresas. Xa son uns prezos moi módicos que se poden reducir aínda máis ao ser 12 as empresas que aspiran a poder xestionar este parking. Xunto á tarifa xeral, a concesionaria ten a obriga de ofertar prezos menores para traballadores e bonos de rebaixa para estancias prolongadas (unha oferta máis vantaxosa) e o aparcadoiro situado nas plantas terceira e cuarta do novo edificio conta cunha capacidade de 423 prazas e nos pregos establécese unha limitación de prezos con tarifas máximas; así como a gratuidade dos 30 primeiros minutos e bonos de 5, de 10 e de 30 días tanto para persoal, como para os visitantes; ou sexa, tanto para o persoal traballador do CHUO como para os visitantes. O prezo máximo hora será de 0,90€ a primeira –0,90€, non sei se hai moitos aparcadoiros así. 0,90 a primeira- e 1€ ás restantes; sempre cun máximo de 8€ día.

Aparcadoiro gratuíto para persoal. Xunto ao aparcadoiro do antigo Hospital e máis o novo, en breve procederase á apertura do novo aparcadoiro gratuíto de persoal, situado na planta segunda deste mesmo edificio, con máis de 100 prazas de uso gratuíto, máis de 100 prazas de uso gratuíto. Non hai porque ir ao *leira parking*. Os profesionais contan ademais con outras áreas de aparcamento gratuíto -como saben- dentro do recinto con preto de 100 prazas máis no exterior. É dicir, estamos falando de máis de 200 prazas gratuítas para traballadores; ademais das condicións vantaxosas para acceder ás públicas de prezo reducido.

Señoras e señores, danse datos. Aparcamentos en condicións moi vantaxosas –as mellores de Galicia- e máis de 200 prazas gratis, máis de 200 prazas gratis. Convirán comigo que da zona centro, si hablamos Julio que está subsanado el aparcamiento; nos arredores do Hospital, do Hospitais, non só está solucionado ou *subsanado*, está nunha condicións moi vantaxosas con respecto á zona centro; porque son 200, máis de 200, dime 230 prazas (outros falan de 240, xa non me quero estira moito, non quero facer demagogia) totalmente gratis. ¿Con isto fai falta ir a un *leira parking*? ¿Con isto hai que convencer á Xunta de Compensación, onde está o Corte Inglés, onde está Flager, para que nos vaia a dicir si?, para cando facer os accesos do novo Hospital, algo imprescindible para abrir o novo Hospital que lle tiven que dicir ao señor responsable de Flager: *oiga, que abrir un Hospital é de interese xeral para todos, que estamos falando en termos de saúde e*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

contestoume el: *sí, unos hablan en términos de salud y otros hablan en términos de salud económica*. Nada máis e moitas grazas.

**D. Julio Adán García, representante da Federación de Veciños Limiar:** lo que veo es que me he explicado fatal, porque yo no estoy hablando de los aparcamientos del CHOU, que, bueno, serán tan baratos pero yo, por desgracia, lo he tenido que utilizar y todavía era muy caro. El nuevo todavía no lo conocemos.

Pero es que nosotros no nos referimos a eso, ni queremos un aparcamiento *leira*. Primero, lo que queremos, que da pena habiendo la necesidad... porque esas 230-240 plazas gratis no sé de dónde salen, ni en dónde están, pero, bueno, que a lo mejor son de superficie y lo que estamos proponiendo nosotros son 300, 400 y hasta 700 plazas y a lo mejor es el mismo sitio del que estamos hablando. Pero es que nosotros lo que pretendemos es resolver, matar dos pájaros de un tiro, mientras nos e utilice el espacio, pues vamos a darle una utilización que podría ser aparcamientos y espacios verdes, o zonas para que la gente monte en bicicleta o juegue con los patines. Si es que llevamos años y años con eso desde que desaparecieron las vacas que no se utiliza para nada; entonces, que se utilice. Hemos detectado y llevan años y años suspirando los habitantes de la Cuña, de la Avenida de Zamora por tener aparcamientos que no tienen. Y luego, que todavía no son una realidad esos aparcamientos tan baratos.

Pero, qué no nos referimos para nada a la Residencia, nosotros lo que queremos es que, mientras no se haga otra cosa, no queremos torpedear nada, es que se utilice racionalmente el espacio. Bueno, yo sí admito que pueda ser complicada la gestión; pero no como dice usted, igual que el señor del Bloque, que es la Junta de Compensación. Es que la Junta de Compensación existe como sociedad administrativa, pero no puede hacer nada. Es decir, la Junta de Compensación no ha desaparecido; pero sí ha desaparecido como titular de la posible gestión, no puede hacer absolutamente nada. Por supuesto que entendemos que hay que pedirles permiso, no solamente eso, la titularidad de los terrenos, el 80% es del Ayuntamiento de Orense y el 10% restante es de la Diputación y solamente una pequeña proporción es de los propietarios de las 1.200 viviendas y del centro comercial.

Entonces, qué duda cabe que hay que estar de acuerdo con todos; pero lo que nosotros vamos buscando es no lo dejen así. Pero utilícenlo, si no quieren para

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

aparcamientos que es una necesidad, me dice que no, que ya lo han arreglado todo, que va a ser todo muy bien, pues estupendo (hasta ahora no); pues dedíquenlo a otra cosa.

De verdad, que da pena. Nos pasa con un montón de...no solamente de la Diputación, hay terrenos de la Universidad que están baldíos que no se utilizan para nada; hay terrenos del Ayuntamiento que expropió 30.000m<sup>2</sup> allí para la zona de las termas, para hacer el centro de interpretación, que está abandonado; pues utilícenlo de aparcamiento disuasorio para la gente que vaya, o utilícelo para jugar a las bolas, pero utilícenlo para algo.

Yo comprendo, entiendo las razones, me parece que tienen que ser difícil tratar con Flager o con El Corte Inglés, sobre todo por el Plan. Pero a mí lo que me parece es que el Plan tal y como está, tal y como viene, es imposible que se desarrolle. Luego, hay la previsión, aproximadamente, de 1.150 o 1.250 viviendas y 42.000 m<sup>2</sup> de comercial y solo hay previstas 204 plazas de aparcamiento público. Entonces, va a ser una zona terrible, tengo aquí los datos del Plan nuevo, del Plan que está en trámite. En el Plan que se anuló estaban previstas 869 plazas públicas, ahora solo vienen 204. Entonces, yo no me quiero meter con ese tema; simplemente la utilización.

Yo vengo en representación de los vecinos, los vecinos tienen un problema. La gente cuando viene a hacer gestiones, a lo mejor, a la ciudad, la zona de la Avenida de Zamora está perfectamente comunicada con los autobuses y poder utilizar un año, dos años. Comprendo el temor de que luego haya una reivindicación y después no me echan de allí, pues bueno, lo entiendo y esa es su faceta y lo entiendo perfectamente. Entiéndame que nosotros como vecinos pidamos que se utilice para algo.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** si, moitas grazas señor. Moi brevemente, simplemente para aclarar dúas cuestións. O señor vicepresidente volveu intentar vendernos esa moto que nos fai habitualmente de falarnos de que o parking é moi barato, que é dos parkings máis baratos de Galicia; xa o dixo tamén o portavoz da asociación de veciños, pois será a partir de agora porque o que é ata agora non era nada barato e o que se está por abrir xa veremos. En todo caso, nós insistir en que non estamos reivindicando aí ao respecto do parking do CHUO un parking barato, estamos reivindicando -e sempre o fixemos- un parking público e gratuíto. Iso de entrada e que quede claro.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Despois outra cuestión que tamén sería interesante poñer sobre a mesa e que, ao mellor, solucionaríanos o tema que está moito na orixe do problema que estamos a falar, é o plan de transporte de metropolitano o que xa debería de estar en marcha e é o que define realmente onde se deberían facer eses aparcamentos disuasorios.

Xa para rematar, volver a insistir en que efectivamente nós pensamos que é un tema que ten complexidade técnica e nós volvemos a insistir na nosa proposta de que o tema quedara sobre a mesa, que dende os técnicos da Deputación se emitira un informe sobre a viabilidade ou o procedemento que podería seguirse para poñer en marcha esta proposta, para que nós poder tomar unha decisión realmente contrastada, avaliada e sustentada en informes técnicos que nós pensamos que serían neste este caso e para este punto en concreto e para esta proposta imprescindibles se queremos tomar unha decisión informada e unha decisión que non vaia despois en contra da propia legalidade. E nós insistimos nesa proposta de que o tema quede enriba da mesa, senón en todo caso, xa enunciarei na primeira intervención, vamos a optar pola abstención. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** no, nosotros estamos aquí como, parece, meros espectadores; pero simplemente quiero reivindicar lo que hicimos nosotros hace varios años, en el mandato anterior, en el Concello de Orense, hace más o menos cuatro años. Hicimos básicamente esta reivindicación y el Partido Socialista que hoy la trae, votó en contra, la tumbó abajo. Eso demuestra que solo cuando se está en gobierno se hace, se defienden los intereses de las grandes empresas y cuando se está en la oposición, se habla en la voz del pueblo. Es todo mentira y el Partido Socialista es una mentira igual que el Partido Popular.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández., do Grupo do Partido Popular:** gracias presidente. Julio, me dice que -apunté textualmente- *no nos estamos refiriendo a los aparcamientos de la Residencia*. Es que entonces aquí hay algo de confusión. Mire, exposición de motivos de la moción, empieza ya hablando *a necesidade do aparcamento na contorna do Complexo Hospitalario de Ourense*. Mire, creo que no hubo una buena conexión entre el Partido Socialista que es quien firmó la moción y el representante de los vecinos; porque después sigue hablando: *o novo gran parking público do hospital, xa podería estar ao sevizo de forma libre sen concesión alguna*. O sea, están hablando del

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

parking del Hospital, eh. Usted ahora me viene a decir que no nos referimos al de la Residencia. Pónganse de acuerdo. Cuando sea así, pónganse un poquito de acuerdo.

Vamos a ver, la Junta de Compensación es la titular, es inequívoco. Es la que gestiona, sí, sí, don Julio, además le puedo dar los tanto por cien: la inmobiliaria Flager tiene el 30%, El Corte Inglés casi el 15%, el Ayuntamiento de Orense el 10% y la Diputación y Urbaorense el 43%. Por lo tanto, estos tantos por cien son de quién es quién en la propiedad, don Julio. No, no, esto es así y de hecho tan es así que cuando quisimos, y le repito una vez más, poner en marcha los accesos y urbanizar los accesos al nuevo Hospital tuvimos que reunirnos con ellos y nos costó. Y eso que no ponían dinero alguno que quienes pagaron los accesos al final fueron la Diputación y fue el Ayuntamiento. Es más, lo único que estábamos haciendo era adelantar una vía urbanizada de la que se iban a beneficiar posteriormente ellos y ni así querían entrar en razón. ¡Cómo para ahora ir a decirle de poner el terreno allí a disposición para aparcar coches! Yo creo que también hay que, en fin, ser un poquito objetivos, razonables y saber bien las cosas.

Y segundo, los vecinos pueden acceder al nuevo parking, pueden acceder a unos precios muy módicos al antiguo parking –al que estaba hasta ahora- y va a haber más de 200 plazas gratis. Yo creo que estará así bien servida, mucho mejor que hace un mes o hace un año; siempre que se abra como se quiere abrir en septiembre, como nos dice el SERGAS, el próximo parking.

Y teme usted, según tengo apuntado aquí, que va a haber muchas viviendas, en su momento se van a construir muchas viviendas y va a haber pocos aparcamientos. ¡Hombre! Yo creo si se pone El Corte Inglés y se urbaniza, se construirán también más plazas de aparcamiento. Lo que pasa es que no nos podemos adelantar a hacer aparcamientos, plazas de aparcamientos ahora, cuando la urbanización y las posibles viviendas, las miles de las que habla usted (ojalá, ojalá que sea así, soy escéptico, que no significa negación, sino duda razonable, razonada, pero yo, esas miles de viviendas que se harán, ojalá) pues también llevarán consigo, como urbanísticamente procede, que se hagan plazas de aparcamientos. No será solamente con las plazas que hay ahora.

Por lo tanto, yo creo que estamos en el camino correcto y si podemos ofertar más de 200 plazas, repito, totalmente gratis en el barrio de la Cuña y en los alrededores de la Residencia, más las condiciones muy, muy ventajosas de los dos aparcamientos de los

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

hospitales; creo que van a estar bastante mejor o van a estar mejor los vecinos de Mariñamansa, la Cuña, alrededores de los Hospitales mejor servidos en este apartado que los del centro de la capitalidad, que los del centro de la ciudad. Nada más y muchas gracias.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do Socialista:** moitas grazas presidente. Considero necesario, despois do escoitado aquí, ler a proposta de acordo que é o que realmente se vai votar; máis alá das argumentacións que cada un expuxo encima.

E a proposta de acordo di así: *que a Deputación de Ourense realice as xestións oportunas e pertinentes para dotar á contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o CHUO, dun aparcadoiro disuasorio libre e gratuíto dentro da legalidade urbanística y administrativa.*

Pois ben, señor Rodríguez, creo que é innecesario que quede isto sobre a mesa cando esas xestións oportunas que, evidentemente hai que realizar, van nos correspondentes informes; necesarios sen dúbida e haberaos.

Señor Jácome, as circunstancias mudan, o tempo muda e fai que decisións que, nun momento foron dunha maneira, hoxe sexan doutra. Nada novo. Persistir en erros porque se fixeron así toda a vida, non nos leva a avanzar.

Aquí o que se formula é algo moi sinxelo e que ve todo o mundo. Hai unha finca enorme, sen uso, que segundo se escoitou aquí vai tardar tempo en ser desenvolta e calquera, mesmo nós mesmos que vaiamos ao Hospital e miremos por aquelas ventás e vexamos aquela superficie libre preguntarámonos ¿por que non podemos ou poden os veciños da Cuña que estean cerca deixar alí os seus coches?, igual que fan noutros concellos, xa se falou aquí, noutros concellos da provincia que habilitaron superficies, incluso en *suelo* urbano, para aparcas.

¿Que é difícil, señor Rosendo? ¿Complicado? Seguramente, nada está exento de complexidade; pero unha persoa intrépida como vostede, que non se arreda ante nada, ¿non me diga que vai coller medo ante isto de exporlle aos titulares, aos *xuntacompensantes*, esta posibilidade? Que desta posibilidade ou desta proposta finalmente non frutifique nada, *bueno*, pois é unha das posibilidade; pero ¿por que non se vai intentar?

Que se van a aumentar as prazas de aparcamento no Hospital, pois sen dúbida. Pero de todas formas unha pregunta (xa sei que é o meu *turno* último de intervención e vostede

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

non ten posibilidade de resposta, pero déixolla para rogos e preguntas), mire, di vostede - entendo que é no novo aparcamento do SERGAS, no edificio novo- que vai haber 100 prazas de uso gratuíto para o persoal; a pregunta é moi sinxela (200, *bueno* dá igual) ¿canto persoal traballa en cada *turno*? Eu creo que seguen sendo, por moito que sexan 200, insuficientes para o persoal que traballa alí. Xa solo falo do persoal en cada *turno*.

Tamén fala vostede, teno dito varias veces, de que vai ser o parking máis barato dos Hospitais de Galicia. *Bueno*, pois eu agradézolle a aclaración e xa que vostede fala das tarifas de aparcamento, mire, eu tamén lle pido, en rogos e preguntas, a ver se me pode aclarar ¿por que non entrou en vigor a rebaixa de tarifas que aprobamos aquí no Pleno pasado o 1 de xullo, pese a que na documentación e no que votamos na proposta e no informe de intervención ía con efectos de 1 de xullo? Mire, déixollo aquí en grande: 11/7/2018, entrada 19:43, saída mesmo día ás 20:03, tarifa 0.80. É menos de media hora, polo tanto tería que ser gratis. Se mo pode aclarar en rogos e preguntas, xa que falabamos de prezos e tal, eu agradézollo.

E volvo e remato xa para non me alongar máis. Mire, a necesidade eu creo que está suficientemente acreditada e a problemática cos aparcamentos na contorna do Hospital, tamén. Nós aquí facemos política e tomamos decisións políticas e, a través das decisións políticas, o que intentamos todos é mellorar as condicións de vida dos cidadáns e darlle solucións a esta problemática. Fagámolo e, canto menos, intentémolo. O que propón esta moción é algo moi sinxelo, fagamos esas xestións e intentémolo. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a proposta do BNG de deixar o asunto sobre a mesa, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A REGULARIZACIÓN DA PROFESIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** moi bos días, señor presidente, señoras deputadas, señores deputados, representantes do Colexio Oficial de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia, medios de comunicación, público que nos acompaña e aqueles que seguen este Pleno; a todos, moi bos días.

Grazas por permitirme intervir para demandar do goberno do Estado unha lei que regule a profesión da Educación Social e, da Xunta de Galicia, dunha lei galega acorde coa nosa realidade.

A diversidade da sociedade actual, o seu dinamismo continuo, demanda cada día máis a intervención dos profesionais da Educación Social polo importante labor educativo que levan a cabo nos distintos *entornos* que permiten o desenvolvemento integral das persoas; con independencia que residan no rural, na vila ou na cidade.

O Consello Xeral de Educadores Sociais establece que a educación social é un dereito da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras formativas, que son ámbito de competencia das educadoras e educadores sociais, posibilitando a incorporación do suxeito da educación á diversidade das redes sociais e á promoción cultural e social.

O labor das educadoras e dos educadores sociais é axudar á persoa a superar situacións de desadaptación ou de exclusión social, de promoción da vida persoal e social mediante programas de intervención socio-educativa; é dicir, a educación como ferramenta de cambio e de transformación social. Non se trata dunha educación baseada en coñecementos ou contidos curriculares; senón nunha educación orientada ao desenvolvemento da persoa, das súas habilidades de relación, das súas actitudes e valores, dos seus comportamentos e hábitos, co obxectivo de que sexa competente para enfrontarse, autonomamente, ás dificultades vitais por moi adversas que sexan.

A Educación Social xera un movemento entre os profesionais da educación social e a cidadanía que a fan presente en calquera entorno educativo. A presenza das educadoras e dos educadores sociais como axentes educativos redonda na calidade da ensinanza,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

*solventando* moitos dos conflitos que se presentan a cotío na escola; pois esta non pode atender todas as demandas educativas e formativas que xera unha sociedade cambiante e plural, *apremiada* por novas necesidades e problemáticas.

A formación e a aprendizaxe prodúcese ao longo do ciclo vital, no ámbito da sociedade e da cultura; unha ensinanza que se reinventa dende uns obxectivos de contido social empregando unha metodoloxía participativa que favorece o crecemento persoal e onde a cidadanía, a comunidade, a integración e a promoción da convivencia son determinantes.

Regulación da profesión de Educación Social. O 27 de decembro de 2017 o Colexio Oficial de Educadores e Educadoras Sociais de España presentou diante do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como no Congreso dos deputados, unha petición para que se redacte unha lei de regulación da profesión de Educación Social. Ao mesmo tempo, e baixo o lema *por unha lei de Educación Social*, os profesionais iniciaron unha campaña na que demandan o apoio de institucións, entidades e particulares para que sexa realidade ese proxecto normativo. O resultado, ata agora, foi a adhesión de numerosas institucións entre as que atopan o Parlamento navarro, as Cortes de Aragón, Deputacións galegas, andaluzas, de Castela e León, o Cabildo de Gran Canaria, numerosos Concellos, as Universidades de Extremadura e Salamanca e, tamén, a Facultade de Ciencias da Educación da nosa cidade. Precisamente, o noso Campus imparte dende fai máis de 20 anos a carreira de Educación Social.

Dende o Partido Popular na Deputación de Ourense somos conscientes do importante labor que desempeñan as educadoras e os educadores sociais e aínda máis, se cabe, no ámbito rural. Razón pola que traemos a este Pleno, ao Pleno desta Corporación, unha proposta de apoio á petición da regularización da profesión da Educación Social a través de normativas autonómica e estatal. No caso da nosa provincia, o 80% do territorio é rural; a dispersión poboacional dos seus habitantes esixe accións que promovan e amplíen as súas perspectivas educativas, laborais, de saúde, de calidade de vida, culturais e participación social; facilitando o acceso ás novas tecnoloxías, logrando que tomen a iniciativa e sexan protagonistas en proxectos a desenvolver na súa comunidade.

Con rango universitario dende o ano 1991, a figura do educador e da educadora social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

educadores especializados, os animadores socioculturais e os educadores de persoas adultas. Na medida en que a súa actividade profesional vai dirixida á inadaptación, á alfabetización, á exclusión, á marxinación social, á integración, á capacitación profesional e ao desenvolvemento comunitario, a figura da educadora e do educador social expandiuse rapidamente, o que reflicte o seu carácter dinámico, socializador e de transformación social. Á medida que foron asumindo máis funcións, os propios profesionais viron a necesidade de regular o seu traballo e así crearon os colexios profesionais de Educación Social na práctica totalidade das Comunidades Autónomas -no caso de Galicia no ano 2001-, constituíndose no ano 2006 o Colexio Oficial de Colexios Oficiais de Educadores e Educadoras Sociais. A día de hoxe, o seu papel de mediador é fundamental no ámbito educativo e dos servizos sociais dun Estado democrático e de dereito. A súa intervención garante dereitos tan básicos para a cidadanía como son a igualdade e a xustiza social.

Os profesionais da Educación Social traballan para acadar unha sociedade máis equitativa, para conseguir o dereito á desenvolvemento persoal mellorando competencias e aptitudes, promocionando autonomía e independencia, previndo a inadaptación social -quere dicirse aquí actuando preventivamente-, favorecendo a participación activa das persoas e grupos, a creación dun tecido social e asociativo do traballo comunitario. O seu papel no ámbito da xuventude, da cultura, da educación e dos servizos sociais é clave para completar o abano de disciplinas que, dende distintas perspectivas, permiten unha integración social integral, sobre todo en sectores clave como é o dos menores e o das familias.

Non obstante, pese a innegable contribución ao benestar social e ao recoñecemento da profesión cuns estudos universitarios, a falta de regularización da Educación Social fai que non estean claros os límites ao alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas privadas, como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que, con frecuencia, outros profesionais do ámbito social asuman como competencias propias dos profesionais da Educación Social; é dicir dos educadores e das educadoras sociais. Estas circunstancias revelan a imperiosa necesidade dunha regulación da profesión de Educación Social; un instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel de axente de cambio na nosa sociedade.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

A Deputación de Ourense, cunha longa e extensa traxectoria de colaboración coa comunidade educativa -coa Universidade de Vigo- non pode ser allea a toda iniciativa que implique unha mellor cualificación e recoñecemento profesional, neste caso, dos actuais e futuros educadores e educadoras sociais. Un exemplo do caso concreto do que hoxe traemos foi a colaboración desta Deputación no primeiro Congreso Internacional de Educación Social e nas III Xornadas de Educación Social e Escola. Pódolles asegurar que, tanto a participación como os achegas que formaron parte deste Congreso e das *ponencias*, foron un verdadeiro éxito e un referente, incluso, a nivel estatal. Unha colaboración mantida no tempo desta volta foi a publicación do libro que recolle as actas do congreso citado.

Por todo isto, o Grupo Popular propón ao Pleno os seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á regularización da profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei galega de profesionalización da Educación Social.

2º.-Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de regularización da profesión de Educación Social, a nivel estatal.

Nada máis e moitas grazas pola súa atención.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Ben, aclarar que a moción que presentan vostedes ten a súa orixe no propio Colexio de Educación Social, xa foi presentada noutras Deputacións e nós apoiámola. En todo caso, resúltanos curioso que aquí vostedes presenten a moción tal cal, mentres que no caso do Parlamento de Galiza presentaron unha emenda á mesma na que vostedes propoñían que:

- *O Parlamento de Galicia manifieste o seu apoio á Educación Social como profesión, que cubra as necesidades e demandas da cidadanía xeradora de cambios a través da educación.*

- *Instar á Xunta de Galicia a que, en colaboración con outras Deputacións Provinciais e a FEGAMP, fomente a incorporación nas súas políticas dun maior protagonismo da Educación Social dende o convencemento de que se trata dunha peza clave para promover a transformación social.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

*- Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para que analice a necesidade de regularizar a profesión de Educación Social.*

Xa vemos que esta adición que teñen vostedes por emendar non é exclusivamente do Partido Popular de Ourense.

En todo caso, e indo ao que nos importa que é a propia moción, nós estamos absolutamente de acordo. A acción socioeducativa precisa de figuras profesionais formadas que poidan executar con eficiencia as funcións dos postos para os que son contratadas. Son numerosas as investigacións científicas que ratifican que a formación especializada favorece procesos de acompañamento socioeducativos de calidade e neste marco non é lóxico que as administracións públicas continúen posibilitando o intrusismo laboral. Deputacións, Concellos e Xunta de Galicia permiten que, para os postos de educador/educadora familiar ou educador/educadora con menores, teñan acceso persoas non especializadas. Un exemplo desta realidade está no departamento encargado da inspección dos recursos sociais especializados, a Xunta de Galicia carece dun corpo de educadores e educadoras sociais que se encarguen da supervisión da calidade do acompañamento socioeducativo de menores e familias. Este labor é asumido por profesionais de diferentes disciplinas.

No presente mes vén de asinarse o terceiro Convenio Colectivo de xustiza xuvenil e protección de menores e neste documento recoñécese que só diplomados e diplomadas, graduados e graduadas, en Educación Social poderán realizar as funcións de educador ou educadora. O acordo entre sindicatos e ONG precisa do apoio das administracións públicas que deben garantir unha atención de calidade ás persoas en dificultade social.

Remato, nós vamos a votar a favor. Nada máis. Moitas grazas

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí. No he oído aquí a nadie decir que no procede traer aquí esta moción y, sin embargo, en la del parque acuático que es particular de Orense ahí sí lo dijeron. Yo realmente alucino. También se podía decir el mismo argumento que dijeron ustedes: no nos compete a nosotros decidir; sin embargo ustedes aquí están instando a algo. Realmente es una contradicción total con el parque acuático.

Mantenemos lo que siempre decimos en este tipo de mociones, no es particular de Orense, aunque afecta a Orense; a no ser particular de Orense no procede traer aquí esta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

moción, para eso está el Parlamento de Galicia y nos parece una pérdida de tiempo, aparte de fomentar el desapego de estos Plenos porque ¿quién va a escuchar esto, Dios mío, sobre todo con mociones leídas como hizo el señor Doval?

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. Moi bos días a todos e todas. Este texto que hoxe nos traen aquí é un texto, como ben dixo o deputado do BNG, é un texto en nome do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais; ben tamén podería ser unha declaración, estaríamos de acordo, como xa se presentaron noutros estamentos públicos que se presentaron a través de declaración.

Non vou entrar tampouco polo miúdo na importancia do Educador e Educadora Social porque xa o que tomou a palabra, sobre todo o señor Doval, relataron a importancia do labor que veñen a desempeñar estes profesionais. Unha profesión que, a pesar de estar consolidada, definida e identificada, enfrontase a unha serie de problemas que se derivan nun principal que é a falla de regularización da profesión que hoxe é o que se pide. A día de hoxe é unha profesión cun gran alcance social, tanto público como privado e non teñen claramente delimitado o seu ámbito de actuación, o seu alcance o os seus límites; o cal favorece no só o intrusismo senón tamén que este descoñecemento implique que con frecuencia se asignan a profesionais do ámbito social funcións propias dos educadores. É unha profesión imprescindible para abordar as necesidades e acadar unha sociedade máis igualitaria; hoxe é máis necesario que nunca xa que a aparición de novas modalidades de marxinação e exclusión social xeradas pola crise económica, a problemática do envellecemento poboacional que temos nesta provincia, a dispersión do rural, a dificultade de por si de prestación de servizos sociais nos Concellos máis pequenos. A provincia de Ourense é un escenario idóneo para contar coa intervención dos educadores e das educadoras sociais.

Dende o meu Grupo, como non pode ser, vamos a apoiar esta moción porque consideramos que é unha petición xusta. A reclamación do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais tanto á Xunta de Galicia, como ao Estado de España para que se desenvolvan sendas leis, tanto a estatal como a autonómica; porque o que se reclama, nunha palabra, poderíamos dicir que é o recoñecemento da profesión cun único fin de garantir a calidade das actuacións e dos servizos. Nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** en primeiro lugar, agradecer o apoio á profesionalización dos educadores e das educadoras sociais; dende logo, compartir esa visión de recoñecemento.

Di o señor portavoz de Democracia Ourensana, mire, se o trouxen escrito, aínda que eu aquí nunca o manifestei, si son educador social por vocación. Pódolle dicir que a inmensa maioría, a practica totalidade dos que elixen Educación Social, os que eliximos, os que decidimos no seu día cursas estudos de Educación Social fixémoslo por vocación, en primeira opción, ¿entende?. Polo tanto, se eu o trouxen aquí e o lin non é porque non viva, non coñeza profundamente, creo que as necesidades que hai e a importancia que teñen os educadores e as educadoras social no ámbito...bastante máis que o que vostede dixo aquí, por moi importante que pareza ese parque do que vostede fala. É bastante máis importante a educación das persoas, a lectura, o de ler a moción para que non me quedara absolutamente nada sen recoller, ¿enténdeme?, e collendo a filosofía, xa vexo que coincide a filosofía porque saben da importancia dos educadores e das educadoras sociais na complexa sociedade na que vivimos en o papel importante para as persoas que é a educación, a educación en sentido amplo; non a formación, senón a educación. A educación, algo que todos, especialmente os que exercemos cargos políticos, debemos demostrala. A educación vai bastante máis alá que os coñecementos. Esta profesión, precisamente, non acude a iso, acude a formar á persoa, á formación integral das persoas. Esas persoas que respectan primeiro a si mesmas, ten que ser unha mostra de todos os educadores e educadoras sociais e despois respectan aos demais, as súas diferenzas, a súa forma de ser, a súa forma de sentir, a súa cor da pel, o seu nivel social, todas as súas circunstancias persoais e, sobre todo, o labor máis importante que van a facer, que veñen facendo e que cada día van a facer os educadores e as educadoras sociais vai a ser o labor preventivo para que non ocorran problemas que ocorren, eses casos de discriminación, eses problemas de persoas que, por distintas razóns, son marxinaadas, pois que iso non ocorra.

Teña a seguridade que, dende logo, quen lle fala lévao practicando e dende logo é tremendamente respectuoso, e apoia tremendamente todo o que teña que ver coa educación. E dende logo, dende que estou aquí, teño que agradecer ao meu presidente que calquera formulación que lle fixen, neste caso relacionado co mundo da escola, neste caso concretamente co mundo da Educación Social e outras veces co mundo da educación en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

xeral ou particular, ou calquera outra actividade que esta desenvolveu, sempre tiveron o *adiante* e dende logo eu quero dicir dende aquí que para min é suficiente, doume por satisfeito.

Tamén teño que dicir que hai algunhas etiquetas que aquí algunhas veces se din e posiblemente por esa cuestión que ás veces non se recapacita, utilízanse expresións que máis vale que non se utilizaran; eu, dende logo, nunca as utilizarei. Díxeno nos meus primeiros Plenos e teñan a seguridade que aquí ou onde estea, no meu Concello, no meu traballo, ou onde estea, sempre serei respectuoso, sempre avaliarei positivamente aquelas achegas dos demais. Dende logo, un educador social, unha educadora social, ten que ser, dende logo, exemplar no seu comportamento, na súa forma de dirixirse aos demais e tamén ás persoas a quen vai dirixido o seu traballo. Eu non exerzo de educador social como tal, son educador social, no meu traballo teño outra función; pero teña a seguridade de que procuro todos os días implementar o meu traballo cos meus humildes coñecementos en Educación Social e nalgunha outra cousa máis que tamén tiveron oportunidade (que moitos non tiveron oportunidade) con moitas dificultades de acudir á Universidade. Eu estou seguro que a presenza dos educadores e das educadoras sociais tamén fará posible que moitas persoas accedan á educación formal e tamén a educación formal e non formal entre nas súas vidas. É tremendamente importante. Estou seguro que se multiplicarán os coñecementos de todas as persoas e, en definitiva, unha sociedade máis igualitaria e máis respectuosa de todos e todas con todos e todas.

Nada máis, agradecer a súa crítica. Agradecer tamén a súa postura de apoio a esta iniciativa que dende logo, efectivamente, partiu cando o colexio de educadores e educadoras sociais expúxome este tema, eu transmitinllo ao presidente dende o principio, levabamos varios meses, non tivemos en conta o texto da moción, e nós intentamos, dentro do que cabe, adaptala máis á nosa realidade que é a provincia de Ourense. Esa provincia rural que vostede moitas veces, señor Jácome, vea máis ben na cidade porque é onde vostede reside, aínda que di que coñece moi ben toda a provincia; eu dígolle que dende logo a Educación Social canto máis presente estea na cidade, pero sobre todo no rural seremos unha provincia que avanzará moito máis en todos os eidos, incluso no económico.

Nada máis, perdón pola miña intervención un pouco persoal e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** pois, agradecer e que dende logo confío que, tanto a nivel autonómico como a nivel estatal, se recoñeza unha profesión que vai a ser transcendental para a sociedade do século XXI

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o seguinte acordo:

- 1º.- Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega de Profesionalización da Educación Social.
- 2º.- Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización da profesión de Educación Social, a nivel estatal.

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE O SERGAS PRESTE UN SERVIZO ADECUADO PARA A PROTECCIÓN DA SAÚDE DA INFANCIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente e bos días señores e señoras deputadas e as demais persoas presentes na sala.

Vou a dar lectura á moción, independentemente de que os deputados e deputadas deste Pleno teñan coñecemento da mesma, hai persoas que, ao mellor non o teñen. Polo tanto é o seguinte:

Os recortes que se levan producindo na sanidade galega nestes últimos anos levan afectando a innumerables servizos vitais para o sostemento dunha atención sanitaria de calidade e, de xeito especial, na nosa provincia; tal e como foron os casos observados neste Plenario do servizo de hemodinámica do CHUO e do servizo de cirurxía pediátrica, por exemplo. Pero os ataques á sanidade pública non só afectan aos servizos hospitalarios, senón, e se cadra con máis dureza, á atención primaria e aos nosos centros de saúde dos nosos concellos.

Xa foron varios os sinais que alertaban do déficit na atención pediátrica nos centros de atención primaria nesta provincia -eminentemente rural- que nos levan a concluír que estamos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

ante un problema de graves consecuencias. Sen ir máis lonxe, nos concellos de Lobios, Bande, Entrimo, Muíños e Lobeira houbo o ano pasado mobilizacións para impedir que os deixaran sen o servizo de pediatría e terse que desprazar moitos quilómetros, nalgúns casos ata Celanova, para velar pola saúde dos seus pequenos e pequenas. Na actualidade, de feito, teñen que facer este desprazamento, no caso de precisar atención os mércores, por falta de pediatra no centro de saúde de Bande.

Recentemente vimos comprobando como este ataque aos servizos máis básicos de atención se intensifican e afectan a varios concellos da nosa provincia. O déficit de médicos de pediatría xa afecta a Comarcas como Trives e Caldelas. Dado que faltan profesionais para cubrir as baixas por vacacións de verán, a Xunta decidiu agrupar a atención nun número reducido de centros de saúde o que provoca unha masificación que empeora, aínda máis, tanto a calidade nesa atención como as condicións laborais dos pediatras e das pediatras. É algo que xa se vive, dende hai tempo, na provincia de Ourense onde varios centros de saúde se converteron en centros de referencia para os concellos limítrofes.

Tal como denuncian varios sindicatos de defensa da sanidade pública, é así o centro de saúde de Valle Inclán é referencia para os cativos e cativas de Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín. Na Carballeira, o pediatra asume 1.300 tarxetas sanitarias, cifra que excede as ratios normais de asistencia, que veñen en torno aos 900, por ser precisamente referencia de zonas limítrofes.

Aínda non coñecemos o alcance destas medidas pola desinformación coa que nos condena e nos ten acostumados a Consellería de Sanidade; pero a cifra total de ambulatorios que deixarán de contar con pediatría ata finais de setembro é só a punta do iceberg dun desmantelamento progresivo da atención pediátrica; debido ás malas condicións nas que teñen que traballar os profesionais desta área de saúde.

O SERGAS está a adoptar estas medidas restritivas durante o verán porque o problema de fondo é a fuxida de pediatras de atención primaria pola precariedade e inestabilidade á que se ven en centros de saúde que acusan a falta de recursos e a masificación. Aínda que se estima a creación de 40 prazas de pediatría para paliar esta situación, o SERGAS ten concedidas 26 este ano a traballadores do MIR. Vai ser claramente insuficiente cando está previsto máis de 80 profesionais con idades superiores aos 60 anos.

A ausencia de planificación, como denuncia SOS Sanidade pública, da administración

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

do PP supón a supresión de prazas mentres se concentran en lugares que afastan á cidadanía ao servizo requirido, ao tempo que sobrecarga ao profesional.

No caso do noso rural a situación aínda é máis sangrante, hai comarcas onde as familias que queiran levar ás súas crianzas ao médico, están obrigadas a se desprazar varios quilómetros a través de estradas en condicións moi deficientes, ou con transportes públicos insuficientes ou inexistentes. Tal é o caso da Pobra de Trives onde os usuarios e usuarias de pediatría van ter que ir ata Maceda, 55 km, ou ata á Rúa, 26km; ao tempo que só teñen un bus ao día con horarios disparatados no caso da Rúa e ningún se falamos de Trives-Maceda. Na outra cara da moeda, esta derivación provoca a masificación de centros como o de Maceda coa conseguinte sobrecarga para os profesionais como se indicou anteriormente.

O desmantelamento progresivo dos servizos máis básicos están afectando xustamente aos concellos, precisamente, onde máis cómpre que se asente poboación; provocando o abandono do rural e a falta de incentivos e de calidade de vida para os seus, cada vez menos, habitantes.

É por iso que o Grupo Socialista presenta as seguintes propostas de acordo:

1.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para que se desenvolva un plan de mellora da atención primaria e a reposición das prazas de pediatría, evitando así as derivacións masivas de menores a outros centros de saúde e a masificación destes centros de referencia.

2.- Dar traslado formal do acordo adoptado polo pleno da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia e ao Servizo Galego de Saúde.

Por agora nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. A problemática está explicada, ben explicada; nós concordamos. De todos os xeitos, si vou aproveitar para dicir algunha cousa.

O escaso número de pediatras co que conta o SERGAS está provocando problemas en centros de saúde de toda Galicia que se ven máis agravados coa chegada do verán e dos períodos vacacionais. Dende a Consellería de Sanidade alégase que non se dispón de persoal substituto para cubrir os postos que se quedan sen profesionais e decidiu, como xa se explicou,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

agrupar o servizo de pediatría en centros de saúde de referencia; o que leva, por exemplo, a que a situación nas zonas máis rurais, especialmente na provincia de Ourense onde hai Comarcas nas que as familias queiran levar aos nenos e nenas ao pediatra teñan que percorrer grandes distancias e tendo en conta, ademais, que as estradas e os servizos públicos de transporte entre as localidades non sempre son os mellores. Xa se puxeron aquí, enriba da mesa, os casos, por exemplo, da Pobra de Trives que se teñen que desprazar ata Maceda, 55km, ou á Rúa, 26. Xa se puxo tamén sobre a mesa, ademais, a deficiente conexión dos autobuses, das conexións públicas de autobuses, entre Trives e A Rúa, por exemplo, hai un autobús que sae as 6:40 da mañá e volve ás 6:30 da tarde.

Cando o señor Feijóo, o señor presidente da Xunta, nos falaba no debate de investidura de que esta ía ser a lexislatura do rural, eu creo que se lles esqueceu unha parte da frase. Quería dicir exactamente ou literalmente que ía ser a lexislatura do desmantelamento do rural.

O que está a acontecer non é neutro nin é casual, vén derivado e ten a súa orixe nos sucesivos recortes de persoal efectuados polo SERGAS coa escusa da crise e nunha ausencia de planificación da Administración, só interesada en desmantelar e privatizar o sistema.

Os sindicatos e asociacións estiman en 40 prazas as necesarias para paliar a situación que se agravará a curto prazo pola xubilación de 80 profesionais que teñen máis de 60 anos e estes profesionais representan case unha cuarta parte da totalidade de pediatras existentes na actualidade.

A falta de pediatras de atención primaria no SERGAS está provocando que máis do 50% dos facultativos padeza a chamada síndrome de *burnout*, síndrome de queimado, pola tensión e ansiedade que lles produce a sobrecarga de traballo. A falta de pediatras impide cubrir xubilacións, baixas e vacacións; obrigando aos médicos a ter que facer prolongacións de xornada e intersubstitucións asumindo á axenda do compañeiro que falta.

É preciso revertir os recortes orzamentarios, especialmente no capítulo de persoal. É preciso un plan de mellora da atención primaria que recupere o prestixio perdido e a faga atractiva para o persoal de pediatría e rematar coa precariedade dos postos de traballo nos centros de saúde.

Estas trabas asistenciais na atención pediátrica, xunto coa ausencia de axudas familiares ou a precariedade laboral, explican unha parte da caída dramática da natalidade en Galiza. De momento nada máis. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola a todos. Nós votaremos a favor da proposta. Estimamos que este problema, que xa foi exposto axeitadamente polos portavoces que me antecederon no uso da palabra, é unha mostra máis do que vimos denunciando repetidamente que é a discriminación que sofre Ourense dende a Xunta de Galicia.

Sen abondar xa nos argumentos habituais, isto é unha instancia pero refírese especificamente á nosa provincia. dicir que votaremos a favor e nada máis. Grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Como non podía ser doutra maneira, sempre que se fala de sanidade, pero é que nesta ocasión, a primeira palabra: *recortes*. Non podía faltar o de recortes, señor Gil. *Bueno*, pois vale. Mire, non lle é un problema de recortes. ¡Non!, mire, é un déficit de recursos -igual confundiron-, de recursos humanos, neste caso de pediatras, no mercado laboral. Quédese coa copla.

A min paréceme ben, paréceme excelente porque é un problema en pleno século XXI e todo o mundo debe ter, todas as familias deben ter un pediatra de referencia (de referencia, eh) e que expoñan o problema aquí e que nos lamentemos todos. Pero non se pode, obxectivamente, instar a unha institución sexa esta institución o SERGAS, sexa a Deputación, sexa a Xunta, cando de antemán sabemos (deberían sabelo) que non se teñen recursos para acadar o obxectivo polo que vostedes instan. Señora Gil repita comigo: *non é un problema de recortes, é un problema de recursos. ¿Vale?*

Hai un aforismo moi claro que repetimos moitas veces, ademais moi fácil, moi popular: *de onde non hai, non se pode sacar*. ¿Si ou non? De onde non hai, non se pode sacar. Pero tamén lle vou facer unha cousa, xa que defende vostede iso, ¿dígame, señora Gil, se ata mediados dos 90 –xa nos coñecíamos nos 90- quen atendía aos nenos e nenas menores de 14 anos? ¿quen? ¡Ah! Dígao alto: nós atendíamos aos nenos. Eran os médicos de familia e facíámolo ben, ¿a que si? Estaban todos contentos. É verdade que fomos progresando e agora pasa o que pasa. Todos os nenos e nenas do século XXI, aínda que nós atendemos aos nenos e nenas, teñen dereito a ter un pediatra de referencia. Si, claro que si. ¿Quen vai dicir que non? E este grupo de goberno vai dicir que tamén e tamén solicita o mesmo, aínda que sexa un brinde ao sol como lle vou a explicar.

Mire, non hai pediatras no mercado e mándolles unha mensaxe publicamente (que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

antes falando co presidente, diríame que igual estou facendo unha Oferta Pública de Emprego dende esta tribuna) se vostedes saben dun pediatra en paro en Ourense, en Galicia, en España ou no estranxeiro que estea en condicións e que teña *convalidado*, que teña *convalidado*, que veña, ¡que veña!, que tarda en traballar o que tarda en asinar o contrato.

Concretamente onte falaba cun compañeiro meu, un director en Pontevedra, e me dicía textualmente: *esta tempada de verán estou xestionando, sobre todo, onde derivar aos pediatras que hai dispoñibles porque non atopo ningún*. Textualmente me dixo iso, un vello coñecido meu, que vostede coñece, que despois se quer dígolle quen é.

É máis, non se ría señora Lama porque mire, Asociación Galega de Pediatría, a señora presidenta, nun periódico que saíu hai uns días: *todos los niños tienen derecho a tener un pediatra* (xa o dixen eu, dío ela tamén).

Dille o entrevistador: *una de las medidas del SERGAS es el aumento de la edad de jubilación, ¿soluciona algo?*

E di a señora Amparo Rodríguez, hai que dicilo, que é a presidenta da Asociación Galega de Pediatría de Primaria, di: *el déficit de pediatras va a empeorar con las jubilaciones. Es una buena medida a corto plazo; pero necesitamos otros planes, planes estructurales* (di ela)

- *¿Cuántos pediatras hacen falta? Le preguntan*

- *Galicia no es la Comunidad con más déficit, la situación es más grave en Madrid o Baleares* (dígolle isto ao señor Ojea porque di que estamos discriminados. Eu estou lendo aquí o que di a presidenta) *dice: Galicia no es la Comunidad con más déficit, la situación es más grave en Madrid o Baleares, pero si no se hace nada, vamos camino de alcanzar sus cifras. En nuestra Comunidad el 13% de los niños no tienen pediatra, son atendidos por los médicos de familia.* (señora Gil, aínda está facendo o 13% o que faciamos nós e atendiámoslos ben ¿a que si?)

- *¿Por qué esta falta de especialistas en primaria?*

- *Con un paro cero, no hay pediatras para contratar*

Polo tanto, señora Lama é que hai paro cero, non hai. Por iso lle digo que se trae algún, o tempo que tarda en traballar é o tempo que tarda en asinar o contrato.

E pregúntalle máis:

- *¿Cómo está yendo la reorganización del servicio puesto en marcha este verano en*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

*Galicia?*

- *Se nos ha reagrupado a través de centros de salud de referencia.*

Polo tanto, aquí é o que se está facendo, xestionando os recursos que hai; non os recortes porque non pode haber recortes cando neste caso, non hai recursos. *¿Estamos de acuerdo?* Polo tanto, mala cousa foi iso que lle puxera vostede recortes.

Négome a aceptar o que di o señor Ojea e o que di vostede, que Ourense e en Galicia estamos no resto de España. Dío a presidenta que non *¡gracias a Dios!* España é dos poucos países de Europa, ademais voulle a dicir e pódeno contrastar vostedes, que aposta pola pediatría en atención primaria. Galicia, no contexto nacional, é unha das Comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, *cercana* ao 90% (está no 87% o que dicía a presidenta da Asociación de Pediatría); noutras Comunidades como as de Baleares, case a metade dos nenos e nenas non teñen e son atendidos como facíamos vostede e máis eu, polos médicos de familia; en Castilla la Mancha é do 42%; Estremadura, Canarias e Andalucía *ronda* o 15%. O señor Ojea di que nós estamos discriminados, *¡pois bueno!*, tamén os recortes e a discriminación falando de Galicia e Ourense préstase para todo, para un roto e para un descosido. Sigán así.

En Galicia creemos no actual modelo de atención primaria nos centros de saúde, pero nos atopamos cunha dificultade: a situación do mercado laboral que é de cero pediatras. Para paliar esta situación o SERGAS ten que xestionar; e non só xestionar, senón optimizar os recursos existentes, neste caso, os pediatras. *¿Como se optimizan os recursos?* Déuselle, xa, a posibilidade inmediatamente de xubilación aos 68 anos. Cada pediatra que se xubilaba, ofrecíanlle tres anos máis. *¿vale?* Dío así a presidenta, tamén o digo eu, que esta é unha media provisional de anos, pero non estrutural.

Estase promovendo a captación de profesionais de fóra de Galicia polo SERGAS, por iso que a señora Lama non se ría, xa o propio SERGAS está vendo se no mercado nacional hai pediatras; por iso lle digo así, a ver se localiza a alguén que se lle fai o contrato. *¡Venga!* Dende a Xunta solicitouse ao Ministerio que aumente o número de profesionais da formación MIR.

Que quede *clarito*, que non é o Servizo Galego de Saúde, o SERGAS, o que forma profesionais é o Ministerio e se houbo unha mala planificación, que niso estarei e estou de acordo, en formar pediatras vía MIR, esa é outra cuestión. Pero en todo caso, foron os distintos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Ministerios que pasaron os que non se decataron de que hai unha idade de xubilación e de que hai unha necesidade de formación destes especialistas.

Reorganización a través dos centros de referencia de atención pediátrica, porque ademais do modelo de atención pediátrica de primaria, pode ser optimizado así. E é básico e sempre estiven de acordo, algúns dos que me coñecen, falando de médicos, sempre dixen que non poden andar os médicos polos camiños e polas *carreteras* perdendo o tempo, conducindo, non poden. E vostede paréceme que está de acordo comigo, señora Isabel. Porque moitos profesionais que prestan asistencia en centros de saúde de núcleos moi dispersos, pequenos, invisten parte, gran parte diría eu, da súa xornada laboral en ir polos camiños para ir atender aos nenos.

Nos núcleos moi pequenos, onde a asistencia prodúcese unha vez por semana, as familias non saben moitas veces onde está o médico pediatra e nese momento hai que organizar. E organízanse ¿como? Pois agrupándoos en centros de saúde de referencia que, aínda que quedan máis lonxe -¡claro que quedan máis lonxe!- as familias saben que alí encontrarán o médico. Foi o mesmo que cando nós tiñamos aquelas gardas focalizadas, señora Isabel que, cando o paciente ou a familia do paciente quería localizar ao médico, dí que estaba no *pueblo*. ¿Pero en que casa estaba do *pueblo*? ¿onde o localizaba? Ao mellor era que, aínda que estivera máis lonxe, tivera un punto de referencia físico e alí atopaba ao médico. Pois isto da pediatría igual; en vez de andar polos camiños, indo unha ou dúas veces a pequenos núcleos e despois desprazándose e perdendo o tempo conducindo, aínda que queda máis lonxe, pois estar nos centros de referencia de pediatría e así as familias, nun momento dado cando necesiten a atención pediátrica, saben onde atopar ao especialista.

Pol tanto, como criterio xeral, solo se efectuará naquelas zonas onde falten pediatras para realizar a cobertura estival. Ou sexa, os centros de referencia poranse onde falten pediatras; acabo de dicilo vostede, na Rúa, Maceda, Celanova, etc...serán os lugares de referencia e, en casos específicos, procederase a agrupación onde existan menos de 600 cartillas.

Polo tanto vamos a ter, e non vou para cansarlles, dicir as vantaxes en canto a calidade, as vantaxes en canto a familias e as vantaxes en canto á mellora da calidade existencial dos profesionais que están alí e non teñen porque andar desprazándose. Que tampouco se lle esixe, sabeo vostede ben, que teñan carné de conducir para andar dun lado para outro aos médicos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Polo tanto, que teñan un sitio de referencia e que teñan un sitio onde as familias poder atopar o seu médico.

Polo tanto, quédese ben; non é unha cuestión de recortes. Segundo, non é unha cuestión de discriminación. É unha cuestión de recursos humanos que non hai dispoñibles no mercado porque os distintos Ministerios non tiveron a previsión suficiente e a planificación para ter os recursos necesarios para a asistencia pediátrica. Punto. Nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas. Señor Rosendo Fernández, le, estivo dándonos explicación da Asociación de Pediatría da Comunidade Autónoma de Galicia. Eu voulle a ler aquí un parágrafo da Asociación Española de Pediatría, unha sociedade científica que representa a máis de 14.000 pediatras que traballan tanto en hospitalaria como en atención primaria. Indica que *a cuestión de base é o déficit deste tipo de profesionais en atención primaria nos últimos anos debido á falta de reposición das xubilacións (re-cortes) á falta de reposición das xubilacións – recortes- e ao estancamento das ofertas de prazas MIR de pediatría (estancamento das prazas MIR, non se formaron pediatras) e, sobre todo, a falta do atractivo das propias prazas na atención primaria debido a unhas condicións laborais caracterizadas por horarios prolongados, sen incentivos; así como o incremento dos puntos de difícil cobertura* como poden ser as zonas rurais. Polo tanto estamos a falar de recortes tamén e de previsións.

Eu, entón, diríalle, facendo o mesmo, a recomendación que me deu vostede a min; eu diríalle a vostede –e voulle a demostrar- repita comigo: *é un problema de recortes*. E voulle a demostrar.

Fala tamén de andar polos camiños, perdendo o tempo nos camiños para atender ao menos. Entón mire, señor Rosendo Fernández, é que dende fai tempo xa non ocupa vostede cargos no SERGAS e na sanidade pública Ourensá entón non sabe vostede o organigrama de pediatría en atención primaria, o seu organigrama, do seu Partido Político e da Xerencia Ourense-Verín-O Barco desta provincia. Mire vostede, organigrama (por iso de que andan os pediatras perdendo o tempo polo camiño), comarcas grandes a estrutura e o organigrama do Servizo Galego de Saúde na provincia de Ourense son dous pediatras, dous pediatras, por comarcas grandes. Barco, Carballiño, Celanova, Barbadás, Xinzo, Verín e Ribadavia hai dous pediatras; excepto en Verín que hai tres e no Barco que hai tres porque un está desprazado na Rúa. Entón, concentran dous pediatras nas áreas comarcais grandes. Despois, hai 5 comarcas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

que non teñen pediatra, son: Coles, Bande, Trives, Castro Caldelas e Viana do Bolo.

E ¿como solucionan vostedes este asunto? Pois desprazan os pediatras das comarcas grandes a estas comarcas máis pequenas; máis pequenas no sentido do número de habitantes de nenos e nenas e non por dispersión xeográfica porque, ao mellor, seguro que teñen máis dispersión xeográfica. Entón ¿como fan? Para Coles mándanlle un dos pediatras de Ribadavia -hai dous, un no centro e outro deslizando-; é dicir, Coles, dous días, un pediatra de Ribadavia. A Bande vai un dos dous pediatras de Celanova, a Trives e a Caldelas o pediatra de Maceda e a Viana do Bolo o pediatra da Rúa. Despois, queda Allariz cun só pediatra.

Entón, mire vostede, o seu organigrama, o organigrama do seu partido político aquí na provincia de Ourense é desprazar a un dos pediatras, concentrado nas grandes comarcas, desprazalo ás comarcas onde non teñen pediatras. Polo tanto, andan perdendo tempo no camiño e, a parte do tempo do camiño, andan nunhas condicións bastante penosas e poñendo, incluso, en risco moitas veces a saúde polo tema de, moitos sitios, as comunicacións como están.

¿Que pasa? *Bueno*, pois con este organigrama que teñen. Ben, eu non o discuto porque igual me di vostede: é que nas comarcas pequenas non hai suficiente número de nenos, entón os concellos non teñen suficiente número de nenos; pero si todos os concellos teñen dereito a ter un servizo de pediatría. Polo tanto, o obxectivo deste organigrama é manter tamén aos concellos pequenos con servizo de pediatría. ¿Que pasa agora? Pois neses grandes centros onde hai dous pediatras deslizando a aquelas comarcas que non o teñen; ao coller un pediatra vacacións xa non pode o outro deslizar. Entón aí habería que substituír. Pero claro, resulta que mire vostede se non é unha cuestión de recortes -¡claro que é unha cuestión de recortes!- aforramos sete pediatras, o soldo de sete pediatras. ¿vale? Entón aforramos o soldo de sete pediatras, co cal seguimos falando de recortes.

Quería facer aquí unha mención especial, mire vostede, unha mención especial ao tema de Maceda e Trives-Caldelas. Mire. Evidentemente, como vostede dixo, nas vacacións que non hai pediatra para substituír, eliminan polos tres meses de verán -que si hai 2 pediatras, son dous meses os que non se podería substituír, pero *bueno*-, eliminan a substitución dos tres meses de verán hasta setembro en todas estas comarcas que teñen o pediatra compartido: Coles, Bande, Trives, Caldelas, Viana, etc... Ben, pois o caso de Maceda, Caldelas e Trives non entra neste sistema ¿por que? Porque en Maceda, Caldelas e Trives hai un só pediatra. E

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

que hai que substituír. A praza foi creada tal cal, Caldelas, Maceda e Trives e hai un pediatra; ese pediatra hai que substituílo. Entón, está substituído e hai un pediatra, mire vostede, recente pero si está substituíndo en Maceda, Caldelas e Trives un pediatra. Pero ¿que pasou? Que a Administración díxolle, *bueno*, vamos a manter o sistema de que non vaia a Caldelas e a Trives, cando ese pediatra ten que cumprir a mesma praza que estaba cubrindo o pediatra ao que substituíu; é dicir, media xornada en Maceda todos os días e despois dúas medias xornadas en Caldelas e dúas medias xornadas en Trives. polo tanto non entendo porque lle dixeron a este pediatra que está substituíndo ao pediatra titular que non fora a Caldelas e a Trives, porque esa é a praza: Maceda, Caldelas e Trives. Polo tanto ese tema non é un problema de recursos humanos porque hai un pediatra substituíndo. Vólvo a repetir para que quede claro.

O resto de pediatría, pasa unha cousa, son prazas estas, deste organigrama da provincia de Ourense, que á larga, á larga, van quedar sen cubrir por dúas razóns. Unha, porque a propia administración de Ourense pretende centralizar o servizo de pediatría nas grandes comarcas, polo tanto hai que mentalizar á xente de que xa hai tres meses que non temos pediatra, ímonos acostumando e así non vamos a protestar. Entón estamos mentalizando á xente de que, á larga, vamos a centralizar o servizo nas grandes áreas, como vostede dicían, para que non perdan os tempos polos camiños; pero é que aquí o rural tamén ten o dereito a ter pediatra. E segundo caso, porque os pediatras, como vostede dicía que hai pouco pediatras e falta recurso de pediatras, dende logo que non van a elixir as prazas que teñen máis penosidade. É dicir, o pediatra, se hai poucos pediatras, á hora de elixir praza vai elixir aquelas onde estea máis cómodo que será onde non teña que desprazarse a outras comarcas, pola penosidade e a falta de incentivos que teñen estas prazas con desprazamento ou deslizamento que, por encima, non teñen ao seu servizo a axuda dunha enfermeira especializada en pediatría.

Polo tanto, señor Rosendo Fernández, é un problema de recortes, non de recursos. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Como habitualmente o señor Rosendo preséntanos unha situación *cuasi* idílica, con algunha concesión á mellora, como recoñecendo algún problema, pero en todo caso, cousas colaterais e menores.

Eu vou a volver á realidade. Nós temos que denunciar, outra vez máis, o que levamos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

dicindo habitualmente, reiteradamente que é que a lamentable situación da nosa provincia, que está condenada a desaparecer demograficamente...Porque a falta de pediatras é grave, pero é que a falta de nenos é gravísima.

Tamén, volver denunciar, por enésima vez, que as duras políticas de xestión do rural levaron á emigración e ao desmantelamento e sen pór en valor o rural non pode haber servizos. Se a todo isto lle xustamos que se quere eliminar o estado de benestar e para iso estamos asistindo a unha voadura controlado do mesmo con recortes, con eliminación de postos de traballo, con contratos lixo; temos o cóctel perfecto dentro da Administración pública. E ¿por que? Porque está xestionada por xente que non cre no sector público, só goberna para engordar o privado.

A falta dunha xestión previsor e anticipadora nos últimos anos ten conducido a este desastre de falla de especialistas. Pode entenderse que os traballadores teñen dereito ás vacacións e días de descanso e para iso teñan que agruparse algúns *cupos* durante un mes; pero o que non é de recibo é o feito, que xa se denunciou aquí e que volvo insistir, é que Trives, Castro Caldelas e Maceda, nestes sitios non hai ningunha excusa organizativa do traballo do pediatra, nin vacacional, que xustifique que non se presta a atención como se viña facendo. Se hai pediatra todos os días en Maceda, ¿por que ese pediatra non pode seguir desprazándose a Castro Caldelas e Trives como fai o resto do ano? Non vemos aquí ningún argumento organizativo.

E non perdamos de vista, vostede que non nos fala de discriminación, que as políticas do goberno do señor Feijóo na sanidade en Ourense sempre teñen sido moi raquílicas e de clara desigualdade con outras provincias ou áreas sanitarias. Non podemos esquecer, dende logo, o desmantelamento do servizo de cirurxía pediátrica as 24 horas por parte da prima Eloína.

Por tanto, señores do Partido Popular, non valen os argumentos de que dada a situación de escaseza non se pode facer outra cousa. Este deserto é froito das súas políticas, das súas ineficacias na xestión e do seu traballo constante a prol do deterioro dos servizos públicos para empurrar á xente aos servizos privados, ás mutuas e ás consultas de pago.

Nós, dende logo, como facemos habitualmente sempre que se fala da sanidade, sempre que se fala da sanidade en Ourense, vamos a votar a favor. Nada máis. moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Ademais de todos os argumentos que xa levan comentado os compañeiros, xa que o señor Rosendo di que hai unha escaseza enorme de pediatras; eu rogaríalle tanto aos medios de comunicación, como as representantes desta Institución que dean a coñecer ese feito, sobre todo agora que estamos no verán e están a punto de empezar os cursos universitarios, alá polo mes de setembro, para que a sociedade o saiba e todas aquela persoas que estean en época de acceder á Universidade, se o que están é buscando unha profesión na que desenvolver o seu traballo, pois que se saiba para que quen se está agora matriculando na Universidade saiban que poden ter unha saída laboral se se matriculan en Medicina, pensando na especialidade de pediatría.

Unha cousa que sempre estamos dicindo que a xente emigra porque aquí non hai traballo e no momento que sabemos que hai un nicho de mercado laboral, pois dalo a coñecer; sobre todo á xente nova para que poida, ao mellor nun futuro próximo, encher ese nicho laboral. E, ao mesmo tempo, as institucións involucradas, Ministerios, Consellerías mellor dito tamén, que tomen as medidas pertinentes a ver se non vai haber infraestruturas suficientes para acoller esa avalancha de demandantes desa clase de estudos.

Despois, outra cousa que se me ocorreu, así en plan anecdótico; cando o señor Rosendo dixo que un pediatra non ten por que saber conducir. Efectivamente, unha persoa pode ser un xenio, un talento en pediatría e ao mellor non querer, ou non saber, ou non ter habilidade para conducir un vehículo, para poderse desprazar. E veuse á memoria o pediatra máis famoso que tivemos en Ourense, o famoso doutor Gallego, que non quería conducir; así que imaxínense vostedes que enorme talento se tería perdido se o señor Gallego, se o doutor Gallego tivérase visto obrigado a ter que conducir un coche para facer chegar os seus enormes coñecementos en materia pediátrica ao rural. Unha reflexión que queda aí no aire.

Nada máis, como xa dixen na primeira intervención, dicir que votaremos a favor. Grazas.

**D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular:** grazas presidente. Señor Rodríguez Suárez, fala, fala, fala....falar do presidente da Xunta que era a lexislatura do rural. O problema é que, cando vostedes gobernaban a lexislatura do bipartito, non dicían que ía ser; dixeron: no, vamos a crear a Consellería do Medio Rural que ía solucionar todo. Pasou a Consellería, pasou o bipartito e paréceme que nada, ¿non se acorda da Consellería do Medio

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Rural? Vale.

Señor Ojea, eu non sei se un político ten a obriga ou non de ler a prensa; pero se vostede le a prensa, concretamente do 17 deste mes, titular: *La sanidad no encuentra cura al déficit de especialistas agudizado en verano*. Eu creo que os medios de comunicación e de información, os notarios da actualidade –como eu digo- de todos, están cumprindo ben e moi ben coa súa misión. É un titular: *La sanidad no encuentra cura al déficit de especialistas agudizado en verano. Radiología, cardiología y pediatría son las áreas con mayor problema para captar a un especialista*. Ou sexa que os medios de comunicación creo que fixeron ben a o seu labor.

Señora Gil, eu fállolle da Asociación galega de pediatría porque estamos en Galicia. Vostede vai á Asociación Española de Pediatría, pero vén e solo fala de Maceda, Trives, Coles, Caldelas e do Centro de Saúde de Valle Inclán. ¿Querería eu saber eu cantos da Asociación Española de Pediatría coñecen a singularidade e a idiosincrasia da pediatría aquí en Ourense? ¡Home, refirámonos á que está máis próxima que será máis coñecida! Non, vostede vai a española que, como é a española, debe saber máis. Non.

Mire, cando lle falo de itinerante son itinerantes, os pediatras itinerantes, porque prestan asistencias descontinuas e o que se fai no verán e reagrupalos, xa lle dixen, en centros de referencia que cubrirán zonas máis amplas. É o que lle estou dicindo, non van perder o tempo polos camiños. Efectivamente van a estar nun punto fixo que se sabe, continuamente, coa vantaxe de que as familias van coñecer onde está e o tempo que perde por andar *carreteras* vai adicarllo á atención primaria nun punto, ou nun centro de referencia que si. Onde hai pediatras itinerantes que prestan asistencia descontinua, en localidades diferentes, incorpóranse a eses centros estables ¿estamos de acordo?

E non fai falta dicir tanto que *tumba e que dalle*, porque tamén me di vostede aquí ¿como non vai haber recortes na sanidade galega se non hai reposición e atractivo? Pero non lle dixen a vostede, alto e claro pero repítollo, que a reposición é o sistema MIR e que non é precisamente o SERGAS nin a Deputación o que fai o sistema MIR, o que convoca o sistema MIR. ¿Como vai haber recortes? Haberá recortes, pois pregúntello ao Ministerio e aos Ministerios correspondentes; pero non neste caso ao SERGAS que quer fichar, contratar, pediatras e non os ten. ¿Non?, ¿é mentira? Pois contrate vostede, tráiao. ¿Como di que non? A ver se o atopa e o trae.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

E o atractivo. O atractivo é algo moi persoal. Non é un tema de recortes, é un tema moi persoal. Vostede como profesional pode, se ten a posibilidade, atender nun sitio ou atender noutro. Falábame este amigo, co que falei onte este tema, *pues mira que creo que Pontevedra es atractivo en el verano*. E non encontraba profesionais atractivo o verán en Pontevedra, dicíame el.

Polo tanto, mire, ás veces, señora Gil, argumentábase máis con ousadía que son sensatez. É aquilo que diría don Ortega y Gasset, *la gente cuando argumenta tiende a coger el rábano por las hojas*. Non collamos o rábano polas follas, señora Gil. Non fale de recortes cando, onde non hai non se pode sacar e isto é así. Pero como non quero que vaian a dicir, como cando foi da pediatría: *o Rosendo, pese a ser médico, votou en contra*. No, no. Alguén dixo, chegou a dicir, mira que che increpa...No, vamos a votar a favor. Vamos a votar a favor porque pode ser que apareza un pediatra por aquí, por alí... Agora que fixen unha oferta pública de pediatras, poden aparecer; entón, vamos a votar a favor. ¿Contentos? Xa está. Nada máis e moitas grazas

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Moitas grazas a todos os grupos polo apoio a esta moción. Eu creo que os nosos nenos e nenas da provincia nolo van a agradecer e tamén ós papás e ás mamás.

Pero, non me vou quedar co *gusanillo* de responderlle aquí a un par de cuestións, señor Rosendo Fernández. As cuestións son as seguintes. Os centros de referencia xa os hai durante todo o ano. Durante todo o ano están os centros de referencia onde teñen dous pediatras e incluso tres, aí sempre vai haber un pediatra; o que falla é o segundo pediatra cando un se vai de vacacións que non pode cubrir aquelas comarcas onde teñen o pediatra compartido cos centros de referencia. Polo tanto, xa sabe todo o mundo onde hai sempre pediatra, iso xa está cuberto.

Segundo, di vostede que os médicos de familia cubríamos pediatría; evidentemente. Os médicos de familia cubríamos pediatría porque non había pediatras en primaria naquel momento; pero grazas a que o sistema de atención primaria e á reforma de atención primaria fixo que o rural tamén puidera ter pediatras e non fora só unha opción das grandes cidades. Entón, eu creo que o rural tamén ten dereito a ter os pediatras e grazas a esa reforma da atención primaria no decreto do 2000, 1903, mire se me acordo, a reforma da atención primaria; daquela paréceme que era vostede director provincial do SERGAS, alí nos atopamos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

pechados uns cantos médicos, se vostede o recorda. Moitos anos hai diso. En grande medida, ese desenvolvemento da atención primaria deunos a opción de ter pediatras no rural. Pero, temos que seguir defendendo o rural e que a xente, nenos e nenas, que vivan no rural teñan dereito a este servizo.

Os médicos de atención primaria, si, creo que podemos atender, e, de feito, os que facemos *guardias*, atendemos á urxencias, á enfermidade; pero os mellores profesionais para defender e atender aos nenos -vostede sabe, o programa do neno *sano*- eses son os especialistas no tema de nenos que son os pediatras, non somos os médicos de familia ou médicos xerais. Polo tanto, hai que seguir defendendo a pediatría, hai que seguir que os nosos nenos e nenas do rural sigan tendo servizo de pediatría.

Referente aos recursos. Mire vostede, voulle dar unha solución do tema de falta de recursos humanos ao que vostede se refire, que algo de razón tamén leva. Voulle dar unha solución, mire vostede. O tema de Manzaneda Trives e Caldelas, hai un pediatra facendo a substitución do único pediatra que hai; polo tanto, se vostedes lle pagan ese pediatra –imaxino que será un pediatra *recién* terminado, seino que é *recién* terminado- se non ten coche, páguenlle vostede un taxi e que cumpra a función da praza Maceda, Trives e Caldelas. Media xornada todos os días en Maceda, dúas medias xornadas en Trives e dúas medias xornadas en Caldelas. Se non ten coche, como moitos cando empezamos a traballar que non o tínhamos, que lle pague o SERGAS un taxi para o desprazamento. Pero isto é restablecer o servizo de forma inmediata na praza de Maceda, Trives e Caldelas. ¿Vale? Non é un problema de recursos, é un problema de incentivos, pagar a penosidade e o desprazamento do pediatra.

Segundo, manter os servizos periféricos tal e como se estaban facendo antes das vacacións. Mire vostede que fácil é cun só pediatra, só fai falta un pediatra máis. Un pediatra máis para traballar cinco días; pero, claro, vostede tenlle que pagar a penosidade desa praza para que un pediatra acepte facer ese periféricos. Son cinco días: dous en Coles, un en Boborás, outro en Cea, outro en Bande e quédame outro por aí despistado que non sei cal é. Polo tanto, cun pediatra cobre vostede os cinco días que faltan de servizo de pediatría nas comarcas; só cun pediatra. Agora, tamén tenlle que pagar vostede o desprazamento, a penosidade da praza porque cada día ten que estar nun sitio.

Polo tanto, resolto está. Resolución inmediata do servizo de pediatría en Maceda, Trives e Caldelas. Págalle vostede un taxi se non ten coche, ou páguelle vostede un plus por

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

penosidade e desprazamento, porque evidentemente se está un mes e ten que pagar o *sueldo* que gana en desprazarse, xa me dirá vostede, que pague o SERGAS que é o que ten que facer: incentivos. Segundo, simplemente contratar un pediatra para cubrir as outra comarcas que quedan sen cubrir. Un pediatra, páguelle vostede un incentivo e un plus por penosidade e desprazamento e xa temos cuberto o organigrama tal como tiña formulado o SERGAS na provincia de Ourense.

Digo, non é un problema de recursos humanos é unha vontade política de manter o servizo de pediatría no rural. Polo tanto, nada máis. Moitas grazas a todos polo apoio á moción e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para que se desenvolva un plan de mellora da atención primaria e a reposición de prazas de pediatría, evitando así as derivacións masivas de menores a outros centros de saúde e a masificación destes centros de referencia.
2. Que esta Deputación inste ó SERGAS para que restablezan, de xeito inmediato, os servizos de atención pediátrica nos concellos do rural da nosa provincia.
3. Dar traslado formal do acordo adoptado polo pleno da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde.

### **11º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA CONTAMINACIÓN DO ENCORO DAS CONCHAS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Vou á exposición de motivos.

As cianobacterias volveron cubrir de verde unha parte importante do encoro das Conchas. A proliferación das algas que produce unha vista e un cheiro desagradables foi

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

confirmada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, organismo encargado de levar a cabo os controis da auga; chegando a falar dun *boom* de cianobacterias.

A pesar da situación, perceptible por calquera persoa, a suposta ausencia de toxicidade é a que, de momento, provoca que a Consellería de Sanidade manteña o cualificativo de *excelente* para a masa de auga que comparten as praias fluviais de Muíños e Bande. Calquera que se achegue e vexa o estado das augas dificilmente pode entender como pode cualificarse de excelente para o baño.

O BNG ten preguntado no Parlamento, en reiteradas ocasións, pola calidade das augas, ao tempo que tamén ten aproveitado para cuestionar o proxecto de transvase entre este encoro e o do Salas, unha central hidroeléctrica reversible que pretende facer Gas Natural; proxecto que, a xuízo noso, rompe co principio de precaución e contaminación ao unir os dous elementos.

Esta non é unha situación nova xa que se repite sistematicamente ao longo dos últimos anos e que se recruece na época estival. E, como non é nova, o BNG xa na altura do 2011 cando se produciu unha das maiores concentracións de cianobacterias, ademais de esixir explicacións ao Ministerio pola desidia diante da contaminación, reclamou medidas diante dun grave problema que cómpre atallar e que está afectando á economía e ao turismo da Comarca da Limia Baixa; unha Comarca xa deprimida social e economicamente e esquecida polo goberno do Partido Popular. Como é público e notorio, pouco ou nada se fixo dende entón.

Por se fora pouco, a bacía do Támega é a única da provincia que pertence á Confederación Hidrográfica do Douro, cuxo centro de decisión está en Valladolid o que implica un importante prexuízo para os veciños e veciñas da provincia. A maiores teño que dicir, xa adiantándome a posibles malas interpretacións, que coa presentación desta moción desde logo non estamos a culpar, de ningún xeito, ao Concello de Muíños desta grave situación. Todos sabemos que o problema está augas arriba e ten que ver coa concentración de granxa e, sobre todo, coa sobreexplotación agrogadeira na Comarca da Limia da Limia Baixa. Un dato, a Limia congrega á meirande concentración de granxas de porcino, de vacún, cunícolas, avícolas e ovinas de toda Galicia, cunha explotación por cada 2 km<sup>2</sup>.

Teño que lembrar algún dato, a zona conta con 14.000 hectáreas de cereal, produce o 90% da produción de pataca; a carga avícola incrementouse nun 1.000% e a de porcino

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

nun 400%, o que produce uns tres millóns de quilos de xurro que a terra non é capaz de asumir. Por outra banda, o incremento de fertilizantes e abonos nas explotacións dificulta tamén que a terra poda asumir todas estas substancias e o feito de que a maioría dos terreos son altamente propensos a inundarse cando chove, provoca que todos ese nutrientes e fertilizantes vaian a parar ao Limia e despois rematen no encoro.

Vai facer tres anos púxose en marcha un programa, o *Life rexenera Limia*, que ten como obxectivo reducir a presenza de nutrientes de orixe agraria e gandeira nas masas de auga da comarca da Limia e recuperar e rehabilitar os cursos fluviais afectados a través de técnicas innovadoras. A realidade é que despois deste tempo, á vista da situación, podemos concluír que o programa non deu os froitos agardados; ou, ao mellor, como era un programa experimental hai que esperar a que simplemente e definitivamente.

Tampouco axudou o pecha da planta de Sarreaus de tratamento de *purín* de explotacións agrarias xestionada por Coren. A planta pechou no ano 2014 e trataba uns 110 millóns de quilos de residuos orgánicos de animais cada ano para o seu secado; aproveitando par xerar electricidade no proceso. A decisión do goberno de aplicar as primas ás renovables abocou ao seu peche, como digo, no ano 2014, e o problema dende entóns é que os pequenos e medianos gandeiros deben alugar camións para trasladar os xurros a fincas arrendadas e habilitadas para depositar estes vertidos en municipios afastados como pode ser a Cañiza ou a Gudiña; o cal, dende logo, supón un custo adicional para estas pequenas explotacións.

Nós, en función de todo isto, o que solicitamos na nosa moción son dous acordos:

Un, *demandar do goberno central un plan de rexeneración dos ríos da provincia*. (evidentemente non hai que insistir moito, poñendo especial fincapé no caso da Limia por todo o explicado)

En segundo lugar, aproveitamos xa que volvemos falar de ríos, *solicitar que a xestión da bacía do Támega pase a ser competencia da Xunta de Galicia*. No Pleno de maio xa se aprobou por unanimidade unha petición semellante. Neste caso o que facemos é aproveitar para recordarllo ao novo goberno e, en todo caso, concretar tamén un pouco máis a petición porque daquela falabamos de demandar do goberno central as competencias da Confederación Hidrográfica do Douro. Nós neste acordo que solicitamos é que as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

competencias da bacía do Támeiga, que é a que xestiona agora mesmo esa Confederación Hidrográfica, pasen a ser competencia da Xunta de Galicia.

De momento nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Nós, antes de nada, dicir que non compartimos a opinión de que a Comarca da Limia estea sobreexplotada de xeito gandeiro, agrícola. Pensamos que hai outras zonas incluso de Galicia e de España moito máis explotadas e o que necesita precisamente esta provincia son explotacións económicas de todo tipo. Iso é o que estamos repetindo sempre para que o impulso económico leve á repoboar a provincia e a avanzar; entón esa lectura non a facemos.

O que si que é obvio, porque se repite sistematicamente, é a contaminación á que se fai referencia na moción. A nós preocúpanos, de feito no Pleno pasado fixemos unha pregunta ao respecto, de se esta Institución tiña pensado achegar algún tipo de solución, sobre todo tendo en conta que a Confederación Hidrográfica atópase agora mesmo nunha especie de *vacío* de poder polo cambio de goberno en Madrid, entón precisamente preguntamos un pouco en aras desa preocupación.

Eu teño aquí un informe técnico do Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente acerca dunhas análises da auga, firmado por un comisario de augas, Xoan Novoa Rodríguez. Aquí están os resultados con moitos diagramas físico-químicos, etc.... con moita fórmula química; pero vou pasar a lerlles, participarlles as solucións para despois comentalas un pouco. Di así, *Conclusiones:*

*1.- Los nitratos están muy enriquecidos en N18, nitrógeno (no, perdón, N15, uff estas gafas...os números pequeniños xa nin con gafas) N15, nitrógeno isótopo 15, lo que indica una contribución importante de residuos ganaderos y/o la presencia de residuos urbanos no bien depurados.*

*2.- Sorprende que relativamente pocas muestras conservan una señal típica de fertilizantes inorgánicos, procesos de desnitrificación-nitrificación podrían estar alterándolos. Valores relativamente altos.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Con estes dous puntos do principio nas conclusión xa podemos razoar. Polo visto, as análises demostran que son residuos gandeiros máis que de actividades industriais e residuos urbanos non depurados. Ou sexa que parece ser que o problema vén, tamén xa se dixo, dos residuos de gando se non se ten coidado de botar eses residuos nas fincas sen que vaian aos acuíferos, concretamente sabemos que esa zona está drenada cunha serie de canais. Despois tamén di que hai unha relativamente pequena cantidade de fertilizantes inorgánicos, ou sexa que eses gandeiros fertilizan, como se fixo de toda a vida as súas fincas con fertilizantes orgánicos.

Eu son fillo de granxeiros e moitas veces fixen isto mesmo, levar abonos orgánicos, excrementos de aves mesturadas con *serrín* ás fincas; entón, sobre todo no inverno, ás veces, non era fácil entrar nas fincas porque están molladas e afóndanse e comprobei que moitas veces os gandeiros bótanos no borde, para non meterse co tractor na finca, bótanos no borde onde ao mellor hai unha cuneta ou un acuífero e iso, exactamente, hai que ter moito coidado porque, se ben o fertilizante orgánico na finca o único que fai é ben, fertilizar á terra; se vai aos acuíferos causa esta clase de problemas. Entón esa parece ser, segundo estes informes unha das causas e de feito teño aquí tamén que nos pasaron unha serie de expedientes sancionadores con fotografías de acúmulos desta clase de abonos orgánicos que foron sancionados. Polo visto esa é unha das causas principais.

A outra causa que se fai referencia no informe é a de augas non depuradas. Polo visto comentóusenos que moitas das depuradoras que hai na zona están, como quen di, de *atrezzo* ou de adorno. Sabemos, porque xa se ten falado moitas veces, que esas depuradoras teñen un custe económico moi importante para os Concellos e parece ser que é unha práctica máis habitual do que debería que non estean encendidas, que non funcionen a tempo completo para non gastar demasiada electricidade porque, claro, *tira do contador* como soe dicirse. Mesmo aquí na cidade de Ourense temos experiencia do que é que determinadas plantas depuradoras non funcionen a tempo completo axeitadamente, refírome ao vertido, que todos vostedes coñecerán pola prensa, do Barbaña.

Aquí o que temos que facer fincapé é nisto. Esas augas deberían ser depuradas, as depuradoras deberían de funcionar, xa sabemos que é unha cousa complicada porque teñen un custe. Algún alcalde ten rexeitado, precisamente, a instalación de depuradoras argumentando que non podería soste economicamente o custe delas. E por outro lado, ao

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

mellor precísame unha campaña de sensibilización dos gandeiros para que teñan coidado ao botar esta clase de abonos orgánicos, de que non invadan os acuíferos. Todo elo sen que tamén haxa que controlar ás empresas e ás actividades industriais para que teñan coidado de non verter substancias ilegais ás canles dos ríos.

Como o acordo do que fala a moción, os dous puntos da moción son:

1.- *Demandar do goberno central un plan de rexeneración para os ríos da provincia.* Totalmente de acordo, como se vai estar en contra diso á vista do que sucede.

2.- *Solicitar que a xestión da bacía do Támega pase a ser competencia da Xunta de Galicia.* Disto xa se falou noutro Pleno, por unha causa parecida que sucedía no Támega e loxicamente en coherencia tamén votaremos de novo a favor.

Votaremos a favor da proposta dende logo. Grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista:** grazas presidente. Bos días a todos e a todas os presentes e aos que nos ven polas canles de televisión.

En primeiro lugar, por alusións, o señor Rosendo na moción anterior que estaba debatendo cunha compañeira falou que agora aos recortes non se lles chama recortes, chámasele *déficit de recursos*. Igual que aquilo do señor Bárcenas que dicía indemnización en diferido que dicían dun contrato *que no fue, que fue pero que no fue, pero que resulta que a ese señor no lo conocíamos de nada*. Vostedes son moi hábiles para cambiar a terminoloxía ou a etimoloxía das palabras; pero mire, só lle vou a dar dous datos pequeniños. OPE do Sergas 2017, médicos pediatras, oferta de emprego ningún. 2016, pediatras 9. 2015, ningún. 2014, ningún. 2012, 6. En total, 15 pediatras ata o día de hoxe; convocaron vostedes as prazas. Logo non digan que non hai; non, vostedes non ofertan, loxicamente os que están licenciados nesa especialidade buscarán traballo noutro sitio. Mire, oferta de emprego ano 2008-2009, 18 pediatras. Ano 2006, 53 pediatras para atención primaria e 19 para pediatría xeral y *sus áreas específicas*. Isto para aclararlle un pouquiño porque antes sorría, para dicirlle por que me sorría antes, é que da un pouco de risa que vostede diga que non hai recursos cando vostedes non convocan prazas.

Vamos á cuestión, moción do BNG sobre a contaminación do encoro das conchas. Resulta un pouco sorprendente que o título da moción sexa sobre a contaminación do encoro das conchas para pasar a explicar na exposición de motivos parte do que alí acontece nos últimos días, ou por dicilo doutra forma, o que se ve e o que se cheira; para logo propoñer á

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

adopción de dous acordos que son os seguintes: *demandar do goberno central un plan para a rexeneración para os ríos da provincia* (por certo, ben lle cómpre) e *solicitar que a xestión da bacía do Támea pase a ser competencia da Xunta de Galicia*.

¿De que debatemos logo? ¿Da contaminación do embalse?, ¿da situación dos ríos da provincia? ou se o Támea debe estra ou non na Confederación do Douro ou da organización das cuncas, porque tamén podemos falar diso.

É recorrente o tema da contaminación que é o que a esta deputada lle preocupa e penso que a todo este Plenario. A contaminación por cianobacterias no embalse das Cunchas, polo que temos lido, vai xa para 15 anos dende a primeira eclosión verde nas augas do encoro. Dende aquela, ¿lévase feito algo por parte das distintas administracións? -pregunto- si, moitas fotos e notas de prensa e algún que outro estudo de distintas administracións e organismos. Por exemplo, un contrato de servizos entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Universidade de Vigo para saber e cuantificar a orixe da contaminación difusa por nitratos na conca do río Limia mediante a realización dun estudo isotópico que citou anteriormente o compañeiro de Democracia Ourensana. Este traballo permitirá aos investigadores do Campus e aos técnicos do organismo de conca distinguir se a orixe destes nitratos se debe a contaminantes químicos, residuos gandeiros ou outro tipo de residuos urbanos. *A información obtida dese estudo -sinalábase dende a Confederación Hidrográfica- empregarase na redacción dunhas recomendacións sobre os usos do solo na subconca do Limia. O investimento que realiza o organismo de conta nesta contratación ascende a 20.000€ con IVE incluído.* Esta é unha noticia de 21 de xuño do 2017, hai escasamente un ano. Unha vez que ese estudo confirme o que xa se sabe, ¿que se vai facer? Pregunto.

No ano 202, vostede presidente, nada máis chegara ao cargo, foi a Muíños reunirse cos alcaldes e recente nomeado tamén presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para *(comillas) falar do problema, para solventar esta difícil problemática* e mesmo era vostede presidente o que dicía que *con axuda de expertos e das institucións poderemos previr e minorar este problema* (comillas outra vez) *na liña de asistencia de inspección ambiental que temos posto en marcha e que imos potenciar para poñer coto as prácticas gandeiras insostibles.* Son as súas palabras presidente. Mesmo ofertaba *medidas paliativas que o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo, en colaboración co Centro*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

*Tecnolóxico da Auga de Galicia, ten abertas liñas de investigación que poden dar os froitos nun futuro próximo e que se porán ao dispor da Confederación Hidrográfica. ¿Onde están eses froitos, señor presidente? Fai máis de seis anos.*

Sabemos que dende o ano 2013 está en marcha un proxecto *Limia regenera life*; proxecto que empezou a funcionar, realmente, hai pouco tempo e que non dá os resultados previstos. *Echa a andar el proyecto Regenera Life para reducir la contaminación ganadera en los ríos de la comarca. La conselleira de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, Beatriz Mato, firmó hoy con el resto de socios el convenio para la ejecución de esta iniciativa, que se extenderá hasta 2017 con un presupuesto de 2 millones de euros. O resultado está á vista de todos. Cada ano prodúcese unha eclosión de cianobacterias que tingue de verde o encoro das Conchas. Síntoo moitísimo, Plácido, pola parte que che toca; aínda que este problema che sirva, de paso, para que che fixeran unhas boas piscinas, no entorno do encoro, no complexo do Corgo. Sinto moitísimo que o teu concello, a túa xente estea a padecer este problema.*

Afondando no tema que nos ocupa, pensamos que mentres a Lei do solo permita a instalación de novas explotacións gandeiras na comarca, augas arriba do encoro –agora a 500m das casas, cando antes era a 1.000-; mentres os residuos desas explotacións non pasen por plantas depuradoras de xurros –a única de Galicia, como ben comentaba o compañeiro do BNG, pechouse no 2014, a única de Galicia das 29 que había en España-; mentres os organismos competentes sigan facendo a vista gorda e se siga incumprindo a normativa que impide amoreamentos de esterco sen tapar en pleno inverno cando chove e no chan sen impermeabilizar; mentres os concellos, augas arriba, sigan facendo fosas sépticas que bolsan aos camiños; mentres as depuradoras non estean –están, pero non funcionan e na maioría dos casos tampouco depuran-; mentres sigan existindo vertidos incontrolados de industrias e de empresas; mentres non se tome conciencia, señores deputados, señoras deputadas, señor presidente; mentres non se tome conciencia en serio este problema vai a seguir, non temos nada que facer. Abocaremos á Comarca da Baixa Limia –síntoo outra vez, Plácido- ao ostracismo e ao abandona; por moitísimos millóns que alí se queiran investir. De momento nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Sen ánimo de reabrir debates, algo que lle tiña que dicir ao señor Pérez Jácome para que lle quede claro, que el pretendeu que non quedara, pero vou esperar que se incorpore.

Digo sen ánimo de reabrir debates, señora Lama, nós non sei en que somos habilidosos; pero vostede en pouco tempo xa son habilidosos en facer axendas culturais nocturnas. Aprendendo sempre.

Con isto adiántolle que vamos a votar a favor, señor Rodríguez Suárez, pero a verdade é que esta moción a min polo menos despístame totalmente; xa que a súa exposición de motivos pouco ou nada ten que ver coa súa proposta de acordo. Creo que xa se fixo aquí mención a iso. É algo así como que o Pisuerga pasa por Valladolid -por certo, cidade que vostede cita na exposición de motivos- e mestura ás Conchas cos ríos da provincia e a bacía do Támega. Pero non todo é o mesmo, señor Rodríguez Suárez. Sexamos minimamente serios e eu que llo podo dicir con moito coñecemento de causa.

Contestareille no meu segundo *turno* ao que propón vostede na moción; pero agora permítame centrarme no encoro das Concha, que mire se o coñezo ben, que ata sei como é o fondo porque ata tiven oportunidades –máis dunha- de cruzalo baleiro coa súa auga da vella canle do Limia. Por unha banda fai vostede un exercicio de alarma social –teño que llo dicir así- dicindo que non hai avisos do que está a ocorrer. Isto, señor Rodríguez Suárez, é simplemente mentira. Mire vostede, estes carteis, estes carteis (mire, pode observar), estes carteis póñense diariamente. Hai uns cantos salvapatrias que se encargan de quitarlos, ou de poñer outros para facer montaxes de fotografía, incluso de vídeos, para mandarllos anonimamente a medios de comunicación, que os temos aquí presentes e poden dicir se é así ou non, e a determinados colexios de Galicia e incluso de Madrid para que non veñan a Muíños. Iso é quererlle ao pobo. *Averigüe* de onde veñen.

O único que está a facer vostede e dígollo con todo o respecto é *seguidismo* á estratexia deses salvapatrias. Non sei se consciente ou inconscientemente, voulle entender que é inconscientemente. O único que lles molesta a eses salvapatrias é que o Complexo Turístico do Corgo, ano tras ano, convértase nun referente turístico do interior de Galicia. Iso é o que lles molesta, porque non lle queren ao pobo; o único que queren é a ver se o alcalde de Muíños de vai e chegan eles ao *poleiro*, como din no meu pobo. Pois con ese cariño, mal llo vexo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

¿A caso cre vostede, señor Rodríguez Suárez, que imos xogar coa saúde das persoas, das que nos visitan, das dos nosos veciños e, incluso, das dos nosos fillos e familiares? Ou coa de un propio, por *ejemplo*, eu falo con coñecemento de causa que utilizo as praias fluviais das Conchas. ¿A caso cre vostede que imos xogar cun recurso turístico de primeira orde que tantos anos nos custou levantar e que dá traballo, neste momento, ao redor de 40 persoas? Seguramente sexa o que lles preocupa aos salvapatrias.

En segundo lugar di vostede que non se está a facer nada. Mire, vou a intentar darlle, brevemente, algúns datos; iso si, escapando de caer na estratexia da alarma social á que parece ser alguén quere levarnos. O encoro das Conchas sufriu en diversas ocasión o impacto das xa trimestralmente e tristemente –digo trimestralmente polas analíticas- famosas cianobacterias, pero con especial intensidade no ano 11. Desde aquela, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil realiza un exhaustivo seguimento da auga con análises semanais e mensuais en zonas de baño e na presa cuxos resultados foron sempre remitidos ao Concello de Muíños, ao de Bande e ao de Lobeira e fixéronse públicos na páxina web, nas portas dos edificios municipais que son varios e en determinados puntos das praias fluviais. Que non lle conten milongas e senón visítenos vostedes.

Os informes da Confederación Hidrográfica din que a presenza de cianobacterias é de orixe natural. Están na auga de forma latente; o excepcional é o seu crecemento desmesurado provocado por un enriquecemento de nutrientes na auga, en especial fosfatos. Un fenómeno favorecido pola reducida renovación das augas do encoro, moito sol e elevadas temperaturas. Os principais factores de enriquecemento dos nutrientes, poderían deberse a vertidos de augas residuais -o que está desbotado-, ou ben á actividade agrícola e gandeira na Comarca da Limia que achega en toda a conca compostos químicos que favorecen a aparición das cianobacterias. Aquí está o problema e vostede, señor Rodríguez Suárez, sábeo e algo apuntou e teño que dicirlle, sinceramente, que quedei contento que así fora. Pero, ás veces, toca estar caladiños por intereses que pouco teñen que ver co medio ambiente.

Para reducir a presenza e a formación de cianobacterias a Confederación formulou varias liñas de actuación; entre elas, dende 2012 estase a colaborar coa Universidade Autónoma de Madrid, a Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Superior de Investigacións Científicas par realizar todo tipo de análises que expliquen estes episodios e axuden a prever a súa aparición no futuro. Estes estudos conclúen que o crecemento das

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

cianobacterias nas Conchas débese tanto ao aporte de nutrientes procedentes dos ríos da conca do Limia –xa sabemos, neles toda clase de vertidos-, como das elevadas concentracións de nutrientes, cianobacterias nos sedimentos do encoro.

As conclusións sinalan unha moi evidente contribución dos contidos gandeiros aos nitratos detectados na conca do Limia. Aí está o problema, queiramos ou non entendelo. Alégrome que tanto o voceiro do BNG como a señora Lama así fixeran fincapé e sorpréndeme moito que o señor Ojea, que encima creo que é químico de profesión, ¿físico?, ah, entón por iso non entendeu moi ben isto; aí trabuqueime. En todo caso, na actualidade, tanto o Consello de Investigación Científicas como o Centro de Estudos Experimentais de Obras Públicas executan máis estudos para coñecer o que está a acorrer e adoptar medidas.

Dado que non se pode recorrer a produtos químicos (outro problema máis) para eliminar as cianobacterias, xa que o remedio sería peor; polo de agora só se pode proceder á retirada puntual das masas verdes que se concentran nas marxes do encoro. A liña de actuación máis adecuada céntrase nos nutrientes detectados nas augas xa que o sol, as temperaturas elevadas e a falta de choiva en verán non se poden controlar (iso resulta evidente). Por iso trabállase en tres fronteas. Unha, investigar onde está a orixe dos aportes de nutrientes á conca do Limia (sabémolo todos); dous, evitar que cheguen ás augas (tamén sabemos todos como) e tres, utilizar mecanismos que capturen eses nutrientes. Algunhas xa usadas pero que non deron os resultados esperados, para nada. Está claro que estas medidas, e outras, hai que reforzalas, reforzalas xa.

Imaxino que non se lles escapa, e aquí se citou tamén, que o 25 de xuño do ano 14 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil subscribiu un acordo de financiamento coa Comisión Europea para executar o proxecto *Rexenera a Limia*, presentado á convocatoria do programa Life Plus 2013. Esta candidatura está liderada e promovida pola Confederación e ten como socios a esta Deputación -tamén se implicou-, ao INORDE -tamén se implicou-, á Dirección Xeral da Natureza da Consellería de Medio Ambiente (hoxe, Dirección Xeral de Patrimonio Natural), ás empresas Ecolaguna e Coren e como co-financiadora, que hai que agradecerllo neste sentido, Gas Natural Fenosa. O obxectivo non é outro que aplicar un conxunto de técnicas que reduzan os nutrientes de orixe agrogandeiro nas augas do Limia, optimizando e controlando o uso de fertilizantes, apostar por humidades artificiais como sistema de depuración dos residuos e sensibilizar, e digo sensibilizar e senón haberá que adoptar outras

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

medidas, á agricultores e gandeiros sobre o efecto dos fertilizantes na auga e no chan. Todo isto mesturado con controis mensuais, semanais en distintos puntos dannos un resultado que o palpamos día a día: un aspecto verdoso (perdóenme a expresión) *asqueroso* e un cheirume insoportable, ¡insoportable!. Bastante paciencia teñen os meus veciños, algúns de Lobeira, tamén algúns de Bande en vivir nas proximidades do encoro das Conchas. Isto non pode seguir así, non pode seguir así, *caiga quen caiga*. Se as explotacións gandeiras non cumpren, terán que cumprir; eles teñen dereito a vivir, pero os meus veciños, os de Bande e os de Lobeira, tamén.

Señor Rodríguez Suárez ten vostede razón, non se fixo nada; xa ve, non se fixo nada. O que si se fai é barullo e *trapichuelas* con carteis e reportaxes fotográficas. Iso debería sabelo vostede ben.

Pronto, pronto, adiántolles, na Baixa Limia saltaremos a reivindicar o dereito que temos que é que as augas do encoro das Conchas estean limpas e aptas para vivir no seu entorno. Espero aos salvapatrias e aos que solo critican e non achegan nada velos ao noso lado en sentido positivo.

Polo tanto, críticas á situación actual por suposto que si; pero ante todo menos ruído e máis solucións sen medo a propostas, nin complexos, señor Rodríguez Suárez. Teño claro, porque así o vivo, que todos os veciños da Baixa Limia quereríamos xa unha solución axiña, pero lamentablemente é algo máis lenta. Son consciente desto; aínda que lle podo asegurar que eu, o meu Concello e os Concellos de Bande e Lobeira non imos baixar a garda e o que si imos esixir, como xa dixen, custe o que custe que se adopten medidas e se adopten xa. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Moi brevemente para aclarar ou puntualizar algunha pequena cuestión. En primeiro lugar, o portavoz de Democracia Ourensana que dicía de sobreexplotación. *Bueno*, a sobreexplotación non é algo que digamos nós, dino os propios técnicos. Simplemente vou a dar un dato, din un dato na primeira intervención, xa lle dixen que había unha explotación gandeira por cada 2km<sup>2</sup>; pero hai aquí outro dato que tamén é bastante significativo, é un dato que provén do propio CSIC, do Centro Superior de Investigacións Científicas, no que nos di que a carga gandeira da zona, da zona da Limia, equivale a 1,4 millóns de persoas, a metade da poboación de Galicia nun 1% da súa superficie. Eu creo que é un dato bastante

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

significativo. Desde logo, nós estamos de acordo en que exista esta actividade, pero se ten problemas haberá que afrontar as consecuencias e, dende logo, parte desas consecuencias son das que levamos falado aquí e as que levamos expresado e posto sobre a mesa.

Tamén lle teño que dicir, señor Álvarez Dobaño, que non sei exactamente do que me está a falar con ese salvapatrias; seguramente ao mellor despois en privado poderíamos aclarar mellor. En todo caso, eu nin me sinto identificado e como tampouco coñezo exactamente cal é esa problemática, tampouco a vou a defender nin nun sentido, nin no outro. O que si está claro, e eu púxeno de primeiro na miña primeira exposición, púxeno de primeiro sobre a mesa, dende logo que nós non culpamos para nada ao Concello de Muíños. Somos conscientes de onde está a orixe do problema e a orixe do problema é o que debemos atacar.

Falouse aquí tamén do *Life Rexenera a Limia*, un programa que era experimental, un programa piloto que empezou a ensaiar solucións a este tema; pois haberá ao mellor despois de tres anos e pico, case catro que se puxo en marcha, haberá que avaliar se esas solucións que se formulaban son realmente efectivas e, se son así, efectivas, implementalas na súa totalidade para resolver o problema.

Tamén é importante o que dixen na miña primeira intervención, habería que buscar a forma de abrir esa planta de tratamento que trataba 110 millóns de quilos de residuos deste tipo ao ano e que era 110 millóns de quilos que non ían ao río Limia e que non ían a rematar dende logo no encoro.

Finalmente, tamén se fixo aquí algún reproche ou algunha insinuación ao respecto de que falamos, parece que a exposición de motivos non se corresponde moi ben cos acordos que nós pedimos. Nós non estamos de acordo, fixemos especial fincapé no caso do encoro das Conchas porque é un caso paradigmático, sintomático e quizás sexa o caso máis grave que temos que afrontar ano tras ano. Nós, en todo caso, nos acordos quixemos ir un paso máis adiante e demandamos dende logo do Goberno Central un plan de rexeneración para os ríos da provincia, para todos (xa o dixen, xa insistín na miña primeira intervención) facendo especial fincapé no caso do río Limia e no caso do encoro das Conchas. En todo caso, vostedes que están sempre tan atentos e son tan *detallistas* á hora dos acordos, ao mellor a alguén púidoselle acordar presentar algunha emenda para concretar este acordo dalgunha outra maneira. En todo caso, como nós pedimos un plan de rexeneración para os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

ríos da provincia, dende logo o caso do Limia e o caso do encoro das Conchas vai absolutamente incluído

En cuanto ao segundo punto, tamén xa o expliquei na primeira intervención. Nós o que aproveitamos é, unha vez que volvemos afalar de xestión dos río e de ríos da provincia de Ourense, volver a reivindicar que a bacía do Támea pase a ser competencia da Xunta de Galicia. No acordo anterior que adoptamos no Pleno de maio, fixérase algún reproche porque sei que non estaba moi claro cara a onde queríamos que se traspasaran as competencias, etc, etc... *bueno*, pois agora pedímolo claramente e lembrámolo a feito de recordatorio e para clarificar exactamente en que consistía a nosa petición. De momento nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo, eu na miña primeira intervención limiteille a ler este informe que temos do CSIC, do Consello Superior de Investigacións Científicas. Lin, non acheguei nada digamos da miña  *cosecha*  e o que pon aquí:  *los nitratos están muy enriquecidos en nitrógeno 15, lo que indica una concentración importante de residuos ganaderos y/o la presencia de residuos urbanos no bien depurados.*  Durante todo o estudo fálase fundamentalmente de nitrato, o señor Plácido falou de fosfatos. Aquí, repasando,  *solo*  vin falar de fosfatos nun punto pequeno; fálase tamén do amonio e todo iso. Cousas da química que tampouco proceden agora detallar aquí. Fundamentalmente, en base a este informe as medidas que habería que tomar eu penso que son totalmente compatibles co que dixo o señor Plácido. Control de que os gandeiros coloquen os seus esterco de xeito que non vaian aos acuíferos.

Hai que ter en conta que esa zona fundamentalmente era unha lagoa, unha lagoa durante milleiros de anos, non ten o humus orgánico que deben ter as terras para poder ser cultivadas; entón tense que estercoar se se quere ter algún tipo de explotación agrícola. Esas terras, ata a época da desecación da lagoa, apenas tiñan, loxicamente, nutrientes orgánicos. Por iso, esa xente que colleu esas parcelas ten que estercoar se se quere ter actividade agrícola aí.

Nós entendemos, como dixemos ao principio, que fai falta actividade económica. Xa na nosa primeira impresión, digamos, non é que pensemos que estea sobreexplotado. Os señores do BNG pensan doutra maneira, pero  *bueno* . Loxicamente tense que estercoar de xeito que non contamine (iso díxeno na miña primeira intervención), tomando as medidas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

pertinentes, das que tamén xa se faláron, e despois facer funcionar as depuradoras que tamén o dixen na miña primeira intervención. Tamén dixen que xa sabemos que iso custa cartos e iso é un problema engadido. Eu a verdade non sei en que se contradí o que dicimos nós e o que dixo o señor Plácido. Non sei exactamente onde está a contradición, que di o señor Plácido que dicimos, ¿onde está a contradición?

Efectivamente, tamén como xa se dixo, entendemos que hai unha especie de disonancia entre a exposición de motivos e o acordo. Pásase dun aspecto moi concreto e moi puntual a nun redimensionamento do problema en ámbitos máis xerais e abstractos falando de rexeneración dos ríos da provincia. Pero a pesar desa disonancia entre ambas partes da moción, estimamos que o acordo, que ao final é o que se vota, é digno de ser votado a favor, por iso dixemos que votábase a favor. Nada máis grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista:** grazas señor presidente. Temos que dicir que sendo a Limia Baixa a porta de entrada, por moitos concellos, a un Parque Nacional Reserva da Biosfera e moitos outros recoñecementos, parece mentira que non nos preocupemos da saúde e salubridade das nosas augas.

¿Por que non se contamina o embalse que está do lado portugués, augas a baixo, de Calvos de Gerês da poboación de Calvos de Gerês? ¿por que ese parque recibe máis de 50.000 visitantes ao ano mentres nós, na parte española, só recibimos un 10%? Estamos perdendo, señores e señoras, moitísimos recursos por turismo; tamén moitas formas de emprego e tamén, como non pode ser doutra maneira, moitas formas de fixar poboación no rural porque, ao final, todo vai unido. Algún dos nosos antergos diría: *non hai máis cego que o que non quere ver*.

Polo que respecta ás propostas de acordo, non temos ningún problema en votalas a favor; cuestionando, iso si, que o Támega teña ou deba de pasar á Xunta de Galicia, xa que o goberno galego xestiona a demarcación xeográfica Galicia-Costa e o Támega verte as súas augas no Douro, como ben saben vostedes e supoñemos que algo ten que ver coa vertente dos propios ríos e coas condicións xeomorfolóxicas do territorio.

Non teño moito máis que engadir, simplemente dicirlle outra vez a Plácido que o sentimos moitísimo que teñan que padecer os seus veciños o que están padecendo e que nós tamén dicimos o mesmo que vostede: medidas, reforzar medidas xa. Sensibilizar ao gandeiros tamén, esas mil familias que *velan por nuestro futuro y por nosotros* como teñen por slogan; algo terán que facer e a empresa que os arroupa ao mellor tamén. Dende aquí reclamar das

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

administracións que as plantas de tratamento de *puríns* e de xurros non se poden pechar porque sen plantas de tratamento non hai a onde poder botar o xurro.

Eu recomendaríalle a todos, incluído ao señor Armando especialmente, que vexa un programa que se titula *Empapados en purín*; un documental de *El escarabajo verde* de la 2, como non pode ser doutra maneira, e aí reflicte moi ben o que pasa coa carga da gandería, co que pasa cos xurros e o que pasa nas granxas da comarca de Osona en Vic que poñen aquí o *pienso* e a cabeza de ganado, cébanos aquí, cagan aquí e cando están cebados consúmenos en Holanda e trátanos alí. De momento nada máis e moitas grazas

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Como ben dixen antes, sen ánimo de reabrir debates, pero como se ausentou o señor Pérez Jácome e íame referir a algo que dixo el. Vanme permitir que gaste un minuto do meu tempo en aclararlle o que el pretendeu desaclara. É dicir, en ningún documento dos que citei, en ningún: Plan estratéxico do termalismo elaborado polo goberno de D. Manuel Cabezas no ano 2007, presentado polo goberno de Poli un pouco máis adiante, aprobado xa polo goberno socialista con Paco Rodríguez ao fronte, en ningún, en ningún documento deses e tampouco no do Plan Ourense Provincia Termal, 2014; en ningún se fala de parque náutico, en ningún. O único que falou de parque acuático foi este modesto portavoz que nun lapsus linguae equivocouse; igualmente que se equivoca vostede cando me fai alcalde de Lobios, dígolle eu que nunca me presentei nin teño intención de presentarme. Polo tanto, non se agarre vostede a semellante argumento.

Logo, falou do que gano eu. ¡Home! mire vostede, creo que fixo unha contas bastantes xenerosas; *ojalá* fora así. De todo caso, o que gano eu está claramente, claramente exposto na miña declaración da renda que, dende hai días, está aí; pero a que non vin nunca foi a de vostede.

Dito isto, todos sabemos -indo ao que nos ocupa-, todos sabemos que a Limia vén a ser algo así como a cloaca de toda a comarca. Pensen vostedes augas arriba -dende Lobeira, Bande, Muíños- dez concellos dun xeito ou doutro teñen algún regato, algún afluente, algunha canle que dá no río Limia; a saber o que trae iso, aínda que eu minimamente o sei.

Señor Ojea, a sobreexplotación gandeira e doutro tipo que hai na Limia é evidente. O dato alarmante deuno o señor Rodríguez Suárez, non o din eu; deuno el. Alarmante, *menuda* cousa.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Señora Lama, home, alégrame que sexa consciente e estea ao noso lado, dos da Baixa Limia, especialmente de Muíños, no problema que nos carrexan as cianobacterias no encoro; pero, *bueno*, dígollo con todo o respecto -non vaia pensar que eu quero facer política de todo isto- espero (porque de paso que llo digo, vou criticar ao meus compañeiros de partido) espero que a nova Administración do Partido Socialista sexa moito máis eficiente que a que acaba de cesar do PP; empezando pola Confederación Hidrográfica. Xa ve, dígollo a vostede e espero algún día ter que aplaudirilles. Agora tócalles a vostedes, antes tocoulle aos nosos e parece ser que non foron moi eficientes.

Digo isto, si estou falando de datos obxectivos; se resolveran o problema non estaríamos a falar del. O dato obxectivo é que existe o problema. Espero que no ano que vén se poida dicir aquí, estea quen estea, que non hai problema; eu serei o primeiro en aplaudirlle e os veciños de Muíños estou completamente convencido que todos, sen excepción.

E dito isto, en relación -como dixen antes na miña primeira intervención- sobre as propostas de acordo, e vou rápido; fálase no primeiro apartado, señor Rodríguez Suárez, de *demandar do goberno central un plan de rexeneración para os ríos da provincia. ¡Hombre!*, totalmente de acordo; pero entenda, señor Rodríguez Suárez, que nestes momentos debería dirixirse vostede ao Grupo Socialista, ou ben ao seu Grupo no Parlamento de Galicia para formular esta demanda. Competencias, que as exerza quen as ten e que as exerza democraticamente. En todo caso dareille un dato, segundo a Confederación destínanse preto de 260.000€ anuais á limpeza e mantemento da canle dos ríos da provincia de Ourense. Espero, espero -outra vez señora Lama- que a Administración socialista incrementemente considerablemente esta partida orzamentaria e, especialmente, que teña en conta o gravísimo problema que sufrimos no encoro das Conchas. Segundo este mesmo organismo o 74% das masas de auga da demarcación Miño-Sil teñen un estado – utilizo as súas verbas- *mellor que bo*.

Con respecto á súa segunda proposta que se refire a *solicitar que a xestión da bacía do Támega pase a ser competencia da Xunta*, debo dicirlle o seguinte. O río Támega, señor Rodríguez Suárez, como afluente do Duero (río intercomunitario por ser internacional) non pode ser xestionado pola Xunta que ten o seu propio organismo de conca, como saben, Augas de Galicia, para os ríos que nacen e desembocan nas costas de Galicia. A lexislación neste caso está moi clara, é o Estado o que ten a competencia exclusiva para a ordenación e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorren por máis dunha Comunidade Autónoma.

Fíxese vostede, un dato curioso de acordo coa súa proposta, se a Confederación Miño Sil asumise a competencia sobre o Támega habería que crear unha macro -ímoslle chamar así- ou unha mega Confederación porque habería que incluír ao río Duero, dado que desemboca nel e xa loitamos durante moito tempo, recorden vostedes, para que o Miño-Sil tivese a súa propia demarcación na nosa terra.

En todo caso, non deixen de facer vostedes a proposta ao novo goberno socialista igual resulta, e volvo a insistir, máis receptivo e máis eficiente que o do Partido Popular. Aínda así, repito, por nós que non quede e vamos apoiar a súa moción tal cal foi presentada. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** si, moi brevemente, simplemente para agradecer neste caso o apoio, que entendo, de todos os grupos a esta iniciativa. En todo caso, volvendo ao que falaba agora o portavoz do Partido Popular ao respecto desta petición, estamos camiñando cara atrás. No Pleno de maio aprobamos por unanimidade demandar do goberno central as competencias da Conferencia Hidrográfica do Douro. Nós entendemos que, neste caso, a xestión do río Támega debe facerse dende aquí, dende o país porque daquela xa tiñamos falado de todos os inconvenientes e atrancos que supón que calquera xestión haxa que facela, se non lembro mal, a Valladolid. Nós volvemos recordar e insistimos en todo caso, buscando a fórmula axeitada que respecte a legalidade e todo o ordenamento, que a xestión do Támega que é un río que nos afecta e practicamente decorre pola nosa comunidade sexa totalmente da nosa competencia, polo menos no tramo en que nos competa.

Nada máis, reiterar o agradecemento ao apoio da iniciativa. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Demandar do goberno central un plan de rexeneración para os ríos da provincia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

2.- Solicitar que a xestión da bacía do Támeiga pase a ser competencia da Xunta de Galicia.

**12º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DO TOPÓNIMO OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Vou a ir á exposición de motivos, é un pouco longa intentarei acurtar algunha parte que é así máis pesada.

En todo caso, dende a aprobación do Estatuto de Autonomía Galiza tratou de recuperar novos ámbitos de uso para a lingua. A toponimia, parte importante do sistema lingüístico, presentaba nos comezos da Autonomía un alarmante estado de deturpación como se pode comprobar nos nomenclátors oficiais, na rotulación e no emprego por parte dos poderes públicos.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que fixo o marco para o uso oficial do Galego en diversos ámbitos, contén tamén a base legal para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que *os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.* Este precepto da Lei de normalización lingüística tivo un desenvolvemento posterior para establecer a Comisión de Toponimia como órgano asesor do goberno galego nesta materia e o procedemento para fixación ou recuperación da toponimia de Galicia a través do Decreto 132/1984 do 6 de decembro.

Nós anos seguintes á creación de toponimia e ao establecemento do procedemento para fixar ou recuperar a toponimia, a Xunta abordou o estudo e ditame das formas oficiais dos topónimos de entidades de poboación. Primeiro, en distintos decretos, fixou o nome oficial dos Concellos; posteriormente, para cada Concello, ditou un decreto no que fixaba o nome das parroquias e unha Orde para fixar o nome dos lugares ou aldeas. Nun momento posterior recompilou a toponimia oficial por provincias que pode consultarse en varios decretos (33/96, etc..). A mesma información aparece publicada no nomenclátor de Galicia do ano 2003 e tamén se pode consultar na rede nun enderezo web que é <http://cpapx.xunta.gal/toponimia-oficial>.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Máis recentemente, a política de salvagarda e protección do patrimonio toponímico ten amparo no Plan Xeral de normalización lingüística que fixa como unha das medidas neste ámbito: *establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións –maioritariamente estamos a falar de Deputacións, Concellos, ou servizos de concentración parcelaria do Catastro- teñen que levar incorporada e recollida a microtoponimia consonte ao sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA para a súa organización e posta á disposición da sociedade.*

Por outra banda, cómpre non esquecer que determinadas recomendacións internacionais, como por exemplo as das conferencias das Nacións Unidas sobre a normalización de nomes xeográficos e grupos de expertos das Nacións Unidas sobre nomes xeográficos, e algunhas normas estatais inciden directamente nas actuacións da Xunta de Galicia en materia de toponimia. Tamén cabe destacar a Convención marco para a protección das minorías nacionais do Consello de Europa, a convención é o primeiro instrumento legal multilateral vinculante relativo á protección das minorías nacionais en xeral, o seu obxectivo é protexer as minorías nacionais dentro dos territorios respectivos das partes. A convención busca promover a igualdade completa e efectivas das minorías nacionais creando as condicións apropiadas permitíndolle preservar e promover a súa cultura e conservar a súa identidade. A convención establece os principios relativos a persoas que pertencen a minorías nacionais na esfera da vida pública entre os cales destacan a promoción e preservación da cultura, relixión, idioma e tradicións e liberdades relativas ao idioma e á educación.

Pois ben, a pesar da prolixa normativa existente, distintas entidades públicas e privadas seguen a vulnerala sistematicamente. Téñense dado pasos a diante, grazas ao labor de entidades como a Mesa pola Normalización Lingüística que ten denunciado ata a sociedade esta cuestión; pero aínda queda moito traballo por facer. Se un utiliza un buscador como Google Maps –un servizo de aplicación de mapas na web que pertence a Alfabet Inc una empresa multinacional estadounidense cuxa principal subsidiaria é Google- pode atopar as seguintes perlas en relación cos topónimos da nosa provincia: *Orense, Ginzo de Limia, Junquera de Ambía, Junquera de Espadanedo, San Ciprián de Viñas, Irijo, Carballino, etc, etc....*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Pero, non só Google, a Wikipedia en español non permite os topónimos galegos na súa forma legal e oficial amparándose na súa política de empresa. Wikipedia en español, que ten como lema enciclopedia libre que calquera pode editar, prohibe editar a toponimia deturpada; casos como o *de Arteijo, Tuy, Órdenes, Rianjo, Puente Caldelas, Isla de Arosa*, entre outros moitos. Cando procedemos a editar os topónimos deturpados desde a Wikipedia en español volven a cambialos e responden: *he revertido tu edición en el anexo municipios de Galicia por población por contravenir la política oficial TOES*.

Tamén resulta recorrente a utilización de Orense e outros topónimos como La Coruña ou Sangenjo nas canles privadas de televisión e outros medios públicos e privados de comunicación.

E estes días, aínda que xa vén de lonxe, pero *bueno*, estes días reabriuse unha polémica de vello co topónimo Ourense porque a Real Academia Española di: *nombre tradicional en lengua castellana de la provincia y ciudad de Galicia cuyo nombre en gallego es Ourense. Salvo en textos oficiales, donde es preceptivo usar el topónimo gallego como único nombre oficial aprobado por las Cortes españolas, en textos escritos en castellano debe emplearse el topónimo castellano. El gentilicio, para todo tipo de textos, incluidos los oficiales, es orensano*. Aquí teño que facer un..., paréceme moi paradóxico que a obrigación sexa escribilo en *castellano* en textos en *castellano*, ¿cómo van a escribir os textos oficiais? Parece un pouco contradictorio.

En todo caso, ao respecto do nome oficial das provincias galegas da Coruña e Ourense, o goberno español aprobou no ano 98 a Lei 2/1998, do 3 de marzo, sobre o cambio de denominación das provincia de La Coruña e Orense onde se obriga a empregar as xenuínas e únicas formas oficiais A Coruña e Ourense para as denominar. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística recolle no artigo 10 que *os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega*; así como que *estas denominacións son as legais a todos os efectos*.

A RAE debe usar só as formas legais e oficiais que ela mesma reconece; pois non empregar a forma oficial dos topónimos é unha discriminación e un ataque directo cara á lingua galega, é unha vulneración da legalidade existente.

En base a todo o explicado, e desculpas pola longa explicación pero creo que era necesaria, nós o que solicitamos é dirixírmonos á RAE para esixirlle que en cumprimento da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

legalidade vixente figure, para o seu uso, tanto na esfera do público como no privado, OURENSE como único topónimo recoñecido.

De momento nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Bouzo Ojea, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo a todos. A moción do BNG realmente adoece de bastantes equívocos. Vou a empezar polo acordo, di: *dirixímonos a RAE para esixirlle que en cumprimento da legalidade vixente figure, para o seu uso, tanto na esfera do público como no privado, Ourense como único topónimo recoñecido.* Isto non é así, isto non é así. Vamos a ver, estase confundindo, non sei se de xeito deliberado, ou por despiste, o legal co oficial. Unha cousa é o oficial e outra cousa é o legal.

Todas as referencias que fixo o BNG referidas á Comisión de Toponimia vinculan ao galego, vinculan ao galego, pero non ao castelán, nin ao chino, nin ao inglés, nin ao esperanto. Cada idioma ten soberanía sobre a súa grafía, sobre a súa fonética e sobre todo e tamén sobre a toponimia. Creo que, o que vou dicir é coñecido de todos, todos vostedes saben que cada lingua pode nomear un topónimo segundo as súas propias normas. Por exemplo, nós dicimos Londres ao que en inglés chaman London; ou dicimos Milano, perdón ao revés, dicimos Milán ao que os italianos chámanlle Milano. E chamámoslle Bangkok a unha cidade que, se vostedes intentan pronunciar o seu nome real alí no sitio, poden alucinar; busquen en Google como se di, ata hai vídeos que o explican.

Ben, ¿que quero dicir con isto? Quero dicir con isto que o nome oficial de Ourense é Ourense, oficial, posto polas Cortes, non posto polo pobo. Eu tiña un profesor de lingua española en COU que se chamaba Víctor Campio (morreu antonte ou fai catro días) era un gran amante do galego, de feito formaba parte de varias institucións e asociacións do galego, pero a min deume lingua española (chamábaselle así á *asignatura* do castelán. Chamámoslle castelán no contexto de España para diferenciala do galego, do vasco e do catalán, pero no mundo enteiro chámasele español, ao igual que no mundo enteiro chámasele inglés a unha lingua orixinaria primeiro de Inglaterra, pero que despois tamén se falou en Gales, Escocia, en Irlanda, en Estados Unidos, en Canadá, en Australia e ne toda a Commonwealth), entón ese profesor díxome unha vez: *na lingua, o pobo é o que máis ordena* (parafraseando á famosa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

canción portuguesa) e logo dábanos as clases de lingua española como tiña que dárnolas. Unha das cousas que nos explicaba sobre a RAE era *el uso hace la norma* (estouno oíndo ao señor Víctor Campio); *el uso hace la norma, no al revés*. Non é porque o dixera el, é o que tal...porque a lingua, a linguaxe é unha cousa viva que a facemos todos. Todos e cada un de nós, cada día estamos creando lingua; achegamos infinitesimalmente algunha achega e por iso a lingua evoluciona e, concretamente, quen fala castelán.

¿Cal é a diferenza entre oficial e legal? Oficial é o contexto administrativo, o contexto dos papeis. Nos papeis, e xa fixo tamén referencia o portavoz do BNG, nos papeis temos que poñer Ourense: na documentación, cando nos diriximos á administración, cando facemos unha dirección postal, etc... todo o que sexa oficial. Como era oficial o castelán en Galicia durante a época franquista, pero a xente seguíalle chamando Progreso á calle General Franco, por exemplo, e a xente síguelle chamando Xinzo, aínda que despois nos papeis oficialmente era Ginzo. Pero, claro, unha cousa é o oficial que é soamente o contexto dos papeis administrativos, iso é oficial, pero é un contexto moi concreto; do mesmo xeito que cando se fala nun contexto químico ao sal chámase cloruro de sodio (antes falabamos dos ións); ou nun contexto científico falando de zooloxía a un can chámase *Canis vulgaris*, ou a un paporrubio chámase *Erithacus rubecula*, pero non vou a ir a unha tenda a pedir un quilo de cloruro de sodio. Mesmo, non só nos nomes, cando nos comunicamos coa administración temos que asumir determinados formatos, pero iso non significa que na vida cotiá teñamos que cumprir com eses formatos.

A RAE non manda nada. A RAE só lle dá carta de natureza, só sanciona -no sentido de darlle lexitimidade e equilibrio-, só sanciona á lingua que nace do pobo, o que máis ordena; por iso incorpora, permanentemente, palabras que nun principio non figuraban, ¿por que? Porque sinxelamente a xente úsaas. Se a xente úsaas a RAE dálle un tempo, porque ás veces saen palabras que son modas pasaxeiras. Entón, a RAE (unha das súas funcións fundamental é *limpia, fija y da esplendor*, como di a súa famosa *leyenda*) primeiro discrimina entre aquelas palabras que nacen, quizais non son máis que modas pasaxeiras; unha vez que se comproba que permanecen, que se acumularon ao acervo, fíxaas e despois, digamos, que lles dá esplendor, que trata de proxectar a palabra no idioma.

Entón, a cousa está clara. Oficial non significa legal. O nome oficial de Londres, alí en Londres, é London. Vostede agora imaxine que se van de vacacións dous amigos a Londres e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

están falando en castelán, xa non vou dicir en galego, están falando en castelán e dille un ao outro: *¡qué bien me lo estoy pasando en Londres!* E imaxínese que un inglés que anda por alí escoita e dilles:

- *¡Oiga, que o nome oficial e London!*
- *Non, pero é que nós estamos falando castelán.*
- *¡Pero están aquí e aquí chámase London!*

Non, home non, estamos falando en castelán e, en castelán, London é Londres. Loxicamente, se agora teño que ir cubrir un papel, se teño que ir pedir aí selar o pasaporte ou o visado ou o que sexa, teño que poñer London porque estou alí e ese é o nome oficial; como se vai un italiano ou un *rumano* é di Londra e outros moitos nomes que hai por aí. Ou como estes días que estivo o mei compañeiro en Nova York, se está falando por alí cos do Centro Galego, di: *home, ¡que bonito está Nova York!*; que lle dixera algún neoirquino: *oiga, aquí diga New York* que é o nome oficial. Eu creo que estou falando de cousas súper coñecidas.

Sinxelamente, eu non me considero, nós non nos consideramos con capacidade para tirarlle das orellas á RAE; pero precisamente porque a RAE non manda nada. A RAE reconece o topónimo Ourense e di que claro que se pode usar, se se entende. Pero, a cuestión é que o nome de Ourense (moitos de vostedes, hoxe, falando dixeron Orense e dicimos Orense habitualmente sen darnos conta) porque xa saben, aquí, o nome de Ourense está documentado dende o ano 1607. Moita xente mestura as cousas como se Ourense fora un nome imposto polo franquismo, como impuxeron outros de xeito moito torpe, como Ginzo e algúns que impuxeron no franquismo; pero Ourense non ten nada que ver con iso, non ten nada que ver co franquismo. Hai documentación no ano 1607, 1768, 1832 téñoos aquí apuntado. Tamén está *Ourens* (sen o *-e* final) no 1237. Por iso a Real Academia Galega, con todo o dereito, tras as súas discusións, puxeron o nome en galego Ourense, en galego, en galego. Aquí ninguén está discutindo que en galego sexa Ourense, aínda que, ollo, a lingua evoluciona e os estudos evolucionan e están, agora, entre os que saben disto discutindo se ao mellor...porque había un tal Jean Baptiste Boullé no 1768 dixo que o nome, ao mellor, viña de *Or Ens* dun celta, vostedes saben como se di auga en francés: *eau*, pois ese *eau* ao mellor segundo el podería estar a orixe de auga....*Bueno*, non me vou meter niso porque no galego, hoxe por hoxe, está claro. Segundo a RAE ten a súa competencia, a Real Academia ten a súa. En galego é Ourense e oficial é Ourense, pero oficial, pero oficial non é na vida cotiá.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Aquí,ponse o Bloque a dicir no ámbito privado. Pero, se eu no ámbito privado cando vou a Allariz digo que vou a Ziralla , a Ziralla. Digo: *teño uns amigos na Ziralla*. No ámbito privado pódese chamar Ziralla, xa sei que no ámbito oficial teño que poñer Allariz. No ámbito literario a Ourense chamámoslle Auria moitas veces; de feito, está na orixe. Auria, cuxo xentilicio e auriensis, foi o que despois deu lugar a Ourense ou a Orense en castelán.

¿Que quero dicir con isto? Que eu fágolle caso á RAE, nós facémoslle caso á RAE. A Real Academia Española di oficialmente é Ourense, oficialmente, nos papeis; na *calle*, nas comunicacións, nos escritos de prensa vostede diga, máis asentado está Orense porque é obvio, ou sexa, a inmensa cantidade de literatura, de libros... O outro día estiven lendo unha biografía dun anarquista catalán, Joaquín Maurín, que o pillou o golpe de Estado de Franco en Coruña e, cambiando a súa identidade, pasou por Ourense e escribiu sobre Orense, o que viu aquí. Entón vostedes agora vanlle dicir a Buenos Aires, a Lima, a Bolivia, a Paraguai que asuman unha fonética estraña ao castelán. Porque voulle dicir, mire (Democracia Ourensana tamén ten dereito a *enrollarse* como unha persiana nalgunha moción xa que o fixeron tamén os outros grupos), comprobei no Dicionario de María Moliner cantas palabras en castelán empezaban por *Ou-* ¿sabes cantas empezaban? Tres e eran de orixe inglesa: *out* no sentido, asumido xa pola RAE porque a xente usa xa out, é dicir, estás fóra de moda, *out*; *output* no sentido de resposta saída dun sistema e *outlet* cando vamos dicir que vamos compara roupa a un *outlet*. Esas tres palabras son as únicas que eu encontrei no dicionario que eu teño de María Moliner que empezaran por *Ou-*. Non é nada estraño dicir que *ou-* é alleo ao castelán; do mesmo xeito que *or-* é alleo ao galego, efectivamente.

No nome de Ourense parece que se mesturou unha serie entre o galego e o castelán porque tamén, en estrita evolución lingüística, en castelán sería *Oriense*, *Oriense* porque *en sílaba tónica la ie- se convierte en...etc*, esas trapalladas todas dos lingüistas. Despois comprobei, porque hai un programa que poden coller en internet, cantas palabras en castelán intercalaban a *-ou-*. Hai un programa que o poden mirar, cantas intercalaban ¿saben cantas? Tres ou catro que viñan do francés, do francés, do castelán ningunha: souvenir, que significa recuerdo e que sale *-ou-*; tour, como Tour de Francia e a outra era gourmet. As tres únicas palabras que tiñan *-ou-* no dicionario en español pero que son barbarismo, palabras tomadas doutro idioma.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Consecuencia, como cada idioma ten, digamos, a súa soberanía para decidir sobre as súas palabras e como ao idioma faino a xente e a RAE unicamente o sanciona; se aquí dicimos Orense, se aquí dicimos Orense, sabendo que en galego é Ourense e que si, posiblemente o que haxa que facer sexa fomentar o uso de Ourense, pero a RAE sancionará cando a xente use, non o vai impoñer. Se aquí dicimos Orense, ¿como non o van dicir en Valencia, en Catellón, San Sebastián, en Bolivia, en Honduras, etc..? De momento nada máis, grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas e boas de novo. Vou a intentar ser un pouquiño máis breve que o señor Ojea, entre outras cousas, porque as cuestións lingüísticas non son o meu; pero si estou de acordo con el en que a lingua evoluciona e o uso da lingua é algo que vai determinando a evolución da mesma.

Tamén é certo que eses topónimos de forma tradicional española, como se dicía en español, tamén foron caendo en desuso, señor Ojea, e o que antes era Angora non temos inconveniente ningún, e a RAE así o recolle, en dicir Ankara que é como din alí, unha transliteración, ou incluso Bremen, Brema; ou máis coñecido de Maastricht que era Mastique. Polo tanto isto vai evolucionando.

Pero, indo xa á cuestión máis a fondo, dicir eu vexo que é unha cuestión que eu entendería, nós entendemos que isto a estas alturas xa debería de estar superada porque unha vez –aí contradigo a intervención do señor Ojea- unha vez que un topónimo oficial está recollido nunha lei, neste caso estatal, de xeito expreso –xa aludida aquí, Lei 2/98– e incluso nun Estatuto de Autonomía de Galicia que ten rango de Lei orgánica e na Lei de normalización lingüística, amén de máis normativa que xa relatou na exposición de motivos, creo que este tema xa non debería estar en discusión. E a RAE non debería ter dúbida ningunha, a esta altura, de cal é esa denominación oficial, porque os usos oficiais, como ben se escoitou aquí, prevalecen sobre outros usos; e os non oficiais, como xa ben se dixo aquí, pois estamos diante dun estilo libre, que cada un emprega o que quere.

Eu creo que o problema está, precisamente, nesa recomendación que fai a RAE, polo menos ultimamente, cando di que *la forma castellana tradicional, Orense, es la que debe* (es la que debe) *usarse en textos no oficiales escritos en castellano*. ¿En que quedamos? Son textos oficias, hai que poñer a norma oficial e se non son textos oficiais, eu entendo, e non me casa isto, que a RAE diga *debe usarse este*, Ourense.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Pero, ademais disto e que entendemos nós que a RAE non respecta a súa propia normativa, os seus propios criterios e cae en numerosas contradicións. Así, por exemplo, trata a Ourense como se fose un topónimo exónimo; é dicir, como se fose unha denominación allea ao ámbito de influencia da propia lingua. Entendo que o galego tamén é unha lingua cooficial, polo menos en Galicia, estatal. Así trata como exónimos, por exemplo: Copenhague, Ankara que lla dixen, Zimbabue... Pero estamos diante xusto do contrario, dun endónimo; quero dicir, un topónimo co que os habitantes referímonos a ese lugar na propia lingua, na autóctona. Polo tanto, non é necesario ese proceso de hispanización como se fai cos exónimos. Non temos necesidade de converter, como se fai con London en Londres ou con Amber ou Antwerpen e Amberes; non é necesario porque xa temos nós o noso: Ourense.

Ademais, home, eu entendo que aínda que conste en documentos antigos non deixa de ser, na miña opinión (xa digo, non son lingüista ningún) unha tradución un pouco chapuceira dun topónimo tradicional porque moito me temo, xa se falou antes, que soa mellor aos oídos en castelán, queda máis *fisno*, se mo permiten, ou máis *cool* que se diría agora. Pero eu, pese a que haxa poucas palabras que empecen por *ou-*, ou que non se usen moito, eu non atopo ningunha dificultade para en castelán empregar o ditongo *ou-*.

Claro que isto a min lévame, que son un galego falante dende pequeno e que aprendín o castelán cando me escolarizaron, cando un chegaba á escola facía isto de: *¿cómo se dice botella en castellano? Monja, monje..boteja ¿y aceite? Como leite, leche; aceche.* Pois a min dáme que nisto caemos un pouco nesta especie de incongruencias, nestas traducións así, para quedar un pouco ben. Así danse casos de deturpacións, xa se comentaron aquí, de deturpación dos noso topónimos: *Sangenjo*, que en todo caso sería *Sanginés*; *Ginzo*, *Irixio*, *Rubiana*... Pero, segundo este mesmo criterio: Pontevedra teríamos que dicir *Puentevedra*; el Ferrol teríamos que dicir el *Hierrol* ¿digo eu, non? Sería así, tamén, en estilo libre; e ata a señora Cerdeira e máis eu seríamos deputados pola Comarca del *Roblecito*, teríamos aquí no meu grupo un *concejal* del Amoero o del Castillo del Valle e, fíxense, se lles da por traducir Coles como *Berzas*, *tendríamos una concejala de las Berzas* a pouco máis, ou das *Berzas*. Xa non me quero meter co de Petín, que sería ben, pero a Rúa sería unha Calle de Petín ¡o que aí non se pode producir! *Bueno*, bromas a parte,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

o malo que isto precisamente nos da para estas cousas cando se usan os topónimos desta maneira.

Polo demais, tamén podemos mirar no dicionario da RAE e buscar Ourense é, claro, aparece Ourense (perdón, Orense digo):

1. *Natural de El Oro, provincia del Ecuador.*
2. *Perteneciente o relativo a El Oro o a los orenses.*

Por certo, tamén a RAE tamén pode Oporto, el Puerto -Oporto en Portugal- sen embargo non o fai, mantén Oporto.

En resumo e remato, se a lei di claramente que o nome oficial dos lugares serán en galego, eu isto de que se desmarque a Rae defendendo o vello criterio de hispanización o que nos leva é a provocar, a parte destas cuestións de humor, é a algo peor, provócanos caos, confusións e prórroga dun debate estéril sobre as linguas. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** ao mellor a miña intervención vai por ese aspecto sentimental, ese aspecto que nos identifica aos galegos.

Estes días acaba de producirse a aprobación con Consello Superior de Urbanismo de Galicia que se incluíron os asentamentos de poboación de toda a Comunidade Autónoma de Galicia despois dun traballo onde colaboraron Concellos e outras institucións; polo tanto, a verdade é para celebralo. Evidentemente os topónimos con nomes que teñen e non outros adulterados que se fixeron.

A nosa realidade non é froito de anacos cosidos uns a outros é bastante máis, trátase dunha realidade vencellada aos seus topónimos que desgraciadamente foron adulterados ou mesmo substituídos por outros que nin representan, nin nada teñen que ver coa realidade. Exemplo, que acaba de dicir agora o señor portavoz socialista, Carballiño; Carballino, Carballino evidentemente o que dicía el, Roblecito. Para nós, para os de alí, para todos a palabra correcta é O Carballiño.

No caso concreto que hoxe vostede trae aquí ao Pleno, que hoxe debatemos, Ourense, as teorías andan por aí, a súa orixe está nas correntes de augas termais que están presentes na práctica totalidade do *subsuelo* de Ourense (xa sexan as Burgas que todos coñecemos, Mende ou outras marxes do río que atravesan o territorio), ademais dunha realidade lingüística, histórica e, incluso, tradicional.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Foi necesario que o Parlamento galego promulgara unha Lei para recuperar o que nunca debeu ser tido afastado; devolvendo ao que forma parte do noso patrimonio, da nosa historia e do que nos identifica. Grazas as xeracións pasadas que mantiveron e seguiron mantendo os topónimos dos lugares espallados pola nosa xeografía; impedindo que dun xeito intolerable desaparecesen.

Quero tamén, hoxe aquí, ter un recordo para un ourensán ilustre, don Elixio Rivas Quintas, polo seu incansable traballo, e frutífero traballo, de estudo e de plasmar nun documento, nunha obra, os topónimos de Galicia que deixa como legado para futuras xeracións e, se non fose polo seu traballo, é posible que moitos deles desapareceran. Polo tanto o agradecemento de todos nós.

Sorpréndenos que, na proposta de acordo, non se demande o mesmo que para os topónimos que identifican os asentamentos existentes en Galicia, verdadeiros sinais de identidade de lugares. Pero, *bueno*, hoxe o que estamos aquí a tratar é Ourense e, polo tanto, para nós é Ourense con independencia das interpretacións lingüísticas que non as vamos a contradicir porque evidentemente a fala é libre, cada un pode... Para nós é Ourense, iso é o que debemos defender e é o que nos identifica como pobo. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Moi brevemente. Dende logo, non comparto para nada os argumentos de Democracia Ourensana neste caso. Falaba el portavoz de Democracia Orensana de que o uso fai a norma e que a RAE non manda nada. A RAE non manda nada, pero, dende logo, quen constrúe o idioma son os propios falantes; pero cando se lle pregunta á RAE como se debe dicir Ourense, non mandará nada, pero ela di que se debe dicir *Orense*. Xa insistiu tamén o portavoz do Grupo Socialista nese matiz que ten o de *debe utilizarse* o topónimo castelán, entre *comillas*, en textos que non son oficiais. Aí afondar nesa especie de contradición á que eu me refería na primeira intervención que é que non sei como se vai poder escribir un texto oficial en castelán sen vulnerar as recomendacións da RAE, ou sen vulnerar a propia legalidade vixente. Hai aí un baleiro que habería que preguntarlle á RAE tamén como podemos solucionalo.

Nós, dende logo, tamén estamos totalmente de acordo, e puxéronse abundantes exemplos, en que non nos vale o argumento de que dende a Real Academia fálase dunha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

tradución ao castelán dos nosos idiomas. Non é unha tradución, é unha deturpación que non se corresponde cos termos orixinais. Se fora unha tradución, houbo aquí casos que se puxeron sobre a mesa, suficientes e abundantes casos, que se de verdade fora unha tradución, debería entre *comillas*, tamén utilizarse esas variantes.

Despois, outro argumento que non nos vale, que tamén fixo fincapé o portavoz do Grupo Socialista, e co cal estou totalmente de acordo é tratar os nosos topónimos como se foran dunha lingua estranxeira; porque estamos a falar que, tanto o galego como o español, o castelán, son cooficiais.

Desde logo, tampouco me vale o feito de remontarse aos séculos escuros para atopar antecedentes onde se fale de Orense. Dende logo, esa época da historia de Galicia non debe servir tampouco como xustificación para manter este tipo de criterio, neste caso, por parte da RAE.

Ao final, independentemente de calquera criterio, estamos falando dunha cuestión de, pensamos que, de simplemente de respecto. Non hai ningún impedimento que lle impida a un castelán falante dicir Ourense. Non hai ningunha grafía no termo Ourense que sexa allea ao castelán como idioma. É simplemente esa mentalidade, que se mantén ao paso do tempo, de imposición e de impoñer o criterio da lingua maioritaria sobre da lingua minoritaria; como digo, faltándolle ao respecto neste caso aos galegos, ás galegas, aos habitantes de Ourense que decidiron que o seu termo e como querían chamar á súa terra era dunha determinada maneira e dende fóra impónsenos, sen ningún tipo de criterio e ningún outro argumento unha forma que non é a nosa e que nos é totalmente allea.

Agradecer o que entendo que vai a ser apoio por parte do Grupo Socialista e do Grupo Popular e de momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Bouzo Ojea, do Grupo de Democracia Ourensana:** vou a empezar polo final, grazas. Primeiro, non é ningunha falta de respecto. Estes días, cando lían vostedes nos periódicos a causa de Cataluña e dicían: *en Cataluña pasa esto, en Cataluña pasa lo otro...* non é ningunha ofensa poñer Cataluña e non Catalunya, coa *ny* que é como se pon alí, ¿alguén considera que está ofendendo a Cataluña por dicir Cataluña e non Catalunya? (pronúnciase igual, pero escríbese distinto Catalunya co *y*) non é ningunha falta de respecto. E sinxelamente que cada idioma ten a súa fonética, ten a súa grafía, ten a súa historia, o pobo é o que fala e fala como fala e a RAE sanciona.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Dicía o portavoz do PSOE que Ourense non é un exónimo. Si que é un exónimo. O español e o galego son idiomas diferentes, ¡que importa que estean no mesmo país, home! lingüísticamente son idiomas diferentes. Entón, os exónimos detúrganse, pero detúrganse como fenómeno lingüístico normal; non é que sexa unha ofensa para o pobo, nin para a lingua. Cada exónimo, ou sexa, cada topónimo doutra lingua, adáptase á lingua da que se fala; por iso dicimos Pekín e non Beijin e por iso dicimos todos os exemplos que poderíamos poñer de aquí á mañá.

Entón, son lingua distintas e Ourense, en castelán, leva sendo desde moitísimo tempo Orense. Ademais, *bueno*, a moción realmente fala do castelán ¿non? Eu xa dixen que en galego, tras os estudos e hoxe por hoxe, o topónimo é Ourense e, oficialmente, en castelán tamén é Ourense; pero oficialmente. Oficialmente, xa dixen antes que é un contexto restrinxido e concreto, non se refire á fala.

Falaba o señor Doval do *Diccionario etimolóxico* de Rivas Quintas, eu téño. Curiosamente é o único sitio onde vin *Ourens* (sen o *-e* final) duns documentos da Catedral de Ourense do ano 1267, moito máis antigos, dende logo, que os de 1600 e 1768. Pero, claro, o que dicíamos antes, a lingua foise asentando e foi evolucionando e nós, as novas xeracións, tamén temos dereito a que siga evolucionando o tema.

Dicía alguén que non había ningún problema en dicir *Ou* aínda que non é moi do castelán. ¡Claro que non! Pero cando a RAE recomenda non está obrigando. Cando a RAE recomenda dicir *ir de compras* en vez de *ir de shoooping night*, está dicindo que, *oye*, mellor que digan *de compras*, pero se a xente lle da por dicir *shoooping night*, *ir de shoooping*, como cada vez máis está dicindo; á RAE non lle vai quedar máis remedio que meter *shoooping* no diccionario. De momento creo que non o meteron, ao mellor moito non lle falta porque se a xente úsao, a xente vai acabar dicindo *shoooping*, como xa se teñen metido máis. As recomendacións a RAE son sinxelamente porque trata de manter o idioma estabilizado, porque o idioma acaba evolucionando, os idiomas acaban diferenciándose; pero o catalizador é, precisamente no caso do español, á RAE.

No Bloque faise fincapé nesa confusión entre o oficial e o legal. Non confundan o oficial co legal. Mire, voulles poñer outra.... falaba tamén o portavoz do PSOE, puña exemplos que non me valen pero agora non é o momento de discutilos porque está mesturando imposicións que se fixeron pola forza durante o franquismo, sen base

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

lingüística ningunha, con outras que son consecuencia natural da evolución da lingüística, pero non me poden meter agora nin é obxecto da moción; pero poñía exemplos duns nomes castelanizados que volveron ao nome orixinal. Efectivamente, mire, segundo a historia, cando un país ou cando unha cidade ten moita relación económica, social ou de guerra, bélica, con outra soe asumir o nome. Cando dende España dicíamos Angora, en lugar de Ankara que é o orixinal, é precisamente porque tiñamos moita relación con ese país, España tiña moita relación, ao mellor, pola guerra incluso; ou cando dicimos Bremen, etc... Precisamente cando se perde relación, digamos que non hai relación comercial ou económica con ese país, é cando como o propio idioma non usa o nome, colle o orixinal. Se agora en español temos que nomear algún pobo perdido de Francia, co que nunca tivemos relacións, o máis seguro é que escoitemos o nome que ten; salvo se é imposible de pronunciar. Iso é o lóxico. Cando empeza a haber moita conexión entre as cidades é cando se toman os exónimos e se deturpan.

Mire, voulle facer algo agora en plan gracioso. Entre os estados de Alberta en Canadá, en Montana, en Estados Unidos vive unha tribo que é esa que lle chaman dos *pies negros*, se viron as películas de *vaqueros*, dos *pies negros*. Aí falase un idioma que non ten o *u*, o fonema /u/ non o ten, ten o /a/, o /e/, o /o/; pero o /u/ non o ten. Vostedes imaxínense que nun futuro máis ou menos inmediato, como resultado de algunha operación de misión comercial de Estados Unidos e Ourense, de repente empezamos a ter conexión con esa tribo de Alberta; pois as persoas dese sitio terían que empezarlle a chamar a Ourense de algunha maneira, como eles non teñen o *u* e lles é practicamente impronunciábel no seu sistema fonético daránlle un nome, ¡sabe Dios como! ¡sabe Dios como lle chamarán eles a Ourense! Pero nós non lle vamos a poder esixir que pronuncien Ourense porque eles teñen o seu sistema fonético e teñen o seu idioma e, se se ven obrigados pola actividade económica ou política a manter relacións futuras con Ourense, terán que poñerlle un nome como pasou na historia.

Como poderíamos falar deste tema bastantes horas, que ademais é un tema do que non teño nin idea pero gústame, eu vou sinxelamente dicir nós non nos consideramos capacitados para dirixirnos á RAE para tirarlle das orellas. Humildemente non nos consideramos capacitados para ir alí á RAE -á Real Academia Española que *limpia, fija y da esplendor*- e darlle un tirón de orellas; realmente non nos consideramos para iso.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Primeiramente porque non pensamos que a RAE sexa a que ten o poder que pensa o BNG que ten. Pero tampouco lle impedimos a ninguén que se dirixa á RAE para dicirlle o que queira porque a misión da RAE, como dicía antes, é ter as anteniñas postas escoitando a todo o mundo, escoitando a ver como a xente usa as palabras e que suxestións fai. Entón, se a RAE escoita ao BNG, pois *bueno*, problema deles; co cal nós imos abstermos na cuestión, non imos votar nin a favor nin en contra.

Pensamos que non procede intentar corrixir á RAE nunha cousa que teñen moito máis clara ca nós e, segundo, que tampouco lle vamos impedir a ninguén que se dirixa á RAE porque a RAE ten precisamente esa misión, escoitar coas súas orellas a todo o mundo. Pero, claro, o idioma español é bastante máis amplo do que nós pensamos, é un idioma importante no mundo e a RAE escoita moito máis que aos ourensáns, que aos cataláns, que aos canarios, que a Honduras, que a Chile. É outra cousa.

Aínda tiña máis cousa que dicir...só unha última cousa para o señor Doval. Falou de Auriense e aí poderíamos.... mire, voulle prestar este libro (non, non cho regalo porque non teño máis), é un Boletín da Academia Galega de Lingua Portuguesa no que hai un artigo estupendo dun ourensán que seguramente coñece, José Manuel Barbosa, no que fala de todas as hipóteses sobre a etimoloxía de Ourense é que préstollo, pero con volta. Nada máis de momento. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Con moita brevidade, parafraseando a Heráclito: *todo fluye, nada es* e na lingua con máis razón. É dicir, a lingua vai mudando e, probablemente, pola preeminencia do inglés en moitos aspectos, usemos e incorporemos moitas palabras do Inglés ou as traslademos ao noso falar con máis ou menos acerto.

A cuestión neste caso, por centrala, está nese *debe*; que a RAE diga que *debe usarse Orense en textos no oficiais escritos en español*. Iso contradí á propia RAE. Eu, simplemente por aclarar dúas frases, dúas ideas, vou a dicir, eu non considero a Ourense nin estas formas dos topónimos galegos que sexan exónimos ao castelán. Compartimos a mesma área de influencia. E, así á inversa, eu non me vexo dicindo *o AVE para en Portochán*, é dicir, direi *para en Puertollano*; mantereirei a forma en castelán. Como tampouco me imaxino a ningún inglés, alá por Cádiz, preguntando polo Holy Mary`s Port, dirá o Puerto de Santa María, con máis ou menos acento. En fin, nós imos apoiar a moción.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** *bueno*, o pobo ten interiorizado Ourense, ao igual que outros topónimos, e dende logo temos que facer...Ourense é só un exemplo, desgraciadamente moitos xa desapareceron porque xa non existen fisicamente e só existen nesas persoas que tanto traballaron para documentalalo.

Nós usamos Ourense, identifícanos Ourense, identifícanos como pobo, identifícanos como cidadáns de aquí. A provincia de Ourense é a provincia de Ourense e nós vamos a seguir mantendo e vamos a apoiar a moción por iso. Ourense só é un exemplo de outro moitos topónimos que dun xeito impositivo desapareceron.

O da hipótese súa é igual que a hipótese que eu citei, posiblemente depende quen o diga. Tamén hai *auriense* do tema da auga, Ourense o gran lago termal. Polo tanto, estamos aí.

Nada máis e moitas grazas. Vamos apoiar a moción, entre outras cousas, porque Ourense é o que sentimos, é o que nos representa e, ademais, é un exemplo doutros pobos que desgraciadamente ao mellor fisicamente xa non están e que os seus topónimos foron dun xeito artificial eliminados ou cambiados por imposición e iso é o que o pobo galego non quere

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Si, moi breve, nós si entendemos que é unha falta de respecto. É unha falta de respecto por parte, neste caso, da RAE que é o obxecto da nosa moción porque a RAE, xa se insistiu aquí, non fala de... podería dicir, igual que recomenda que o topónimo en castelán é Orense, podería dicir que recomenda Ourense, ou non obrigar a nada e explicar que é o que pasa na norma. Pero non, ela fala claramente de que o topónimo debe dicirse Orense, co cal nós entendemos que é unha falta absoluta de respecto. Eu non me sinto con capacidade para traducirlle o nome á ningún pobo de Castilla, nin de ningún outro sitio de España. Entón, non entendo ese afán, neste caso da RAE recorrendo a argumentos que nós dende logo non compartimos, de traducirnos os nomes que nós os galegos decidimos dar aos noso pobos.

Porque, ao final, o que subxace debaixo de todo isto, do uso da lingua é esa visión excluín-te que teñen da diversidade e, neste caso, a RAE non é máis que un actor desa visión. É un modelo excluín-te que defende, estamos fartos de ver outros casos, que o español é a lingua de comunicación, é unha lingua universal e que calquera outra lingua do Estado español debe estar subordinada a ela e que debe prevalecer neste caso o criterio que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

nos impón, que nos trata de impoñer a RAE. Por iso, nós entendemos que si é unha falta de respecto e si que estamos totalmente lexitimados como institución para dirixirnos á RAE para que cumpra a legalidade vixente, para que cambie ese criterio. Se a lingua facémola entre todos e facémola os falantes, pois, dende logo, o primeiro paso para que isto cambie dende logo vai ser referirse á RAE e dirixirnos a eles para que cambien ese criterio e, a partir de agora, o criterio sexa que o único topónimo en calquera esfera para referirse a Ourense recomendado é Ourense. Dende logo, non hai ningún impedimento á hora de vocalizalo para ningún falante de castelán e legalmente, e sobre todo dende o punto de vista sentimental do que falabamos, os ourensáns é o topónimo co que queremos referirnos ao noso pobo e a nós mesmos. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Dirixírmonos a RAE para esixirlle que en cumprimento da legalidade vixente figure, para o seu uso, tanto na esfera do público como no privado, OURENSE como único topónimo recoñecido.

### **13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente anuncia que hai unha moción de urxencia da Presidencia relativa a aprobación do proxecto de modificación de créditos 1.2018 do orzamento corrente do Consorcio Provincial de Incendios, sometendo a votación a súa urxencia, que é aprobada por unanimidade. Seguidamente procédese ao tratamento do seguinte asunto:

### **13ªA.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/2018 (CE E SC) DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.-**

O Sr. vicesecretario expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente, simplemente para anunciar o sentido do noso voto que vai a ser en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** nós votaremos en contra tamén.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** eu vou a falar da anterior moción entón. Non. Simplemente anunciar que votaremos a favor.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13ªA da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13ªA](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourenzana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 1/2018 (crédito extraordinario e suplemento de crédito) do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento que de seguido se transcribe:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
136/62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte	320.000,00

**CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
136/62200	Servizo de prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións.	222.000,00
136/62900	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	6.000,00

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
136/21300	Servizo de prevención e extinción de incendios. Maquinaria, instalacións e utillaxe .	26.000,00
136/22706	Servizo de prevención e extinción de incendios. Estudos e traballos técnicos	50.000,00
136/22799	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	19.000,00

**RESUMO**

Suma suplementos de crédito .....	415.000,00 €
Suma créditos extraordinarios .....	228.000,00 €

**RECURSOS UTILIZADOS**

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>643.000,00 €</b>
--	---------------------

O detalle o destino dos gastos desta modificación orzamentaria.

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62400 Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte.**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
<b>136/62400</b>	Compra Bomba urbana pesada 4x4 para Parque Verín.	<b>320.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/622.00 Servizo de prevención e extinción de**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**incendios. Edificios e outras construcións.-**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
<b>136/62200</b>	Acometida de auga coa reposición do asfaltado para o Parque de A Limia	48.000,00 €
	Ampliación nave Parque A Limia	38.000,00 €
	Urbanización-adequación parcela prácticas Parque Carballiño	45.000,00 €
	Remate cerramento anexo nave Parque Verín	38.000,00 €
	Ampliación ximnasio Parque Carballiño	10.000,00 €
	Cambio de fiestras no Parque de Valdeorras	28.000,00 €
	Posta a punto rede eléctrica nos Parques	15.000,00 €
<b>TOTAL 136/62200</b>		<b>222.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62900** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
<b>136/62900</b>	Sinalización vertical nas estradas dos accesos aos Parques	<b>6.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/21300** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Maquinaria, instalacións e utillaxe.**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
<b>136/21300</b>	Para imprevistos	<b>26.000,00 €</b>

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22706** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Estudos e traballos técnicos**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
<b>136/22706</b>	Posta en marcha do grupo de Drons, gastos para supervisión técnica, permisos, licenzas	<b>50.000,00 €</b>

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22799** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.**

<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
<b>136/22799</b>	Reforzos para emerxencias	<b>19.000,00 €</b>

2º. De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente, unha vez aprobado inicialmente polo pleno da Deputación, será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**14º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO 1 DE XULLO DE 2018, NO QUE SE CORRIXEN ERROS MATERIAIS DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, APROBADA CON DATA 1 DE MARZO DE 2018 E SE INTEGRAN AS LIQUIDACIÓNS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS.-**

O Sr. presidente dá conta do decreto mencionado, quedando informados os membros da Corporación.

**15º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de xuño de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de abril e 1º de maio de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: mes de xuño de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de marzo, 2º de abril e 1º de maio de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xuño de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xuño de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

#### **16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Sr. presidente:** segundo dispón o regulamento, trataranse en primeiro lugar unha serie de preguntas do Grupo Socialista para ser formuladas e respondidas oralmente neste pleno ordinario. Ten a palabra en primeiro lugar a deputada do Grupo Socialista Susana Rodríguez.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza na que confirma a anulación dun concurso de persoal da Deputación de Ourense para ocupar 69 postos de traballo públicos. Os maxistrados confirmaron unanimemente que o goberno provincial do PP incumpriu a lei para adxudicar postos concretos a persoas concretas. Esta é al segunda ocasión na que a xustiza relata nunha sentenza irregularidades na contratación pública do actual goberno da Deputación Provincial. A miña pregunta é ¿por qué vulnerou o goberno provincial os principios de igualdade e non discriminación, segundo di a sentenza? Moitas grazas.

**Sr. presidente:** moi ben, a resposta é a seguinte, tanto do grupo provincial como o aval do informe dos servizos xurídicos desta institución. Con carácter previo, e co fin de evitar a relativa confusión neste asunto que se deduce dalgunhas frases utilizadas na pregunta, é conveniente aclarar as seguintes cuestións: 1º.- En primeiro lugar, a sentenza á que se alude anulou as bases dun concurso ordinario de provisión de postos de traballo, é dicir: dun procedemento exclusivamente interno entre persoal funcionario e laboral fixo da

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018**

Deputación, ao que legalmente non poden ter acceso persoas que no sexan empregados públicos provinciais e cuxo obxecto é asignar concretos postos de traballo dentro da Administración Provincial, posibilitando o traslado dos traballadores provinciais que o desexen dos seus actuais postos a outros postos dentro da mesma organización.

Por conseguinte, é totalmente incorrecto falar de que a Xustiza relata irregularidades na contratación pública do actual goberno. Simplemente, porque o concurso anulado non tiña por obxecto contratar a ninguén. Non se realizou ningunha contratación pública ao abeiro do concurso anulado, e polo tanto, malamente se puido cometer ningunha irregularidade ao respecto. 2º.- Tampouco é certo que, como se afirma na pregunta, os maxistrados confirman unanimemente que o goberno provincial incumpriu a Lei para adxudicar postos concretos a persoas concretas. En toda a sentenza non hai unha soa frase na que se afirme tal cousa. O que o Tribunal di é que a Deputación estableceu un requisito para participar no concurso que os maxistrados consideran ilegal (concretamente, o requisito de dispoñer os aspirantes da categoría profesional prevista na RPT para o posto ao que se concursa). Iso é todo. Establecer ese requisito – que se recolleu con carácter xeral – non implica incumprir a Lei para adxudicar postos concretos a persoas concretas, senón unicamente establecer que para cubrir os postos que saíron a concurso había que ter a categoría profesional prevista na RPT da Deputación. 3º.- A este respecto, o goberno provincial – con base no informado polos servizos xurídicos da propia Deputación – segue a considerar que, co debido respecto ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a sentenza é errónea. O que se afirma nesta sentenza obrigaría á Deputación a incumprir o establecido na RPT vixente, e a descoñecer por completo o sistema de escalas, subescalas, clases e categorías profesionais en que se basea o noso sistema de emprego público, con vulneración do establecido nos artigos 38.2 e 38.4.f), así como o artigo 90.4.b) da Lei de emprego público de Galicia, entre outras normas legais. Por este motivo, a Deputación presentará o oportuno recurso de casación, que esperamos sexa estimado. 4º.- Con independencia do anterior, e respecto deste concurso, deben destacarse os seguintes aspectos: - O concurso limitouse a esixir que para poder desempeñar os postos de traballo convocados, os aspirantes reunisen a categoría ou categorías profesionais previstas na RPT. Como é obvio, calquera empregado da Deputación non pode desempeñar calquera posto de traballo na Administración provincial. Un auxiliar administrativo, por exemplo, non pode ser capataz de brigada, e un chofer de

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018**

maquinaria non pode ser electricista no taller, do mesmo xeito que un arquitecto non pode desempeñar un posto de letrado, e viceversa. Por poñer outro exemplo, se trasladásemos a interpretación do Tribunal a outras administracións públicas, sería como pretender que os profesores de matemáticas de ensino secundario puidesen acceder a postos de profesor de lingua galega nos concursos de traslados. De aí a insistencia deste goberno – seguindo o criterio dos servizos xurídicos provinciais en todo momento – sobre o carácter erróneo da sentenza. - Os requisitos establecidos na convocatoria – a pertenza á categoría ou categorías profesionais correspondente a cada posto – son estritamente os establecidos na RPT aprobada no seu día, sen que entón ningún sindicato, empregado público ou grupo político da Corporación manifestase a menor obxección ao respecto. - Non consta tampouco que ningún empregado público provincial se sentise discriminado por estes requisitos. Cabe destacar que na tramitación do concurso se formularon varios recursos de reposición de empregados provinciais contra as valoracións efectuadas, e que algúns deles incluso se estimaron parcialmente. Pero en ningún caso se rexistrou nin unha soa reclamación referida ao requisito agora anulado polos tribunais. - Doutra parte, cómpre destacar que, curiosamente, o concurso de provisión de postos de traballo do ano 2016 eliminou a valoración como mérito da prestación de servizos en postos idénticos ou semellantes ao convocado (mérito que se valoraba en concursos anteriores) limitando a valoración á formación e á antigüidade (esta última, sen distinción entre postos e incluso sen distinción entre servizos prestados no sector privado e no sector público). É dicir: trátase en realidade dun concurso enormemente aberto en canto á valoración dos méritos, na que o feito de ter desempeñado previamente o posto convocado en réxime de comisión de servizos ou adscrición provisional se valoraba con cero puntos. Por tanto, as acusacións de que o concurso estaba orientado a reservar os postos convocados a persoas concretas son totalmente infundadas. - É certo que un alto número de postos convocados quedaron desertos. Pero a razón non reside nos requisitos que fixou o concurso, senón no feito de que, dunha banda, e debido ás restricións legais ás ofertas de emprego público dos derradeiros anos, na Deputación hai máis postos que prazas, dado que as prazas vacantes non puideron ser cubertas na súa maioría; e, sen segundo lugar, gran parte dos postos convocados eran postos de base, co que non resultaban atractivos para os empregados públicos provinciais, que na maioría dos casos xa dispoñían de postos en propiedade con

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

iguais ou superiores retribucións. - En resumo: a Deputación limitouse a cumprir o previsto na Lei e na RPT, seguindo os criterios dos servizos xurídicos provinciais. Á vista da sentenza, existe unha disparidade en canto á interpretación dunha concreta cuestión legal entre os servizos xurídicos provinciais e o Tribunal Superior de Xustiza, e cremos que, honradamente, existen motivos de peso para considerar que a razón asiste neste caso aos nosos servizos xurídicos. Entendemos que nun Estado de Dereito a forma de resolver estas discrepancias é interpoñer os recursos legalmente previstos, e así o faremos. Iso é todo, e calquera outra lectura dos feitos en clave política está, simplemente, fóra da realidade e fóra de lugar. Entrando á concreta pregunta que formula a deputada provincial, a sentenza considera que a Deputación Provincial vulnerou os principios de igualdade e non discriminación por esixir que para acceder a un posto de traballo se teña a categoría ou categorías profesionais esixidas na RPT aprobada no seu día. Como xa se dixo, o goberno provincial e os servizos xurídicos da Deputación non comparten esta opinión do Tribunal e recorreremos en casación. Segunda pregunta do Grupo Socialista do deputado provincial Miguel Bautista Carballo.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** dada a hora que é e como foi tan cumprida a resposta (e moito nos tememos que nos vaia responder algo semellante en todas elas) damos por feitas todas as preguntas englobadas dentro desa resposta. Moitas grazas. Iso si, gustaríanos que o que leu nolo fixese chegar por escrito.

**Sr. presidente:** absolutamente. Moitas grazas. Algunha outra pregunta? O BNG algunha pregunta? Democracia Ourensana? Grupo Socialista. Si.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** grazas Sr. presidente. Só unha aclaración se me permiten todos os deputados e as deputadas e o Sr. presidente para o Sr. Plácido. Unha aclaración, a asociación de veciños é Asociación de Veciños San Paio dos Pitos, non de Pitos, senón San Paio dos Pitos. O que quería dicir é que esta asociación (unha aclaración sobre o tema) é que esta asociación hai máis de dous anos que solicitou a axuda para o arranxo do centro social e que despois de dous anos longos se lle concede e se lle concede ao Concello de Ramirás. Entón, está ben que había que facer este cambio de titular da percepción da axuda, posto que o centro social non é do concello, senón que é da Asociación de San Paio dos Pitos. Nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

**Sr. presidente:** entendéndoo como un rogo, tomamos nota dese rogo. Algunha outra pregunta? Democracia Ourensana.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana:** xa que falou a deputada do PSOE de San Paio dos Pitos, eu tamén dicirlle ao Sr. Plácido que non é Coiña senón que é Coiñás, xa por rizar o rizo.

**Sr. presidente:** si ten a palabra.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** eu xa postos a que cada un fale do seu libro eu agradezo enormemente e publicamente que o meu partido me relevara de portavoz, porque *sinceiramente* vou acabar esta legislatura tendo un máster destes que son presenciais en medicina, en física e química, en lectura comprensiva e en todo o que *conlevan* outras cuestións que eran máis *terrenales* cando un exercía de portavoz. Dito isto, e falando de cuestións *terrenales* que si, polo menos para o concello que me fai chegar esta petición, pois si que son importantes, non. Hai un acordo da Xunta, e leo textualmente, que di que en cumprimento da dita regulación (refírome aos lumes que aconteceron neste pasado, case finais, do verán, ou xa era máis próximo ao outono que ao verán, concretamente o 15 e 16 de outubro) se di que a Xunta de Galicia ten previsto asumir o 50% do custo de reposición dos danos declarados, así como dos gastos extraordinarios realizados para extinción dos lumes do días, como dixen, 15 e 16 de outubro, mediante a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración e todo isto sen prexuízo das contías que no seu caso estaban dispostas a financiar as restantes administracións competentes (deputacións provinciais e Delegación do Goberno en Galicia) co obxectivo de chegar ao 100% das subvencións dos ditos gastos. Como o Sr. presidente non ten a ben recibir ao alcalde da localidade de Carballeda de Avia eu lle quero preguntar se a Deputación vai facer *aportación* en vistas de que hai un acordo que se vai subscribir (ou creo que se non era no día de hoxe xa vai ser subscrito) por parte da Xunta de Galicia e que como ben di este escrito da Xunta de Galicia, no mes de setembro, que é cando se preparan os orzamentos nesta casa (en agosto e se traen en setembro) se vai haber unha partida dedicada a este tipo de problemática da que falaba. E despois, no mesmo sentido, tamén preguntarlle ao Sr. presidente, que nos últimos doce anos a Deputación Provincial ten que proceder á reparación dunha vía nese municipio, e que hai un acordo unánime da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xullo de 2018</b>
---

Corporación para que así sexa, entón se se vai acometer, concretamente na OU-306, que é de titularidade provincial. Nada máis e moitas grazas.

**Sr. presidente:** respostaráselle por escrito.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** os veciños de San Paio dos Pitos, dos Pito, quede claro, Coinás tamén, e sobre todo tamén ao Sr. Pérez Jácome que segue co náutico e o acuático, queda no acuático, entón desculpas a todos e para outro día teño que mover mellor a lingua. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** xa que retiramos as nosas preguntas eu quero tamén un rogo, un rogo non un desexo, moi boas vacacións a todos os que as collan agora en agosto, tanto se as van *disfrutar* por medios terrestres, acuáticos ou aéreos, ou incluso *extraplanetarios* que de todo hai. Moi boas vacacións a todos.

**Sr. presidente:** sumámonos a ese desexo. Moitas grazas e boas tardes.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#).

E, ás 15.05 horas do día 27 de xullo de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**